

DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

XII lexislatura
Serie Pleno
Número 75

Sesión plenaria
3 de decembro de 2025

Presidencia de Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA (continuación)

Punto 5. Propositions non de lei

5.1 37437 (12/PNP-002739)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Castro García, Daniel e dous deputados/as máis

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co fin de que consigne nos orzamentos de 2026 as partidas necesarias para rematar a construción da vía de alta capacidade Costa Norte

Publicación da iniciativa, BOPG nº 276, do 29.10.2025

5.2 37586 (12/PNP-002752)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Hermelo Piñeiro, María Dolores e oito deputados/as máis

Sobre a demanda á Xunta de Galicia da elaboración e avaliación dun estudo técnico respecto das necesidades da comarca do Morrazo en canto aos servizos de atención sanitaria continuada e urxente

Publicación da iniciativa, BOPG nº 279f1, do 05.11.2025

5.3 37701 (12/PNP-002760)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Vázquez Suárez, Cecilia e catorce deputados/as máis

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que avance no desenvolvemento de ferramentas que garantan a neutralidade ideolóxica nas actividades dos centros de ensino

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 276, do 29.10.2025

5.4 38461 (12/PNP-002826)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e dous deputados/as máis

Sobre diversas medidas que a Xunta de Galicia debe adoptar para asegurar a continuidade e a calidade asistencial dos servizos de pediatría, obstetricia e urxencias do Hospital Comarcal de Valdeorras

Publicación da iniciativa, BOPG nº 286f2, do 19.11.2025

5.5 38484 (12/PNP-002829)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia

Sobre a demanda ao Goberno galego da realización dunha avaliación urxente verbo da dotación dos centros educativos públicos galegos de persoal coidador e de profesorado de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe

Publicación da iniciativa, BOPG nº 286f2, do 19.11.2025



5.6 38724 (12/PNP-002859)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e seis deputados/as máis**

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co fin de que rexeite o plan industrial de Altri e desenvolva como alternativa plans de investimentos nos sectores económicos estratéxicos das comarcas afectadas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 286f2, do 19.11.2025

Punto 6. Interpelacións**6.1 34268 (12/INT-001236)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Insua Lema, Óscar e Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago**

Sobre os obxectivos do Goberno galego no que concirne á actualización da normativa en relación coa Administración local e co modelo de financiamento dos concellos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 260f2, do 25.09.2025

6.2 34662 (12/INT-001258)**Grupo Parlamentario Socialista de Galicia****Iglesias Rey, Patricia e Méndez López, Lara**

Sobre o rigor da avaliación do impacto medioambiental e socioeconómico na tramitación dos plans industriais estratéxicos (PIE) promovidos polo Goberno galego

Publicación da iniciativa, BOPG nº 263f2, do 01.10.2025

6.3 38717 (12/INT-001422)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e dous deputados/as máis**

Sobre as valoracións e declaracións que está a facer o Goberno galego verbo das resolucións do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia relacionadas co sector eólico

Publicación da iniciativa, BOPG nº 286f2, do 19.11.2025

Punto 7. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia**7.1 39286 (12/POPX-000063)****Grupo Parlamentario Socialista de Galicia****Gómez Besteiro, José Ramón**

Sobre as previsións do Goberno galego en relación co enfoque que lles está a dar ás súas políticas de benestar

Publicación da iniciativa, BOPG nº 290f2, do 26.11.2025

7.2 39287 (12/POPX-000064)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana Belén**

Sobre a situación da vivenda protexida

Publicación da iniciativa, BOPG nº 290f2, do 26.11.2025



Punto 8. Preguntas ao Goberno

8.1 35531 (12/POP-005149)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e López Font, Carlos

Sobre as medidas que prevé tomar a Xunta de Galicia para garantir a suficiencia de prazas de autobús desde Carballo ata A Coruña

Publicación da iniciativa, BOPG nº 265f2, do 8.10.2025

8.2 39282 (12/PUP-000173)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Méndez López, Lara e Iglesias Rey, Patricia

Sobre a capacidade orzamentaria dos concellos galegos ante o progresivo aumento das súas competencias

Publicación da iniciativa, BOPG nº 290f2, do 26.11.2025

8.3 35660 (12/POP-005157)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Golpe Acuña, José Manuel e dous deputados/as máis

Sobre a política de protección do Parque Natural das Fragas do Eume por parte da Xunta de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 268f3, do 15.10.2025

8.4 38768 (12/POP-005517)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Chao Rivas, Saleta e Fernández Davila, María Cristina

Sobre as demandas da comunidade educativa do CEIP Monte dos Postes, de Santiago de Compostela, relativas á dotación deste centro de profesorado especialista e persoal coidador

Publicación da iniciativa, BOPG nº 287f1, do 20.11.2025

8.5 37777 (12/POP-005379)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Rodríguez, Raquel e oito deputados/as máis

Sobre a información facilitada polo Goberno central á Xunta de Galicia verbo do alcance dos fallos detectados en Galicia nas pulseiras antimaltrato de prevención da violencia de xénero

Publicación da iniciativa, BOPG nº 279f2, do 05.11.2025

8.6 38792 (12/POP-005520)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Méndez López, Lara e dous deputados/as máis

Sobre a posibilidade de impulsar un convenio entre o Concello de Foz e o IGVS para construír vivenda de alugueiro social nunha parcela previamente adquirida pola Administración local desa vila

Publicación da iniciativa, BOPG nº 287f1, do 20.11.2025



8.7 39284 (12/PUP-000174)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Carreira Pazos, Iria**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia ante os problemas da sanidade galega no ámbito da atención primaria

Publicación da iniciativa, BOPG nº 290f2, do 26.11.2025

8.8 29372 (12/POP-004397)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Viso Diéguez, Miguel Ángel e oito deputados/as máis**

Sobre o plan que o Goberno galego prevé implantar nesta nova lexislatura para o fomento da remuda xeracional no medio rural

Publicación da iniciativa, BOPG nº 228, do 05.08.2025

8.9 30693 (12/POP-004588)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Fidalgo Iglesias, Miguel e oito deputados/as máis**

Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia respecto da previsión de fondos europeos pesqueiros na proposta do Marco financeiro plurianual 2028-2034

Publicación da iniciativa, BOPG nº 238f2, do 20.08.2025



SUMARIO

Retómase a sesión ás dez e cinco minutos da mañá.

Pregunta ao presidente da Xunta de Galicia do deputado José Ramón Gómez Besteiro, do G. P. Socialista de Galicia, sobre as previsións do Goberno galego en relación co enfoque que lles está a dar ás súas políticas de benestar. (Punto sétimo da orde do día)

Intervención do autor: *José Ramón Gómez Besteiro (S).* (Páx. 12.)

O presidente do Parlamento intervén para facer unha aclaración respecto da necesidade de adecuación da intervención ao tema da pregunta que foi formulada. (Páx. 13.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Alfonso Rueda Valenzuela.* (Páx. 13.)

Réplica do autor: *José Ramón Gómez Besteiro (S).* (Páx. 14.)

O presidente do Parlamento intervén de novo para facer unha aclaración respecto da necesidade de se cingir ao tema das preguntas. Así mesmo, lembra que é unha facultade da Presidencia chamar á cuestión por saírse do tema tratado. (Páx. 15.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Alfonso Rueda Valenzuela.* (Páx. 15.)

Pregunta ao presidente da Xunta de Galicia da deputada Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a situación da vivenda protexida. (Punto sétimo da orde do día)

Intervención da autora: *Ana Belén Pontón Mondelo (BNG).* (Páx. 16.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Alfonso Rueda Valenzuela.* (Páx. 17.)

Réplica da autora: *Ana Belén Pontón Mondelo (BNG).* (Páx. 19.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Alfonso Rueda Valenzuela.* (Páx. 20.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa da deputada Cecilia Vázquez Suárez e catorce deputados/as máis, sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que avance no desenvolvemento de ferramentas que garantan a neutralidade ideolóxica nas actividades dos centros de ensino. (Punto quinto da orde do día)

O presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 22.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Carmen María Pomar Tojo (P).* (Páx. 23.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: *Olalla Rodil Fernández (BNG).* (Páx. 25.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Aitor Bouza Manso (S).* (Páx. 28.)

A deputada Carmen María Pomar Tojo (P) intervén para se posicionar respecto da emenda. (Páx. 31.)



Proposición non de lei do G. P. Socialista de Galicia, por iniciativa da deputada María del Carmen Rodríguez Dacosta e dous deputados/as máis, sobre diversas medidas que a Xunta de Galicia debe adoptar para asegurar a continuidade e a calidade asistencial dos servizos de pediatría, obstetricia e urxencias do Hospital Comarcal de Valdeorras. (Punto quinto da orde do día)

O presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 32.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *María del Carmen Rodríguez Dacosta (S).* (Páx. 33.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: *Secundino Fernández Fernández (BNG).* (Páx. 36.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Armando Ojea Bouzo (M)* (Páx. 38.) e *María Encarnación Amigo Díaz (P)* (Páx. 40.).

A deputada María del Carmen Rodríguez Dacosta (S) intervén para se posicionar respecto da emenda. (Páx. 43.)

Proposición non de lei do G. P. Socialista de Galicia, por iniciativa do deputado Aitor Bouza Manso e da deputada Silvia Longueira Castro, sobre a demanda ao Goberno galego da realización dunha avaliación urxente verbo da dotación dos centros educativos públicos galegos de persoal coidador e de profesorado de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe. (Punto quinto da orde do día)

O presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 44.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Aitor Bouza Manso (S).* (Páx. 44.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: *María Cristina Fernández Davila (BNG).* (Páx. 47.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *(Armando Ojea Bouzo, do G. P. Mixto, renuncia á súa quenda de intervención.)* (Páx. 50.), *Cecilia Vázquez Suárez (P)* (Páx. 50.).

O deputado Aitor Bouza Manso (S) intervén para se posicionar respecto da emenda. (Páx. 52.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do deputado Xosé Luís Bará Torres e seis deputados/as máis, sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co fin de que rexeite o plan industrial de Altri e desenvolva como alternativa plans de investimentos nos sectores económicos estratéxicos das comarcas afectadas. (Punto quinto da orde do día)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Xosé Luís Bará Torres (BNG).* (Páx. 53.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *(Armando Ojea Bouzo, do G. P. Mixto, renuncia á súa quenda de intervención.)* (Páx. 55.), *Lara Méndez López (S)* (Páx. 55.) e *Rubén Lorenzo Gómez (P)* (Páx. 58.).

Nova intervención do deputado Xosé Luís Bará Torres (BNG). (Páx. 61.)



Votación das proposicións non de lei

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do deputado Daniel Castro García e dous deputados/as máis, sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co fin de que consigne nos orzamentos de 2026 as partidas necesarias para rematar a construción da vía de alta capacidade Costa Norte: *rexeitada por 33 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 62.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa da deputada María Dolores Hermelo Piñeiro e oito deputados/as máis, sobre a demanda á Xunta de Galicia da elaboración e avaliación dun estudo técnico respecto das necesidades da comarca do Morrazo en canto aos servizos de atención sanitaria continuada e urxente: *aprobada por 38 votos a favor, 32 votos en contra e unha abstención.* (Páx. 63.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa da deputada Cecilia Vázquez Suárez e catorce deputados/as máis, sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que avance no desenvolvemento de ferramentas que garantan a neutralidade ideolóxica nas actividades dos centros de ensino: *aprobada por 38 votos a favor, 32 votos en contra e unha abstención.* (Páx. 63.)

O presidente comunica que se acepta a transacción sobre a emenda do Bloque Nacionalista Galego para a seguinte proposición non de lei, ao que un deputado ou deputada responde afirmativamente. (Páx. 64.)

Votación do texto autoemendado e transaccionado da Proposición non de lei do G. P. Socialista de Galicia, por iniciativa da deputada María del Carmen Rodríguez Dacosta e dous deputados/as máis, sobre diversas medidas que a Xunta de Galicia debe adoptar para asegurar a continuidade e a calidade asistencial dos servizos de pediatría, obstetricia e urxencias do Hospital Comarcal de Valdeorras: *rexeitada por 33 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 64.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. Socialista de Galicia, por iniciativa do deputado Aitor Bouza Manso e da deputada Silvia Longueira Castro, sobre a demanda ao Goberno galego da realización dunha avaliación urxente verbo da dotación dos centros educativos públicos galegos de persoal coidador e de profesorado de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe: *rexeitada por 33 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 64.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do deputado Xosé Luís Bará Torres e seis deputados/as máis, sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co fin de que rexeite o plan industrial de Altri e desenvolva como alternativa plans de investimentos nos sectores económicos estratéxicos das comarcas afectadas: *rexeitada por 33 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 65)



Interpelación dos deputados Óscar Insua Lema e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre os obxectivos do Goberno galego no que concirne á actualización da normativa en relación coa Administración local e co modelo de financiamento dos concellos. (Punto sexto da orde do día)

Intervención do autor: *Óscar Insua Lema (BNG)*. (Páx. 65.)

Resposta da Xunta: *conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (Diego Calvo Pouso)*. (Páx. 69.)

Réplica do autor: *Óscar Insua Lema (BNG)*. (Páx. 72)

Réplica da Xunta: *conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (Diego Calvo Pouso)*. (Páx. 74.)

Suspéndese a sesión á unha e cincuenta e dous minutos da tarde e retómase ás catro. (Páx. 76.)

Interpelación das deputadas Patricia Iglesias Rey e Lara Méndez López, do G. P. Socialista de Galicia, sobre o rigor da avaliación do impacto ambiental e socioeconómico na tramitación dos plans industriais estratéxicos (PIE) promovidos polo Goberno galego. (Punto sexto da orde do día)

Intervención da autora: *Lara Méndez López(S)*. (Páx. 76)

Resposta da Xunta: *conselleira de Economía e Industria (María Jesús Lorenzana Somoza)*. (Páx. 79.)

Réplica da autora: *Lara Méndez López (S)*. (Páx. 82.)

Réplica da Xunta: *conselleira de Economía e Industria (María Jesús Lorenzana Somoza)*. (Páx. 84.)

Interpelación do deputado Xosé Luís Bará Torres e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as valoracións e declaracións que está a facer o Goberno galego verbo das resolucións do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia relacionadas co sector eólico

Intervención do autor: *Xosé Luís Bará Torres(BNG)*. (Páx. 86.)

Resposta da Xunta: *conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático (Ángeles Vázquez Mejuto)*. (Páx. 89.)

Réplica do autor: *Xosé Luís Bará Torres(BNG)*. (Páx. 92.)

Réplica da Xunta: *conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático (Ángeles Vázquez Mejuto)*. (Páx. 94.)

Alteración da orde do día

A presidenta (María Elena Candia López) comunica unha alteración da orde do día consistente no aprazamento dunha pregunta do Grupo Parlamentario Socialista de Galicia que figuraba na orde do día. (Páx. 96.)



Pregunta das deputadas Lara Méndez López e Patricia Iglesias Rey, do G. P. Socialista de Galicia, sobre a capacidade orzamentaria dos concellos galegos ante o progresivo aumento das súas competencias. (Punto oitavo da orde do día)

Intervención da autora: *Lara Méndez López (S)*. (Páx. 96.)

Contestación da Xunta: *conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (Diego Calvo Pouso)*. (Páx. 97.)

Réplica da autora: *Lara Méndez López (S)*. (Páx. 98.)

Réplica da Xunta: *conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (Diego Calvo Pouso)*. (Páx. 99.)

Pregunta do deputado José Manuel Golpe Acuña e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a política de protección do Parque Natural das Fragas do Eume por parte da Xunta de Galicia. (Punto oitavo da orde do día)

Intervención do autor: *José Manuel Golpe Acuña (BNG)*. (Páx. 100.)

Contestación da Xunta: *conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático (Ángeles Vázquez Mejuto)*. (Páx. 102.)

Réplica do autor: *José Manuel Golpe Acuña (BNG)*. (Páx. 103.)

Réplica da Xunta: *conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático (Ángeles Vázquez Mejuto)*. (Páx. 104.)

Pregunta das deputadas Saleta Chao Rivas e María Cristina Fernández Davila, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as demandas da comunidade educativa do CEIP Monte dos Postes, de Santiago de Compostela, relativas á dotación deste centro de profesorado especialista e persoal coidador. (Punto oitavo da orde do día)

Intervención da autora: *Saleta Chao Rivas (BNG)*. (Páx. 105.)

Contestación da Xunta: *conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (Román Rodríguez González)*. (Páx. 107.)

Réplica da autora: *Saleta Chao Rivas (BNG)*. (Páx. 108.)

Réplica da Xunta: *conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (Román Rodríguez González)*. (Páx. 109.)

Pregunta da deputada Raquel Arias Rodríguez e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a información facilitada polo Goberno central á Xunta de Galicia verbo do alcance dos fallos detectados en Galicia nas pulseiras antimaltrato de prevención da violencia de xénero. (Punto oitavo da orde do día)

Intervención da autora: *Raquel Arias Rodríguez (P)*. (Páx. 110.)

Contestación da Xunta: *conselleira de Política Social e Igualdade (Fabiola García Martínez)*. (Páx. 112.)

Réplica da autora: *Raquel Arias Rodríguez (P)*. (Páx. 112.)

Réplica da Xunta: *conselleira de Política Social e Igualdade (Fabiola García Martínez)*. (Páx. 113.)



Pregunta da deputada Lara Méndez López e dous deputados/as máis, do G. P. Socialista de Galicia, sobre a posibilidade de impulsar un convenio entre o Concello de Foz e o IGVS para construír vivenda de alugueiro social nunha parcela previamente adquirida pola Administración local desa vila. (Punto oitavo da orde do día)

Intervención da autora: *Lara Méndez López (S)*. (Páx. 114.)

Contestación da Xunta: *conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas (María Martínez Allege)*. (Páx. 115.)

Réplica da autora: *Lara Méndez López (S)*. (Páx. 116.)

Réplica da Xunta: *conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas (María Martínez Allege)*. (Páx. 117.)

Pregunta da deputada Iria Carreira Pazos, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións da Xunta de Galicia ante os problemas da sanidade galega no ámbito da atención primaria. (Punto oitavo da orde do día)

Intervención da autora: *María Montserrat Prado Cores (BNG)*. (Páx. 118.)

Contestación da Xunta: *conselleiro de Sanidade (Antonio Gómez Caamaño)*. (Páx. 119.)

Réplica da autora: *María Montserrat Prado Cores (BNG)*. (Páx. 120.)

Réplica da Xunta: *conselleiro de Sanidade (Antonio Gómez Caamaño)*. (Páx. 121.)

Pregunta de Miguel Ángel Viso Diéguez e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre o plan que o Goberno galego prevé implantar nesta nova lexislatura para o fomento da remuda xeracional no medio rural. (Punto oitavo da orde do día)

Intervención da autora: *Nicole Grueira Fernández (P)*. (Páx. 122.)

Contestación da Xunta: *conselleira do Medio Rural (María José Gómez Rodríguez)*. (Páx. 123.)

Réplica da autora: *Nicole Grueira Fernández (P)*. (Páx. 124.)

Réplica da Xunta: *conselleira do Medio Rural (María José Gómez Rodríguez)*. (Páx. 215.)

Pregunta do deputado Miguel Fidalgo Iglesias e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia respecto da previsión de fondos europeos pesqueiros na proposta do Marco financeiro plurianual 2028-2034. (Punto oitavo da orde do día)

Intervención do autor: *Miguel Fidalgo Iglesias (P)*. (Páx. 126.)

Contestación da Xunta: *conselleira do Mar (Marta Villaverde Acuña)*. (Páx. 127.)

Réplica do autor: *Miguel Fidalgo Iglesias (P)*. (Páx. 128.)

Réplica da Xunta: *conselleira do Mar (Marta Villaverde Acuña)*. (Páx. 129.)

Remata a sesión ás seis e cincuenta minutos da tarde.



Retómase a sesión ás dez e cinco minutos da mañá.

O PRESIDENTE: Bos días.

Reanudamos a sesión co punto 7º da orde do día, preguntas para resposta oral do presidente da Xunta.

Pregunta ao presidente da Xunta de Galicia do deputado José Ramón Gómez Besteiro, do G. P. Socialista de Galicia, sobre as previsións do Goberno galego en relación co enfoque que lles está a dar ás súas políticas de benestar

O PRESIDENTE: Cando queira.

JOSÉ RAMÓN GÓMEZ BESTEIRO: Moi ben, moitas grazas, señor presidente.

Bos días a todos e a todas.

Señor Rueda, Altri é o seu proxecto persoal. Hoxe é un fracaso, por tanto é o seu fracaso persoal. Abriuulle as portas, deulle todo tipo de bendicións, despregou a alfombra vermella, ata firmaron un pacto entre os promotores do proxecto e a sociedade Galicia Impulsa, esa sociedade que no mes de agosto, con aleivosía e nocturnidade, disolveron vostedes, acordaron algo que non coñecemos.

Vostedes consideran que os representantes de todos os galegos e de todas as galegas non teñen por que coñecer ese acordo; nosoutros consideramos que si; e ábrese unha dúbida razoable sobre ese acordo: se se comprometen os intereses de Galicia, se se compromete diñeiro público. En definitiva, cremos que se debe saber. É un exemplo dunha falta de transparencia total, dunha total opacidade. ¿Por que hoxe non é accesible na web da Xunta de Galicia o proxecto de Altri? Seguramente porque vostede daría ordes de que así fora.

E todo iso por un proxecto que non se sostén; non se sostén medioambientalmente, non se sostén esa declaración medioambiental favorable —hoxe papel mollado na práctica—, non respectan o principio de non dano significativo —o cal lle abriría as portas aos fondos europeos—, non se sostén economicamente —o PERTE de economía foi rexeitado, o PERTE de descarbonización non obtivo axudas por parte da empresa—. Esa aposta multimillonaria de 250 millóns que dicía a empresa que tiña que recibir para que o proxecto fora viable non a recibiu; por tanto, entendemos que non é viable, tal e como manifestaron os responsables desa empresa.

E, finalmente, tampouco recibiron fondos de Europa do Innovation Fund, do Fondo de Innovación; por tanto, non parece que tampouco apunte moito en innovación. Recibiron unha palmada, iso si, pero euros cero.

Tampouco socialmente é un proxecto que se sostén. ¿Onde van aqueles 2.500 traballadores que nos prometían alá polo ano 2021?



E agora tecnicamente tampouco é solvente porque está desconectado da rede eléctrica. Non Galicia, nin Lugo; Altri é o único que está desconectado desa rede eléctrica.

E durante todo este proceso de tramitación deste proxecto de macrocelulosa o dique de contención e de fronte a ese proxecto foron os socialistas e as socialistas galegos e españois, nese sentido. E agora parece que van alegar contra un proxecto que nin Galicia merece nin Galicia necesita; van alegar contra o proxecto de ampliación da rede eléctrica. Ben, eu creo —e créame que en algo disto parece que vou acertando— que esa alegación vai a ningures; esa alegación para salvar o soldado Altri vai camiño de ningures.

Chegamos ao momento, señor Rueda, onde hai que decidir, onde hai que resolver sobre ese expediente, onde hai que tomar decisións. E un proxecto que está baleiro, un proxecto que está morto, un proxecto que non é conectable á rede eléctrica non é un proxecto que sexa autorizable.

A política vai de tomar decisións, señor Rueda, tamén cando son difíciles, e vostede leva meses evitando facelo. Por iso, se vostede non ten o valor de denegar o proxecto de Altri, estará cometendo non soamente un erro político, senón que estará raiando claramente coa prevaricación. *(Aplausos.)*

(Murmurios.)

O PRESIDENTE: Señor Besteiro, vaime perdoar, pero eu aquí teño redactada a pregunta como as políticas de benestar. *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Quero dicir, ao mellor houbo un erro; ao mellor houbo un erro na cuestión e non era esa, querían pór esa pero trabucouse e puxeron outra —digo eu—, porque a pregunta é políticas de benestar. Entón, señor presidente, resposte, a ver o que pode responder. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, non, eu doulle a palabra ao presidente, que é ao que lle corresponde, *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* pero é que o asunto foi como foi, entón imos ver o que pasa agora aquí. Señor presidente, vostede enfoque como vexa a cuestión. *(Risos.) (Murmurios.)*

Cando queira.

O PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Alfonso Rueda Valenzuela): Bos días, señor presidente.

Señor Besteiro, *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* isto é unha broma. Señor presidente, vou ler a pregunta que me fixo o señor Besteiro, podendo facer calquera pregunta; calquera pregunta rexistrada eu coñézoa dende a semana pasada e polo tanto este mecanismo permite tanto ao Goberno, neste caso a min mesmo, preparar a resposta, como é a miña obriga, e a vostede, en teoría, preparar a pregunta, *(Risos.)* pero resulta que eu preparei a resposta e vostede, unha semana máis, nin sequera sabe o que me pregunta, señor Besteiro, nin sequera sabe o que me pregunta. *(Aplausos.) (Murmurios.)* Polo tanto, eu non sei se é que xa pasa de todo, que todo lle dá igual, que lle dá igual o benestar dos galegos, porque vostede pregunta «se teño previsto mudar as miñas políticas de benestar debido aos evidentes problemas e protestas que amosan os resultados». É a literalidade da pregunta, e todo o mundo puido contemplar o que me preguntou e sobre todo puido constatar que a vos-



tede o benestar dos galegos non lle importa absolutamente nada. (*Aplausos.*) Quero pensar que cando menos lle importaba ao que lle redactou a pregunta, pero non conseguiu que vos- tede a lera, señor Besteiro.

Polo tanto, eu, simplemente, señor presidente, podería dicir que isto incluso é unha... —non sei como cualificar isto—, pero non pasa nada. Se, como pareceu quedar constatado na súa primeira intervención, ao señor Besteiro o benestar dos galegos non lle importa absoluta- mente nada, non teño ningún problema na réplica en falar de Altri, que parece ser que lle importa bastante máis.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, señor Besteiro.

JOSÉ RAMÓN GÓMEZ BESTEIRO: Ben, moi ben, pois vouno centrar entón na pregunta, (*Pro- núncianse palabras que non se perciben.*) máis que nada porque é igual o que se lle pregunte —unha pregunta específica ou unha xenérica—, que vostede non contesta. (*Aplausos.*) (*Mur- murios.*) Pero ben, voulle dar dous criterios que son os que tomamos nós para formularlle as preguntas. Un: que a pregunta responda aos intereses dos galegos e das galegas; creo que este é evidente. E, en segundo lugar, mire, cando se formulan as preguntas de control ao presidente, as preguntas tamén teñen que ir dirixidas a un presidente que non necesita armarse de documentación.

Sobre este tema (*Murmurios.*) vostede teno que ter absolutamente na cabeza, é dicir, por iso lle pregunto. Na sesión plenaria anterior pregunteille polos principios —sobre iso non fai falta consultar aos asesores— e agora pregúntolle por Altri, e realmente creo que iso non necesita que teña unha morea de asesores e de documentación. Por tanto, eses son os dous criterios aos que responde a miña pregunta falando do benestar industrial sostible deste país. (*Aplausos.*)

Mire, pregúntolle e aclárolle, porque mire, hai dous meses a Xunta de Galicia dicía que ad- mitía que sen conexión eléctrica a planta de Altri «se tambalea» —isto hai dous meses, non hai dous anos—; dicía: «pola falta de enganche, non hai cabida para o proxecto». Ese mesmo día, e utilizando a páxina web (*O deputado José Ramón Gómez Besteiro amosa un docu- mento.*) da Xunta de Galicia dicía: «A Xunta de Galicia móstrase razoablemente satisfeita coa proposta da nova planificación eléctrica para Galicia; asegura que atende ás demandas feitas pola Xunta de Galicia para as provincias da Coruña, Ourense e Pontevedra».

Dígoos porque, dito isto, a miña argumentación baséase fundamentalmente no que vostedes tamén dixeron: sen esa conexión eléctrica, o proxecto tambaléase. ¿Si ou non? ¿Ou cambia- mos de opinión agora, ou é que antonte dicimos non, non, isto ten nulo impacto? En se- tembro era un proxecto perfecto para as provincias da Coruña, Pontevedra e Ourense, menos para Lugo, e, como xa dixen antes, o que se desconecta é o proxecto de Altri. E ¿sabe por que? Porque vostedes non foron capaces de presentar un proxecto industrial viable (*Aplau- sos.*) para esa provincia en dezasete anos, só presentaron o de Altri.



Por tanto, hai capacidade enerxética, o que non hai é iniciativa por parte da Xunta de Galicia. Mire, a cuestión está clara: sen conexión eléctrica, ese proxecto non se pode autorizar, e vostede debe tomar a decisión de resolver, porque a decisión, a resolución dese expediente, vai ser persoal, política, pero tamén persoal de vostede, señor presidente da Xunta. (*Murmurios.*) Terá que denegar ese proxecto cando ese proxecto non é autorizable, porque non ten conexión eléctrica, e, se non, tomará unha decisión inxusta, e vostede sabe que o é. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Volvemos estar na mesma. (*Risos.*) (*Murmurios.*) Pero, claro, é que isto... Imos ver. É que eu prégoles a todos vostedes que cando teñan que facer as preguntas... Ao presidente dun parlamento tampouco se lle pode estar tensionando constantemente. Hai un artigo, que é o artigo 104, que di que o presidente poderá chamar á cuestión, ou sexa, se alguén se vai fóra do tema. É que aquí non se foi ninguén fóra do tema, é que non se entrou. (*Risos.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) E, entón, claro, eu o que lles pido por favor é que —xa sei que as preguntas ao presidente son un pouco máis xenéricas, pero polo menos....— (*A vicepresidenta segunda, María Montserrat Prado Cores, pronuncia palabras que non se perciben.*) (*O presidente fai un aceno e diríxese á vicepresidenta segunda, María Montserrat Prado Cores*) —por favor, por favor, non empecemos, non empecemos, (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) por favor, deixe a cousa aí, que isto vai tranquilo—.

Entón, eu o que pido, por favor, é que, no sucesivo, se hai unha pregunta formulada, traten de cinguirse á pregunta. Grazas.

Señor presidente, pois o seu turno.

O PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Alfonso Rueda Valenzuela): Señor presidente, non lle dea tantas voltas, non ten tanto misterio: é que non leu a pregunta e fixo o mesmo que a outra vez, (*Aplausos.*) (*Murmurios.*) e, polo tanto, señor Besteiro, xa non pasa nin ese traballo. Señor Besteiro, de verdade que eu quero tomalo en serio, é que é a miña obriga, pero vostede non mo pon moi fácil. Xa lle dixen moitas veces que teño medo de que o cambien, eu estou moi contento con vostede, e facendo estas cousas vano acabar cambiando (*Risos.*) ata os do seu propio partido; tiña que ver as caras... (*Aplausos.*) E de verdade que —créame— non quero que o cambien, por moitísimas razóns. Estou moi satisfeito con vostede facéndome as preguntas; claro, cada vez é certo que mo pon... Ben, a partir de agora vou tomar nota e, cando lea a pregunta que vostedes rexistren para a sesión de control, vou imaxinar que pon unha posdata que diga: «posdata, o que preguntamos non ten por que coincidir en absoluto co que vou falar despois na sesión de control». Porque, como o presidente ten que saber de todo, esa é a súa teoría; porque, claro, é que vostede é o representante de Sánchez en Galicia (*Aplausos.*) e, polo tanto, cre que os presidentes (*Aplausos.*) teñen que falar de todo sen saber de nada. Total, ¿que máis dá?, se se pode cambiar de opinión dun día para outro. ¿Que máis dá? Os presidentes deciden os expedientes de xeito persoal, o que máis lle conveña, como está decidindo Sánchez o futuro de España. Todo o que está facendo é pensando no seu futuro persoal.

Pero hai unha diferenza, señor Besteiro: eu teño a confianza dos galegos e decido as cousas pensando no futuro de Galicia; (*Aplausos.*) esa é unha enorme diferenza. E, polo tanto, non



espere de min outra cousa que o que fixen ata o de agora, que é facer o que din os técnicos. En Galicia, nos expedientes, os que deciden dende o punto de vista técnico son os técnicos, señor Besteiro. Comprendo que para vostedes isto é imposible de entender, imposible, porque —insisto— ten que defender todos os días un presidente do Goberno que actúa por criterios absolutamente diferentes, que son os do seu futuro xudicial, o seu futuro político, cada día dicindo unha cousa diferente e sempre pensando nel mesmo e nada máis. Pero eu non quero facer iso nin o vou facer.

Polo tanto, se o seu enfoque da pregunta —desta e de calquera— é ver que vou facer eu pensando no meu interese persoal, eu dígolle que vou seguir facendo o que digan sempre os técnicos. ¡Dixo tantos disparates sobre isto! Vostede foi o que deixou toda unha provincia sen conexión eléctrica, porque o seu empeño, a única vez que tivo éxito —e non será porque non o intentou, pero xa sabemos que na Moncloa non lle fan ningún caso— foi cando conseguiu convencelos de que por apuntarse vostede un pequeno tanto político valía a pena deixar unha provincia sen conexión eléctrica por moitísimo tempo. Ese é o seu logro e vai ser o seu legado mentres dure aí, señor Besteiro. Iso é o que hai. *(Aplausos.)*

E, polo tanto, lamento esgotar o tempo e non poder falar dun tema que a min si que me importa, que é o benestar dos galegos. Comprendo que vostede tivera críticas, comprendo que teña outro enfoque. Eu viña preparado para isto, lamento non podelo ter feito, eu quería facelo, en serio. Dígolle unha cousa: con vostede falar en serio, de calquera tema, cada día é máis difícil.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

Pregunta ao presidente da Xunta de Galicia da deputada Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a situación da vivenda protexida

O PRESIDENTE: Cando queira.

ANA BELÉN PONTÓN MONDELO: Moi bo día, señor presidente.

Señor Rueda, mentres vostede ía manifestarse a Madrid, a golpe de corneta do señor Feijóo, 22.680 persoas están agardando no Rexistro de Demandantes de Vivenda Protexida. E o máis triste é que estas persoas teñen moitas máis posibilidades de que lles toque a lotería de Nadal que de ver como se cumpre o seu dereito a unha vivenda digna.

E isto non pasa por casualidade, isto é o resultado de que, cando o Partido Popular tivo que elixir entre o dereito á vivenda ou á especulación, elixiu a especulación; cando vostede tivo que elixir entre regular o prezo dos alugueiros ou especulación, elixiu especulación; e, cando tivo que elixir entre construír vivenda pública ou especulación, vostede elixiu especulación. E por iso estamos como estamos.

E só cando lle empezaron a ver as orellas ao lobo —porque o problema da vivenda fíxose cada vez máis evidente—, vostedes o que fixeron non foi actuar, senón sacar o manual de



pepero. E o primeiro punto dese manual é a manipulación, iso é o que fan vostedes: manipulación e propaganda. E aí o temos a vostede en 2024 nun acto electoral anunciando que Galiza tería no ano 2028 4.000 novas vivendas de promoción pública. Esta é a propaganda.

Pero vaíamos, señor Rueda, a ver cal é a realidade. ¿Sabe cantas vivendas públicas se fixeron desde o seu anuncio? 47; datos do Ministerio de Vivenda. (*Murmurios.*) Si, si, ¡home!, temos que animalo, señor Rueda, a que traballe un pouco máis, (*Aplausos.*) porque só lle quedan 3.953 por entregar. E o grave, señor Rueda, é que vostede sabe perfectamente que en 2028 non vai haber construídas 4.000 novas vivendas públicas en Galiza. Non é máis que outro dos seus bulos, porque —xa o vemos— vostedes fixeron da mentira a súa forma de goberno. E o que lle pedimos é que deixe de enganar, que deixe de xogar coas ilusións da xente, señor Rueda, porque estamos falando dun tema moi serio.

E, fronte ás súas mentiras, desde o BNG o que temos son propostas concretas que poden axudar a solucionar o problema da vivenda. A primeira, plan de compra de vivenda para destinala ao alugueiro; estamos propoñendo que en cinco anos merquen 4.000 vivendas para destinalas a alugueiro; e isto é posible porque en Galiza temos só nas grandes cidades 90.000 vivendas protexidas e vai haber fondos para poder mercalas. Segunda proposta, protección permanente de toda a vivenda protexida, porque hoxe, señor Rueda, co seu Goberno un promotor pode recibir até 40.000 euros por unha vivenda e en quince anos poñela no mercado a prezos imposibles, e isto non é presentable. E terceira proposta, comprar toda a vivenda protexida que se poña en venda; ¿sabe canta vivenda protexida se vendeu nos últimos anos, señor Rueda? 6.992 vivendas; 6.992 vivendas que poderían destinarse a alugueiro social, pero que non están aí porque vostede non quixo mercalas.

Estas son propostas serias para mellorar a vivenda pública no noso país. A cuestión é se vai seguir este camiño ou a súa dirección son os bulos, a propaganda e a mentira. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do presidente da Xunta.

O PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Alfonso Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Pontón, imos mellorando, ¡eh!: fixemos 47; vostede hai pouco dicía que só fixeramos 4, agora son 47. ¿De verdade me di en serio que eu anunciei efectivamente en 2024, ao principio da lexislatura, que iamos facer 4.000 vivendas en oito anos e me vén dicir que un ano despois, claro, onde están esas vivendas, que non as ve? Señora Pontón, ¡en construción! (*Aplausos.*) Xa lle gustaría... (*Murmurios.*) ¡Claro!

Mire, esa é outra das mostras e das consecuencias de levar vinte e cinco anos aí na oposición sentada, sen unha proposta, e que cre que todo é máxico. Polo tanto, se ti anuncias unha promoción de vivendas, ten que estar feita nun ano, porque vostede podería facelo sen ningún problema, nese mundo imaxinario no que nunca tivo que facer nada porque nunca manexou un euro público. Vinte e cinco anos xa, que se di pronto, e, claro, vén aquí e di estas



cousas. ¡Xa lle gustaría a vostede! Eu estou seguro de que a vostede o que lle gustaría e o que a vai amolar é ver que, cando cheguen os catro anos, efectivamente, están construídas esas vivendas.

Mire, ¿quere ir velas en construción? Pode ir a concellos do Bloque que están colaborando coa Xunta de Galicia, catorce concellos xa. Menos mal que, probablemente porque eles gobernan, non están na oposición, se dan conta de que non vale de nada facer o que vostede fai sempre: esa demagogia e esas propostas.

E agora resulta que hai que comprar pisos; e, se non os venden, hai que expropiar —moi venezolano, (*Murmurios.*) moi do de vostede—, é a solución máxica. ¿Que pasa? Se non os venden, pois exprópanse, que para iso mandan vostedes. Señora Pontón, un pouco de realidade.

Mire, eu alégrome moitísimo de que haxa —insisto— alcaldes, entre outros partidos políticos tamén do Bloque, que decidiron que colaborar coa Xunta é o camiño. E aí están as vivendas en construción. Vaia vostede a Pontevedra, acabamos de asinar co Concello de Bueu e ceden parcelas, cousa que, por certo, non fai o seu concello de referencia, ¡menuda referencia o Concello de Santiago!, que levamos dous anos efectivamente case para que ceda parcelas e non non.

¿Aos promotores privados? Sen ningún problema. ¿Á Xunta de Galicia para facer vivenda social? De ningunha maneira, con condicións. Iso é o que está pasando en Santiago. Menos mal que hai outros concellos do Bloque que entenden que iso non é así.

Señora Pontón, fala de propostas, e eu fállolle de realidades, que é o que estamos facendo para que haxa vivenda. Dende logo, como foramos ao que vostede está dicindo, pois seguiríamos sen vivendas, e eu creo que hai que ser moi serio e moi práctico no tema da vivenda.

Por iso, pódolle asegurar que imos cumprir o compromiso, é que se están construíndo un montón de promocións, xa o ano que vén en Pontevedra. Vouna invitar —a ver se vén— cando entreguemos as primeiras vivendas o ano que vén en Pontevedra, en Valdecorvos; a ver se vén, a ver se cando as vexa di: tiña vostede razón, señor Rueda —porque señor presidente xa sei que non mo vai dicir—, (*Risos.*) e, efectivamente, fixéronse vivendas aquí, e eu non tiña razón e non era ningún bulo. Pero xa a coñecemos.

Mire, imos tamén facer 20.000 vivendas protexidas. É blindada a protección, lea vostede é a Lei de orzamentos, que se vota neste Parlamento cada ano. Claro, como votan que non, sen mirar, non se dá conta. Está blindada a protección do carácter social das vivendas que se fagan.

Creamos o proxecto de interese autonómico, para axilizar prazos. Lanzamos un fondo de cooperación de 10 millóns de euros para financiar os concellos que si queiran facer vivenda e que poidan facela. Triplicamos a axuda para os promotores privados, os que vostedes demonizan por sistema, para axudalos tamén a que fagan vivenda en réxime de protección: 15 millóns. Axudamos os concellos que queiran rehabilitar vivenda. Mire, axudamos tanto que



imos triplicar no ano 2026 a cantidade que lles damos aos concellos para que rehabiliten inmobles de carácter municipal que están en desuso e os dediquen a alugueiro social; o 95 por cento que vai pagar a Xunta de Galicia...

O PRESIDENTE: Remate, por favor.

O PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Alfonso Rueda Valenzuela): ...e queda blindado o carácter social.

Estas son realidades, señora Pontón: Bono Emancípate, vivendas compartidas, todas esas realidades.

Vostede siga coas súas demagoxias, criminalizando, política impositiva —logo falarei na réplica diso—. É o que vostedes fan, leva vinte e cinco anos facendo esas cousas. Menos mal que hai alcaldes do Bloque que se dan conta de que a colaboración coa Xunta de Galicia é o camiño para facer realidades.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, señora Pontón.

ANA BELÉN PONTÓN MONDELO: Señor Rueda, volva ao planeta Galiza. Vostedes non levan dous anos gobernando, levan dezaseis anos gobernando, dinamitando a política social de vivenda, e por iso estamos como estamos. *(Aplausos.)*

Ten vostede unha pequena obsesión, a verdade: todas as sesións de control vén aquí repetirme que o molesta que eu sexa deputada nesta Cámara, e dimo vostede, que leva trinta anos subido no coche oficial. De verdade, señor Rueda, ¿cre que tan mal está a súa política de vivenda para ter que vir aquí sempre con esa mesma cantilena a non falar dos problemas reais e a intentar ocultar o seu fracaso en política de vivenda?

Porque, mire, vaíamos aos datos. ¿De verdade vostede pode dicirme agora na réplica que están construíndo 4.000 vivendas públicas en Galiza? ¡Dígame onde! Pero é que non me invite ás de Pontevedra, invíteme a ver todas e cada unha destas construcións e irei eu con vostede velas, señor Rueda. *(Aplausos.)* Porque isto é outro bulo, outro bulo máis do seu Goberno. Claro que si.

Mire, ¿cantas vivendas públicas entregou o seu Goberno en 2023?, ¿cantas, señor Rueda? 40. Non lle podo dar os datos do ano 2024 e 2025, porque os ocultan. ¿Por que os ocultan, se son tan bos? ¿Por que non mandan esa información a esta Cámara? Claro, porque, se hai transparencia e información, caen todas as súas mentiras e toda a súa propaganda.

Nós, señor Rueda, o que lle pedimos é que sexa serio, que non xogue coas ilusións da xente e que diga a verdade. Porque vostede sabe que non vai haber 4.000 vivendas novas cons-



truídas dentro de tres anos, que estamos empezando o 2026 case, non leva un ano, xa leva case media lexislatura esgotada. Polo tanto, señor Rueda, de verdade, pónase a traballar.

E tamén quería facerlle unha recomendación: debería vostede implicarse máis, claro, efectivamente, coa construción de vivenda protexida. Menos facerlle oposición á alcaldesa de Santiago e máis traballar pola vivenda protexida en Santiago. Porque ¿sabe unha cousa? *(Aplausos.)*

Mire, as últimas vivendas públicas que se entregaron en Santiago de Compostela entregounas unha conselleira do BNG. E vostedes levan prometendo desde o ano 2020 unha promoción no Castiñeiriño que tiña que estar rematada no 2022, e no día de hoxe están as chaves sen entregar, señor Rueda. É que ese é o seu reflexo da súa política de vivenda.

De verdade, os galegos e galegas estano pasando moi mal. Hai miles de persoas que non poden pagar un alugueiro. E nós facémoslle tres propostas concretas para incrementar o parque público de vivenda. Unha delas, comprar vivenda para destinala a alugueiro; é que se está facendo en moitas partes, señor Rueda; ¿por que vostede se nega a tomar unha medida que sería moito máis rápida, moito máis económica e moito máis sostible que centrarse única e exclusivamente na construción? Segundo, que se protexa toda a vivenda protexida que sexa declarada de maneira permanente, porque hoxe non o é todo, señor Rueda; lea vostede a lei e aprenda cales son as súas políticas de vivenda. E terceira proposta, compre toda a vivenda protexida que se poña en venda.

Mire, vostede pode vir aquí... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* intentar única e exclusivamente criminalizar ou demonizar, intentar tapar a súa incompetencia política, como sempre, ¿non?, dedicándome palabras bonitas a min como portavoz do BNG, ou pode dedicarse a exercer como presidente. Porque mire, o problema non é se lle digo eu que vostede é presidente ou non, o problema é que vostede non exerce como presidente dos galegos e das galegas. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

Peche da pregunta, señor presidente.

O PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Alfonso Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Pontón, non se equivoque, a min non me molesta que vostede estea na oposición, estou encantado. E ademais traballo para que estea catro anos máis cando haxa eleccións, e gustárame moitísimo que fose vostede. Outra cousa é se lles vai gustar aos que mandan no Bloque. Pero eu estaría encantado de que vostede estivera catro anos máis. Polo tanto, si, si, de verdade, non me molesta.

O que pasa é que poño de manifesto unha cousa: que vostede non sabe como funciona a Administración, *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*, nunca tivo responsabilidades; pero, ¡home!, debería sabelo xa. De verdade que agora di: non, xa non pon en dúbida os catro anos.



Menos mal, porque, se pon en dúbida que estamos construíndo, pon en dúbida os concellos gobernados polo Bloque onde se está construíndo.

Dime que é mentira que estamos facendo vivenda, porque agora mesmo non... (*Murmurios.*) ¿Onde están eses pisos? Vólvolle dicir, señora Pontón: constrúndose. E non poña esas caras. É certo, constrúndose. Hai unha cousa que se chama facer unha obra, executala. Non se fai así. Vostede cree que a política é máxica, porque, claro, desde a oposición tantos anos esas cousas se pode chegar a pensar, pero non son máxicas, non son máxicas. (*Aplausos.*)

Estamos agora mesmo construíndo en máis de vinte concellos, incluídas as sete cidades. Eu invítoa a que veña ver as promocións. Agora, tamén lle vou pedir que, cando vaia ver e vexa que se están construíndo, recoñeza en cada caso que o que dixo aquí, e está no *Diario de Sesións*, que é un bulo que esteamos construíndo ningunha vivenda, non é certo.

E mire, vólvolle dicir: imos a principios deste ano —espero, se non hai ningún imprevisto— entregar 74 vivendas de protección oficial en Pontevedra. Espero que veña, aínda que sexa só polo alcalde de Pontevedra, para recoñecerlle que está colaborando coa Xunta de Galicia en materia de vivenda. Xa sei que á Xunta non lle vai recoñecer nada, pero vaia alí e despois supoño que comerá as súas palabras que dixo aquí dicindo que é mentira que estamos construíndo vivenda. Ata 4.000, señora Pontón. E dígoo moi en serio. Xa lle gustaría que non se fixera, pero estámolo facendo.

Mire, volve coa súa fórmula máxica. ¿Por que non compremos vivenda?, e, se non nola querren vender, ¿por que non a expropiamos? ¡Que fácil é todo!, a prezos de mercado ademais. ¿Por que non imos facer iso? Total, os cartos son infinitos. ¿Para que nos imos adicar a construír? ¿Para que nos imos adicar a estimular que haxa construción privada con prezo social? Non, non, iso para nada, se iso despois é un rolo, hai que construílas. E, claro, mentres se están construíndo, vostede pode dicir onde están, que non existen. Non, non, en construción é como se non existiran. Ese é o seu plantexamento, señora Pontón, moi triste.

E, mentres, fai cousas como as que fixo nas emendas que presentou este ano; xa o fixo o ano pasado. Mire, os galegos teñen que saber que agora mesmo está exento ata 1 millón as herdanzas de pisos. E vostede é o segundo ano que intenta, a través dunha emenda, baixar esa exención de 1 millón a 200.000. Ou, dito doutra maneira, no último exercicio fiscal foron ao redor de 324 —paréceme que é— o número de galegos que tiveron que cotizar por herdanzas de vivenda. ¿Sabe cantos pasarían a cotizar coa súa emenda, señora Pontón? Máis de 9.000. Os galegos teñen que saber que vostede é garantía de que se soben impostos tamén en vivenda, e iso teñen que sabelo. (*Aplausos.*)

Nós non esperamos ningunha axuda de vostede nun tema tan importante para a cidadanía galega. Afortunadamente, estámola tendo de moitos alcaldes, tamén dalgúns seus, que se dan conta de que gobernar é outra cousa. Eles si que o saben. Polo tanto, espero que sigamos así.

Nós imos seguir facendo vivenda, imos seguir cumprindo compromisos. Déixolle a invitación a que vaia ver as promocións, nós acompañámola sen ningún problema. Invítoa á de Pon-



tevedra, e que tamén, unha vez vista esa entrega de pisos, vostede rectifique, polo menos unha vez teña un pouco de vergonza política.

E, en todo caso, dedíquese ao que se están dedicando, nin unha soa palabra con todo o que estamos vendo dos seus cómplices, dos seus aliados, eu xa prefiro non falar diso, pero vostede perde moito tempo tapando as vergonzas dos seus cómplices, desculpándoos... (*Murmurios.*) Si, si, había que velos o outro día no Congreso dicindo que xa se deron as explicacións suficientes, que nós ímonos adicar a gobernar. Si, si, esas cariñas que pon cando non sabe que cariña poñer defínena completamente.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Continuamos coa orde do día.

Punto 5º, proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa da deputada Cecilia Vázquez Suárez e catorce deputados/as máis, sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que avance no desenvolvemento de ferramentas que garantan a neutralidade ideolóxica nas actividades dos centros de ensino

O PRESIDENTE: Hai unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(*O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Olalla Rodil Fernández, a través da súa portavoz e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.*)

Emenda de substitución.

Débese substituír o texto da parte resolutiva polo seguinte:

«O Parlamento acorda por resolución amosar o seu compromiso inquebrantábel co exercicio do dereito á liberdade de expresión e rexeita de maneira contundente o control ideolóxico que o cordón da Xunta de Galiza está a exercer sobre o conxunto da sociedade galega a través da manipulación informativa na CSAG. Por esta razón, o Parlamento insta a Xunta de Galiza a retirar, de inmediato, a instrución de control ideolóxico enviada aos centros pola Consellaría de Educación.

Así mesmo, a Cámara galega amosa o seu compromiso na defensa dun ensino público galego de calidade e insta a Xunta de Galiza a:

- 1. Reducir as rateos por aula até as situar en 15 estudantes en Infantil, 20 en Primaria, 25 na ESO e 30 en Bacharelato.*
- 2. Devolver ao profesorado os dereitos roubados a través da recuperación, como mínimo, das condicións do persoal docente subscritas no acordo de 2007 (horarios, salarios, licenzas...).*
- 3. Dotar os centros educativos do persoal necesario para garantir os dereitos educativos do alumnado NEAE.>>)*



O PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei, ten a palabra a señora Pomar.

CARMEN MARÍA POMAR TOJO: Moitas grazas, presidente.

Moi bo día, señorías.

Educar supón tratar de despregar ao máximo o desenvolvemento integral de cada persoa. Esta acción ambiciosa, por descontado, inclúe poder reflexionar con visión crítica sobre os problemas sociais e políticos que nos rodean. Adoutrinar, pola contra, é impor unha visión concreta sobre os devanditos problemas chegando á imposición dun pensamento único, con sinónimos como aleccionar, adestrar, dogmatizar, impor, condicionar ou domesticar.

Esta distinción, que semella moi significativa, pode resultar en ocasións ben fina; velaí o gran perigo que supón frivolar, subestimar, mesmo tomar a broma este tema.

Señorías, a educación dos nosos fillos e fillas é un asunto moi serio e repercute, sen dúbida ningunha, no seu futuro académico e profesional, mais tamén —o que é aínda máis importante— no seu sistema de valores e crenzas acerca da realidade. Por iso é fundamental que non se faga proselitismo político nos centros educativos, algo que por outra parte se reflicte explicitamente na lexislación vixente.

Dende o Consello da Unión Europea propónse unha aprendizaxe competencial que vaia máis alá dos meros coñecementos e debe incluír destrezas, mais tamén, de modo significativo, actitudes. Este aspecto inclúe o pensamento crítico como un compoñente esencial e fundamental para avaliar a información, tomar decisións informadas e resolver problemas de maneira autónoma.

Esta lexislación, señorías, aplícase a todos os currículos dos países da Unión Europea. De feito, a lexislación española inclúe o pensamento crítico como parte do seu enfoque educativo, promovendo o seu desenvolvemento dende as primeiras etapas escolares. A liberdade de ensino está garantida tanto nos tratados europeos como nas democracias occidentais do noso contorno. A nosa Constitución tamén o recolle no seu artigo 27, dentro do capítulo segundo, de dereitos fundamentais e liberdades públicas.

Diciamos na pasada sesión plenaria, no marco dunha pregunta feita ao conselleiro de Educación, Ciencia e Universidades, que dende hai meses estamos a asistir a un intento de asalto por parte de grupos radicais e mesmo do sindicato que está a marcar a folla de ruta do nacionalismo galego cada día con máis intervencionismo. Dicía intento de asalto feito con absoluta premeditación e que está a facer uso de todos e cada un dos subterfuxios ao seu alcance, tendo en conta a rede tecida durante anos para facerse co control dos centros educativos; rede que afortunadamente leva tamén anos tendo un éxito limitado, debido, entre outros factores, (*Aplausos.*) á boa saúde do noso sistema educativo e á madurez e competencia do noso profesorado.

Mais, ante os últimos acontecementos xurdidos dese despregamento de materiais supostamente didácticos, moitos deles errados, sen base científica, sen axustarse aos principios que



marca a lexislación vixente, tarefas irresolubles, formulacións incorrectas, falta de coherencia nos exercicios, dicía, ante esta incursión nos contidos curriculares, é importante lembrar que o pensamento crítico é unha das habilidades máis valiosas que podemos desenvolver, xa que aprendemos a analizar, reflexionar e tomar decisións de xeito consciente e argumentado.

Señorías, nunha sociedade saturada de información, de novas falsas e de opinións polarizadas, ensinar os adolescentes a pensar de forma crítica é unha ferramenta esencial para a súa autonomía, a súa autoestima e o seu éxito tanto académico como profesional.

Pero miren, nin fomentar o pensamento crítico nin a liberdade de ensino son escusas para que se practique o adoutrramento, máis ben todo o contrario.

A educación, como sinala o profesor Esteve, ten un contido, unha forma, un uso, un sentido e un resultado totalmente contrarios ao do adoutrramento, sendo este último resumido en visións únicas e parciais dos problemas, na censura das ideas contrarias e a falla de debate, a asunción de certas ideas selectivas como verdades absolutas, a captación de adeptos para causas concretas e cuxos desexados resultados son persoas que acepten e repitan ideas sen cuestionalas, con pensamento ríxido e pouca apertura a outras perspectivas. *(Aplausos.)*

Pois ben, señorías, isto, señorías, é o que pretenden dende ese sindicato que manda máis ca nunca no independentismo galego. Correos a centros educativos nos que propón o uso deses materiais como unha proposta didáctica para traballar co alumnado a situación do medio ambiente galego, entrando en xuízos de valor sobre a xestión do lume este verán, a intención de apertura de minas tóxicas, a ameaza de industrias como Altri, á que podemos engadir a unidade titulada «Guerra e paz»; esta non ten desperdicio, na que entre outros exercicios se propón nada máis e nada menos que o cálculo de explosivos e unha suposta estratexia para acabar cos hospitais de Santiago de Compostela. *(Murmurios.)*

Por se fora pouco, agora pretenden presentarlles aos nosos fillos, e sobre todo ás nosas fillas, unha indecente sexualización de figuras como Rosalía de Castro, Blanco Amor, Pondal ou Castelao.

Dicía... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* na miña intervención na pasada sesión plenaria figuras estas que a miña xeración aprendeu a respectar con profesorado de todas as ideoloxías, todas, máis unidos polo fin común de transmitir os nosos referentes e a mensaxe que nos deixaron coa súa vida e coa súa obra.

E, como tamén lles dicía, dirán, con enchente de soberbia moral —xa o están a facer, acabamos de contemplalo—, que isto vai de apertura mental, de estar na onda. Pero non, señorías. Nós o que estamos é preocupadas e preocupados pola deriva que está a tomar esa pretendida manipulación dos contidos que estudan os nosos fillos e fillas e —o que é máis grave— as actitudes que se van moldeando con premeditación, aleivosía e con fins de proselitismo político, típico de doutrinas políticas da primeira metade do século XX como o nacionalsocialismo ou o comunismo; exemplo que podemos ver en países como Corea do Norte,



no que o control da educación ten sido unha prioridade do réxime comunista dende a súa fundación no 1948.

Por sorte, nós estamos nun Estado democrático que ampara a neutralidade ideolóxica, a pluralidade e o respecto ás liberdades individuais. Porén, coidamos moi necesario, dende a institución parlamentaria, seguir denunciando o intento de violar esta estabilidade e a liberdade das familias e instar o Goberno galego a seguir avanzando nesta dirección.

Denunciamos a deriva de relativismo moral baseado nesa sorte de posverdade da que falaban tanto as súas señorías do grupo nacionalista hai algún tempo, ¿lémbraño?, esa posverdade que licúa a información, selecciona parcialmente os materiais e camiña cara á narrativa da verdade, unha narrativa na que se mente sen discriminación e na que se ocultan interesadamente os feitos, algo que se ve moi reforzado pola proliferación de novas falsas por Internet, comentarios insultantes que rozan a difamación todos os días nas plataformas de comunicación e tamén polo descrédito das institucións a través de comentarios anónimos pero moi malintencionados.

Falaba Harry Frankfurt sobre a charlatanería superficial, esa que, como saben ben, nas filas da oposición é moi contaxiosa, esa que corrompe a linguaxe e deixa de considerar o portador de valores, esa que potencia a desconfianza e transmite tensión na sociedade, esa tan característica da era Sánchez, do pseudosocialismo e do independentismo entregado á trama máis rastreira, corrupta, machista e sórdida que ocupa Ferraz. *(Aplausos.)*

Non todo vale, señorías, non todo vale. Reflexionar sobre se respectamos a verdade evitando manipular ao noso antollo permitiría que empecemos a devolverlle o seu valor real, e por iso hoxe buscamos que vostedes se posicionen e argumenten a favor ou en contra desta proposición non de lei. Lembren que é posible inculcar un sentido de responsabilidade moral e cívica sen suprimir o pensamento crítico. De facelo, poden axudar os estudantes a desenvolver unha forte brúxula moral ao tempo que cultivan a capacidade de pensamento crítico independente.

Señorías, non é unha acción fácil nin ninguén dixo que o fora, pero é a base do xenuíno pensamento democrático. Ao mellor, é que vostedes non están polo labor de defender este pensamento sostido pola tolerancia, o respecto, a diversidade, o pluralismo e o diálogo. Pois, señorías, nós si.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Rodil.

OLALLA RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Bo día a todas e a todos.



Hoxe o Partido Popular xa nos deixou claras bastantes cousas. Unha, que non lle gustan as nosas caras; tamén a maioría absoluta debe querer gobernar os nosos corpos. E a outra, que non lle gustan nin a liberdade de expresión nin a manifestación se, jeh!, non a convoca o Partido Popular.

Xa os vimos tamén este domingo como *peces en el agua* carretando xente —algún deste grupo parlamentario creo que o arrastraron, non tiña moita gana de ir o domingo *pasearse con la flor y nata de la sociedad española*—, pero aí estaban vostedes cantando «ondiñas para arriba, ondiñas para abaixo» con *gente de bien*, non coma vosoutros, *rojos separatistas*, con xente española, (*A deputada Olalla Rodil Fernández mostra unha fotografía.*) *ahí con la bandera franquista y la Cruz de Borgoña, buenos españoles*; (*Aplausos.*) *que se sienta el espíritu heroico de los requetés*, que, por se alguén non o sabía, pasaron a cuchillo centos de demócratas e republicanos durante a Guerra Civil española. *Buenos españoles*, non coma vosoutros, de provincias, *rojos y separatistas*, que ides por aí manifestarvos por calquera cousa, como mañá outra vez, outra vez esta xente, saíndo en Vigo en defensa da sanidade pública.

¿Que queredes? ¿Médicos nos vosos centros de saúde? ¿Queredes pediatras para os vosos fillos? ¿Que é o seguinte? ¿Que se acaben as listas de espera da sanidade para que se lle acabe o negocio a Ribera Salud? Iso é o que facedes vosoutros, a escarballada toda, ¿non?: ir á folga, apoiar as manifestacións e as concentracións das traballadoras do SAF ou das residencias, que queren convenios de traballo.

Abondo fan, señorías do Partido Popular, ¿verdade?, que teñen un posto de traballo, desagradas, que lles pagan. ¿Que queren esas mulleres? ¿Un salario mínimo interprofesional? Moito mellor é o que lles defende o Partido Popular: deixa de traballar, volve para a casa a coidar a túa mai, por 400 euros. Ese é o modelo do Partido Popular.

¿Que queres? ¿Un convenio colectivo, dereitos laborais e un salario mínimo? ¡Que caixa de resistencia nin que sindicato! O que lles propón o Partido Popular a esas mulleres é que firmen o primeiro que lles poñan por diante e ¡silencio!, ¡a callar! Que iso antes non pasaba. A coidar a casa, e sorrir, por amor.

¿Que vas: ir —eu que sei— manifestarte, ¿non?, como o Partido Popular ou como bos españois? ¿Que vas: ir manifestarte ti o 14 de decembro contra Altri, *con lo bueno que es el eucalipto*? ¿Qué quieres? ¿Biodiversidad? Kale borrocas. ¿Que defendedes: algaradas e alborotadores? ¿A diversidade e o medio ambiente? Non, ¡home!, non.

E xa a última, o 25 de novembro, ¿que vas: ir manifestarte polos dereitos das mulleres diante dun partido *de bien* que tapou durante meses un conselleiro denunciado por violación (*Aplausos.*) e que o mantivo no cargo con soldo público e chofer pagado cos teus impostos, compañeira?

Ese é o estilo Rueda, o Partido Popular en estado puro, un PP para o que a liberdade, a democracia e o dereito a manifestarse empeza e acaba onde diga o Partido Popular. A liberdade de expresión, se pensas coma eles; o dereito a mobilizarte, se fas o que o Partido Popular diga; se pensas diferente, pois Bildu, ETA, Maduro, Putin y *el Bipartito*, (*Risos.*) así, nesa orde de gradación.



Por suposto, o mundo de Matrix do Partido Popular volvemos escoitalo agora, pois control ideolóxico e falarlles da sexualidade na obra de Blanco Amor; Blanco Amor, que militaba na súa sexualidade nos dereitos das persoas homosexuais, (*Aplausos.*) para vivir en liberdade, cunha serie fotográfica —que eu invito a todo o mundo; Blanco Amor, ao que tanto lle gustaba a fotografía— onde se sacaba retratos co cu ao aire.

Porque, como todo o mundo sabe, a relixión, o Exército, a unidade de España e a Casa Real son *polvo de estrellas*; iso non é ideoloxía. Dálles tanto pavor, señorías do Partido Popular, que a xente pense por si mesma, que poida escoitar puntos de vista diferentes e non acepte o pensamento único que quere impoñer o Partido Popular; dálles tanto pavor que non hai máis que ler a exposición de motivos desta iniciativa, que quero ler na súa literalidade, porque o gran temor do Partido Popular, a razón pola que nos teñen ensarillados esta mañá aquí, é porque hai unha unidade didáctica na que —abro aspas— «engaden unha lista de exercicios para que o profesorado e o alumnado poidan reflexionar sobre a verdadeira realidade.» ¡Ui! Reflexionar nun centro educativo.

Claro, agora unha entende un pouquiño mellor por que nos faladoiros, nas mesas de debate de análise, na Televisión de Galiza, ti non es capaz de escoitar unha voz discordante do argumentario do Partido Popular, porque é que vostedes queren anular a posibilidade mesma de acceder a un punto de vista distinto. (*Aplausos.*) Non vaia ser que alguén critique o Rei Sol, que xa lle vemos o grao de autoestima que ten, que hai que chamarlle todos os días presidente, para que asuma que o é.

A vostedes, señorías do Partido Popular, a liberdade non lles importa o máis mínimo, e no ensino, menos.

Señora Pomar, señorías do Partido Popular, se se plantou o grupo parlamentario diante da Universidade da Coruña porque penduraron unha bandeira palestina no medio do xenocidio en Gaza. (*Aplausos.*) Dicían que era unha acción premeditada que busca a confrontación. Faltoulles un milisegundo para acusar o reitor da Coruña de ser simpatizante de Hamás. Iso si, no medio dun masacre, no medio dun xenocidio, ao Partido Popular pois non lle molesta o máis mínimo Goberno xenocida de Israel, tanto que o recibiron a bombo e prato cos brazos abertos na Xunta de Galiza e no Parlamento mentres bombardeada e masacraba o pobo palestino.

Ese é o concepto de liberdade que ten o Partido Popular: que Israel mate a pracer e o pobo palestino, a ver se pode morrer en silencio, alborotadores e axitadores, que se remexe en contra da súa ocupación. (*Aplausos.*)

Miren, eu, citando o conselleiro de Educación, xa que vostede tamén traía ese debate, señora Pomar, esta chambonada, unha peza máis da estratexia trumpista do Partido Popular, que eu o que lamento é que se deixen arrastrar por ela; unha estratexia coa que queren traer a Galiza a crispación na que teñen instalada a política madrileña. O Partido Popular quere converter a política galega nunha lameira; traen bulos, instálanse nas difamacións, no insulto permanente; queren, en definitiva, degradar a política para que, entre tanto ruído, non se poida escoitar a voz das galegas e dos galegos, para que esteamos todo o día falando dos seus inventos en vez de falar dos problemas da xente deste país, da sanidade pública, do de-



reito á vivenda, dos servizos para atender ás persoas con dependencia ou do que acontece no ensino público galego.

¿Preocúpalles tanto a situación que viven as nosas fillas e os nosos fillos no ensino deste país? Baixen as ratios, contraten máis persoal docente, devólvannles os dereitos roubados no acordo que lles negan desde o ano 2009.

¡Alá vostedes se queren chapotear nesta lama! Por nosoutras poden rebozar nela, pero a nós non nos van arrastrar aí. Fíxense: do único de que me alegro de todo isto é que estes días vimos xa un paso máis, agora o Partido Popular mándalle cartas á portavoz nacional do BNG para que resolva os problemas da sanidade pública deste país. E eu a verdade é que me alegro desa postura de oposición na que está instalado o Partido Popular, porque cada vez deixan máis claro que o Bloque Nacionalista Galego é o que lles preocupa, a forza de goberno que necesita este país, que temos un proxecto sólido para ofrecerlles ás galegas e aos galegos para mellorar as súas vidas, para darlles esperanza e para facer avanzar sen límites este país.

Nós niso seguimos. No BNG imos seguir traballando en darlles alternativas e futuro ás galegas e aos galegos. Se vostedes, señorías, como é obvio, non teñen nada que aportar a este país, polo menos a ver se poden deixar de facer tanto ruído. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Bouza.

AITOR BOUZA MANSO: Grazas, presidente.

Bo día a todos e a todas.

A verdade é que hoxe dende o Grupo Parlamentario Socialista estamos bastante sorprendidas e sorprendidos de que esteamos debatendo hoxe aquí isto, neste Parlamento. A verdade é que o que trae o Partido Popular hoxe a debate dentro desta proposición non de lei nos está intentando pedir aos grupos parlamentarios que fagamos un debate falso, un debate que non é realmente o que quere manter o Partido Popular.

Porque, se lemos a exposición de motivos e despois a parte resolutiva, nada ten que ver unha cousa coa outra. Se o Partido Popular quere rexeitar a actitude, a actividade dun determinado sindicato, que o diga claramente, que o poña na PNL, ou inclusive a forma de pensar dun determinado sindicato.

Pero, entendéndoo como algo filosófico, podemos estar de acordo co pensamento crítico. A pregunta é: ¿o pensamento crítico que está defendendo o Partido Popular é o mesmo do que realmente di o contido filosófico do pensamento crítico? Porque vir aquí falar de pensamento crítico non é simplemente dicir: temos que apostar por que na educación haxa un pensamento crítico. ¿Que é: un pensamento crítico único, como pensa o Partido Popular, ou un pensamento crítico para que o alumnado poida desenvolver a súa personalidade no marco dos dereitos e das liberdades, que é realmente o que a día de hoxe xa existe? *(Aplausos.)*



Ou, se non, debería indicarnos o Partido Popular por que a Xunta de Galicia do Partido Popular permite que non se cumpra a Constitución respecto de algo tan básico como é a pluralidade, a liberdade e a formación do alumnado. Iso é o que nos está recoñecendo aquí o Partido Popular, hoxe. O Partido Popular está recoñecendo que os centros educativos en Galicia non garantan a liberdade de opinión. O pensamento crítico a día de hoxe non se recoñece. O Partido Popular insta o Partido Popular á pluralidade. ¿Iso é o que nos están dicindo, señorías do PP?

Eu estou amplamente sorprendido con esta iniciativa. Porque ¿que é iso de neutralidade ideolóxica? Neutralidade ideolóxica ¿en que sentido? ¿Pódennos desagregar no Partido Popular a que ideoloxía se refiren? ¿Están en contra de que nos centros educativos se aposte polo feminismo? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿Quere vostede debater, señoría do PP? Dígoo porque xa entendo que non lle deixen debater nunca...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Silencio, por favor.

AITOR BOUZA MANZO: ...e vostede segue a interromper permanentemente, para crer que realmente pode formar parte do debate. Pero está claro que, por increpar, o que demostra é que fai falla moita educación, señoría do Partido Popular, fai falla moita educación e moita neutralidade. (*Aplausos.*) Pero das absolutas increpancias que se fan neste Parlamento diso si que tiñamos que falar, da mala educación que tiveron algúns membros do Partido Popular neste pleno para non respectar os oradores. Iso si é mala educación. Ao mellor é a mala educación que temos que corrixir.

Señorías do PP, faltan medios e recursos. Non fagan mímica. Señoría do PP, pero tranquilícese, non hai ningún problema. Falemos, ¿pero non querían falar do tema? Imos falar do tema. É que vostedes veñen aquí e alporízanse incluso cando traen vostedes as cuestións. Tranquilícense, é que non hai ningún problema. Falemos claro das cuestións.

¿Que é o que queren? ¿Pódennos explicar que é o que queren con esta iniciativa? Porque eu, despois de escoitar a exposición de motivos da señora Pomar, que a respecto moitísimo, a verdade, non entendo cal é a finalidade desta cuestión.

Polo tanto, eu estaría encantado de poder estar debatendo hoxe aquí sobre as cuestións importantes da educación, por exemplo, o acoso escolar. ¿Por que non estamos falando das cuestións educativas que realmente importan: da falta de profesorado, das necesidades reais da educación, e non das cuestións que quere tratar o propio Partido Popular?

Pero o acoso escolar está vinculado tamén coas cuestións que se teñen que defender no ensino; por exemplo, dino os propios barómetros. Isto supoño que ás señorías do PP, que están aquí moi preocupadas de increpar, non lles preocupa, pero seguramente que á cidadanía galega e ao alumnado que sofre acoso si lle preocupa.

Din os últimos barómetros: o 40 por cento dos homes entre 16 e 29 anos afirma que o feminismo actual é excesivo. ¿Tamén o pensa, señoría do PP? Máis do 35 por cento cre que as denuncias falsas de violencia de xénero son un problema serio. Estas cuestións claro que se



teñen que abordar no ámbito educativo, para educar en igualdade, para educar en principios e valores constitucionais, que non son outros que os que deberíamos compartir todas e todos.

E a pregunta é: ¿o Partido Popular está de acordo con iso? Se está de acordo con iso, o que ten que facer é retirar de inmediato esta iniciativa. Porque defender a liberdade e defender os principios básicos no ensino non pode ser nunca pretender que se teña unha neutralidade ideolóxica porque non se coincida coa ideoloxía do propio Partido Popular. E, se non, o que se está a facer é atacar o propio profesorado.

¿Estase indicando que o profesorado está inducendo o alumnado a ter unha determinada ideoloxía? Si, di a señora Prado. Ben, xa nos confirma que o que están atacando dende o Partido Popular é o profesorado. Pois eu rexeito esas afirmacións de que o profesorado en Galicia realmente faga unha apoloxía directa dunha ideoloxía. (*Aplausos.*) É lamentable ter que escoitar iso neste Parlamento. Claro que o propio profesorado de Galicia fai moi ben o seu traballo. Despois veñen aquí dar golpes de peito de defensa do profesorado. Pero ¿como poden afirmar que realmente o profesorado condiciona de maneira tendenciosa a ideoloxía do propio alumnado? Educa en igualdade, ao mellor é o que lle molesta ao Partido Popular, que eduque en igualdade.

Pois nós imos seguir apostando por esa educación en igualdade, e tamén por cuestións importantes como a educación sexual. É unha mágoa que as resolucións que se aprobaron neste propio Parlamento non se implementen. Supostamente neste curso escolar íase incorporar unha propia asignatura, un propio contido de educación sexual, en Galicia, que a día de hoxe non se fixo. ¿Cal é o motivo? ¿Pódennolo indicar? ¿Que forma parte dese contido da neutralidade ideolóxica? ¿Que é o que queren neutralizar? ¿Queren neutralizar que o alumnado en Galicia poida pensar por si mesmo, que poida ter unha ideoloxía? ¿Queren neutralizar que poidan ter un pensamento distinto ao seu? ¿Queren neutralizar que poidan ser libres e iguais para poder pensar o que queiran?

Iso é o que temos que conseguir: que a propia educación sexa plural, que a educación nos permita concluír que realmente o alumnado en Galicia, cando remata os seus estudos, pode pensar por si mesmo e que non fai falla que o Partido Popular o tutele, nin tampouco a CRTVG, nin ningún tipo de indución por parte dun partido único. (*Aplausos.*) Polo tanto, nós si que non queremos que se faga un adoutrramento, ese adoutrramento que evidentemente forma parte do que propón o Partido Popular.

Nós instamos, como xa dicía, a que se faga unha educación en liberdade, non unha educación en censura. E, polo tanto, non podemos compartir esta iniciativa no seu contido global, máis que nada porque a día de hoxe aínda non se nos explicou que é o que se quere, a quen se está responsabilizando. Agora, por fin, a señora Prado xa nos concluíu claramente que a quen se está responsabilizando é ao profesorado de Galicia. (*Murmurios.*)

Señora Prado, non está alegado, é que se vostede berra, se vostede berra aquí nesta tribuna e me contesta, pois evidentemente...

O PRESIDENTE: Non a aluda, porque vaille pedir a palabra e voulla ter que dar.



AITOR BOUZA MANSO: Non, é que alude ela, estame aludindo ela.

O PRESIDENTE: Ben, vostede acaba de aludila.

AITOR BOUZA MANSO: Señor presidente, se vostede non lle corta e non impide que ela fale, claro que lle vou contestar. É que, entón, o que ten que impedir é que realmente a deputada do Partido Popular me increpe mentres eu falo. (*Aplausos.*) Ten que ser o presidente neutral para que eu poida exercer o meu dereito dende a tribuna sen que se me interrompa e non só aplicar os artigos do Regulamento que considere oportuno, senón todos os artigos do Regulamento.

Grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Grupo parlamentario autor da proposición non de lei, señora Pomar.

Perdón, antes vou saudar os alumnos de 3º da ESO do Centro de Soutomaior, que hoxe nos acompañan e visitan o Parlamento. Benvidos.

CARMEN MARÍA POMAR TOJO: Moitas grazas, presidente.

Pois benvidos os alumnos e alumnas de Soutomaior.

Está claro, señorías, que os dous grupos da oposición fixeron unha verdadeira fuxida cara a adiante, porque non teñen argumentos sólidos, está clarísimo. (*Aplausos.*)

Mire, señor Bouza, xa sabe que eu tamén o respecto a vostede, pero o que sorprende é que vostede fale de pensamento crítico cando no sanchismo de pensamento teñen pouco e de crítico teñen aínda menos. Parecía que vostede ía renegar —penseino— dalgún destes materiais, xa que vostedes renegaron publicamente no seu último congreso nacional de ideoloxías como a ideoloxía *queer*. Está claro que a bicefalia co nacionalismo é cada día máis intensa.

Señoría Rodil, mire, chambonada foi o seu monólogo de TeleBNG. Cando vin que levaba vostede esta PNL polo Grupo Parlamentario do BNG, pensei que o debate ía ter nivel, con discrepancia ideolóxica, pero de nivel. Máis que lamentable a súa intervención. Ben, debería dicir a súa *performance*; unha *performance*, por certo, de moi pouco gusto e moi moi barrio baixeira, moi barrio baixeira, señoría. (*Aplausos.*)

En fin... A verdade, señorías, é que, despois de escoitar a oposición e, sobre todo, a señora Rodil, unha bota man de Freud e o resultado da psicanálise queda ben claro: vostedes en realidade veñen falar da necesidade de que ese adoutrramento se expanda, se expanda tamén aos medios públicos de comunicación. É dicir, vostedes veñen aquí apoiar non só o asalto a currículos académicos, mais sen dúbida que este asalto teña por obxecto tamén a televisión, a radio e as plataformas dixitais; así xa estaría o *pack* completo. Facerse cos medios, algo no que xa teñen moita experiencia, e facerse cos centros educativos.



E volvo dicirlles unha vez máis, utilizando a súa propia xerga: a verdadeira bomba é esta bomba pedagóxica que trata de cargar contra a ideoloxía calquera contido susceptible de manipulación.

E ¡vaia chapuza de emenda, señoría do BNG, vaia chapuza! Quérena redactar peor e non sae. Buscan un dos seus *hits*, o dos medios públicos, para fuxir dun argumento válido que sustente as aberracións educativas que o sindicato que manda no BNG pretende colar nos centros educativos galegos. ¿E por que? Pois porque non teñen argumentos, señorías, non os teñen. Única e exclusivamente é iso, é ben sinxelo. Buscan nos arquivos do portátil: CRTVG, e xa lle saen os que teñen dende hai moitos anos; agora adaptan as novas siglas e ¡ala!, copian e pegan. É o comodín do público, ¿verdade, señorías?

Pero, miren, non desviemos o tema. Estamos aquí para falar de liberdade, liberdade de expresión e liberdade de pensamento. Unha liberdade á que, por certo, cada vez vostedes lle teñen máis alerxia. Os extremismos non queren neutralidade. Xa llelo dixen na pasada sesión plenaria, señorías. Vostedes queren unha estrelada tatuada, non só no ombreiro de Castelao, mais en todos e cada un dos autores, científicos, creadores, historiadores, filósofos, en todos, (*Aplausos.*) cuxos coñecementos, cuxas teorías, cuxos experimentos, cuxas obras ou traballos configuran o corpus tanto teórico como práctico do currículo académico e da metodoloxía que o acompaña.

Non estamos aquí para pór en tea de xuízo a neutralidade do profesorado, e creo que o dixen ben claro na miña primeira intervención. Estamos para garantirlle a súa liberdade de cátedra, estamos aquí para transmitir unha mensaxe de tranquilidade e amparo ante a ousadía de incorrer nas súas clases. Estamos aquí, en definitiva, para asegurar que a Administración educativa neutralice calquera intento de propaganda lacerante e descarada que se destina, dende o sector máis radical do nacionalismo, a captar sen escrúpulos as idades máis vulnerables, que andan á procura da súa identidade e da súa reafirmación.

Eu escoiteinos con moitísima atención, porque xa se sabe que, de non entrar no redil, as adolescentes do presente poden acabar no futuro como as miñas compañeiras do Partido Popular de Santiago, sendo profesionais ameazadas, insultadas e amordazadas, ao xeito desa caricatura de Rosalía de Castro. Pero nós, señorías, queremos nenos e nenas libres, nin caídos nin submisos. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Proposición non de lei do G. P. Socialista de Galicia, por iniciativa da deputada María del Carmen Rodríguez Dacosta e dous deputados/as máis, sobre diversas medidas que a Xunta de Galicia debe adoptar para asegurar a continuidade e a calidade asistencial dos servizos de pediatría, obstetricia e urxencias do Hospital Comarcal de Valdeorras

O PRESIDENTE: Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do deputado Secundino Fernández Fernández, a través da súa portavoz e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.



Emenda de adición.

Engadir na parte resolutiva catro novos puntos, co seguinte texto:

<<4º. Cubrir as prazas vacantes de pediatría existentes no centro de saúde do Barco de Valdeorras con persoal desta especialidade, garantindo a atención sanitaria en primaria as nenas e nenos do distrito sanitario de Valdeorras por especialistas en pediatría.

5º. Cubrir de xeito urxente as prazas de persoal médico especialista que están vacantes no hospital publico do Barco de Valdeorras de forma que se garanta unha sanidade publica e de calidade para todos os habitantes do distrito sanitario de Valdeorras.

6º. Por en funcionamento de xeito urxente o servizo de ecografías e mamografías no hospital publico do Barco de Valdeorras de xeito que todas as mulleres poidan facer estas probas diagnósticas neste hospital.

7º. Constituír no SERGAS unha unidade especializada na diagnose e tratamento da silicose, localizada no distrito sanitario de Valdeorras, que sexa centro de referencia para toda Galiza; e mentres non se poña en funcionamento dotar ao hospital de Valdeorras de especialista en pneumoloxía a xornada completa.>>)

O PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei, ten a palabra a señora Rodríguez Dacosta.

MARÍA DEL CARMEN RODRÍGUEZ DACOSTA: Bos días a todas e todos.

Grazas, presidente.

Pois dicir que cando unha comarca se sente maltratada, cando ve que os seus dereitos básicos se están a diluír, cando a sanidade pública deixa de responder polos recortes do Goberno galego, pois a xente sae á rúa. E isto foi exactamente o que acontecía hai uns días no Barco de Valdeorras.

O que vivimos en Valdeorras estes días non foi unha queixa illada, nin unha protesta puntual; foi algo moito máis claro e moito máis serio: unha cidadanía farta, cansada e decidida a facerse escoitar.

Convocados pola Plataforma Sanitaria de Valdeorras, cinco mil persoas, segundo esta plataforma, desafiaron a chuvia e o frío o sábado, concretamente o 29 de novembro, para reclamar algo que non debería ter que reclamarse: unha sanidade digna, pública, de calidade e próxima, e para dicirlle á Xunta de Galicia algo tan simple como contundente: Valdeorras non aguenta máis, Valdeorras non acepta ser tratada como unha comarca de segunda e Valdeorras reclamaba dignidade sanitaria. (Aplausos.)

E non foi unha concentración pequena, foi unha marcha masiva, que se iniciaba no Hospital Comarcal de Valdeorras e remataba en Viloira, entre berros que o dicían todo. Díciannos e



diciamos: queremos ser atendidos, non esquecidos; máis especialistas para Valdeorras; a sanidade non se vende, deféndese; e queremos pneumólogo xa.

Por detrás destas consignas pois hai unha realidade, unha realidade de 1.424 quilómetros cadrados, 70.555 habitantes, 12 concellos, unha densidade de 21 habitantes/quilómetro cadrado, pero territorios como A Veiga, con só 3,12 habitantes por quilómetro cadrado, un dos municipios máis dispersos e fríos tamén de Galicia. Nun territorio así, recortar servizos sanitarios é unha irresponsabilidade política.

E hoxe, señorías, vimos a este Parlamento facer algo moi simple: dar voz a todos os veciños e veciñas de Valdeorras, de Trives, de Viana, dende o Grupo Parlamentario Socialista. Converter nesta voz aquilo que milleiros de persoas expresaron nas rúas.

Comecemos polo que probablemente é un símbolo claro do que está acontecendo nestas comarcas. Un venres a única incubadora de traslado neonatal do hospital de Valdeorras falla. E o que sucede despois non debería pasar nunca nun sistema sanitario público. Non se revisa ese día nin ao día seguinte, os técnicos non chegan ata cinco días despois, ata o martes seguinte. Cando se proba funciona dez minutos, o persoal non se atreve a usala por falta de garantías e os partos durante todos estes días derívanse a Ourense, a 120 quilómetros de distancia, con todo o que isto implica para a nai, para o bebé e para as familias. Todo isto nun hospital que tiña dúas incubadoras e unha foi enviada ao hospital de Verín hai dous anos sen reposición. E algo máis grave: as últimas avarías producíronse ao conectala na ambulancia. Entendemos que o persoal externo debe ser formado para esta cuestión. E cando se buscou unha incubadora de substitución non había dispoñibilidade en toda Galicia. Señorías, isto non é un accidente técnico; é un fallo político e de xestión.

Por iso pedimos un contrato de mantemento que garanta a reparación no mesmo día; unha substitución inmediata se o equipo non é fiable; unha segunda incubadora de reposto e tamén válida para o traslado aéreo; formación do persoal externo; e un sistema de alerta e resposta inmediata. Non pedimos luxos, pedimos seguridade para os bebés recién nados. Permítanme facer unha pregunta que resume mellor que nada a gravidade do que pasou: se esta avaría acontece no medio dun traslado, ¿que fan? ¿Como protexen un bebé prematuro sen un equipo operativo? Entón, están a pór as vidas en risco.

E se falamos de persoal, falamos de cifras duras. Segundo as notas remitidas polos profesionais do propio hospital, Uroloxía desapareceu; Medicina Interna pasou de dez a seis especialistas —unha perda dun 40 por cento—; en urxencias, de once a nove; en cirurxía xeral, de tres a un —un operando porque dous están de baixa neste momento—; en Radioloxía, de catro estivo un durante meses, agora dous, pero con inestabilidade continúa; en Traumatoloxía, de tres a dous —dependendo de Verín—; medicina interna preventiva, praza vacante; e servizos que pechan en períodos vacacionais porque non os cobren. Isto non é puntual. En decembro de 2024 marcharon trece especialistas —é certo que despois se cubriron algunhas prazas, pero sempre con vaivéns—. En febreiro deste ano marchou un radiólogo e dous traumatólogos. ¿Que pasará en 2026? E, ¿por que? Porque as prazas non son atractivas; porque non hai incentivos reais; porque non se lles garante que poidan formarse, investigar, a pesar de ser catalogado como un hospital illado ao que acoden profesionais que, cando poden,



marchan por estas circunstancias. E, mentres tanto, os que quedan asumen cargas excesivas, superan límites legais de xornada e traballan sen a mínima previsión da dirección da área sanitaria.

As listas de espera en Valdeorras están entre as peores de Galicia —as listas de espera «oficiais»—: 87,5 días de media para un especialista; 140 en Oftalmoloxía —despois traerei casos concretos que superan con creces estas listas «oficiais»—; 170 para unha ecografía abdominal; 140 para unha eco de mama —irreal—; e con cardios derivados ao CHUO; atrasos de meses na toxina botulínica; probas oncolóxicas que non están listas cando o paciente chega á consulta; citas que desaparecen dos buzóns; reclamacións respondidas en branco... E as familias na súa maioría teñen que viaxar a Ourense con máis de hora e media —nalgúns casos, dúas horas e cuarto— e oito horas entre ida, espera e volta, e máis nun territorio envellecido e sen transporte público suficiente. Se isto ocorre en calquera cidade de Galicia sería portada todos os días, pero aquí parece que xa se asume como normal por parte do Partido Popular. ¡Pois non, non é normal! Por iso propoñemos un plan específico de redución de listas, a actualización de equipos diagnósticos e o reforzamento dos servizos para evitar derivacións inxustificadas.

E na atención primaria a deterioración está nos centros de saúde. Segundo a plataforma, segundo os profesionais —obviamente isto é tal cal—, O Bolo perdeu un médico, A Veiga perdeu un médico, Rubiá perdeu un médico. Hoxe O Bolo ten só un médico e cando non está en incapacidade temporal —que acontece moi a miúdo— ou cando está de baixa o médico da Veiga ten que cubrir os dous concellos. Falamos de 800 habitantes dispersos nun dos municipios máis extensos de Galicia; con aldeas separadas por quilómetros, con mobilidade moi reducida e cun inverno moi duro.

Noutros concellos, con consultas que pechan por semanas, médicos enviados a media xornada, pediatría desaparecida, ningún servizo de xeriatria para unha das poboacións máis envellecidas de Galicia. ¡Que manda truco! Valdeorras é unha zona tamén con máis silicose de España e, aínda así, a Xunta leva anos negándose a crear esta unidade específica e nin unha soa praza de Pneumoloxía; negándose a atender unha necesidade recoñecida polos médicos, pola plataforma, polos pacientes, pola comarca en xeral. Por iso, tamén, propoñemos a creación deste servizo de Pneumoloxía e esta unidade funcional respiratoria.

O PRESIDENTE: Remate, por favor.

MARÍA DEL CARMEN RODRÍGUEZ DACOSTA: En relación —e remato— ao Hado e á hospitalización a domicilio, igual: infradotada e un transporte sanitario —isto é importantísimo que o escoiten, señorías do Partido Popular—, non hai a ambulancia de soporte vital avanzado e non hai base 061. Isto non pode seguir acontecendo. Por iso pedimos una planificación tamén a medio e longo prazo para cumprir todas estas carencias.

Nada máis. Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.



Agora saudamos o segundo grupo dos alumnos de 3º da ESO do centro de Soutomaior. Benvidos ao Parlamento.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra o señor Fernández Fernández.

SECUNDINO FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Presidente.

Señorías, ¿coñecen Valdeorras? ¿Saben a que nos estamos a referir cando falamos do hospital de Valdeorras? Xa preguntei outras veces neste Parlamento se sabían onde estaba Valdeorras e volvo preguntalo, porque vexo que moitas deputadas e deputados non teñen unha boa referencia espacial e non se dan exactamente conta de onde está Valdeorras. Pois o hospital de Valdeorras —que é o centro neurálxico da atención sanitaria desta comarca— está a uns 120 quilómetros de Ourense e o tempo para desprazarse dende O Barco ata o hospital de Ourense é de máis de hora e media. Ese é o tempo, e, por suposto, en coche propio ou en taxi, porque se esperamos a un transporte público —se é que o hai— pois, dende logo, pasamos o día.

Señorías, ¿saben vostedes cantos concellos pertencen a este distrito sanitario? Pois este distrito presta atención sanitaria ás veciñas e veciños de Rubiá, Carballeda, Vilamartín, A Rúa, Petín, Larouco, O Bolo, A Veiga, Manzaneda, Pobra de Trives, Viana do Bolo e, por suposto, O Barco de Valdeorras, que é onde está situado o hospital. Nestes concellos residimos unhas 30.000 persoas, a metade no Barco e o resto espaxados polos concellos mencionados. Estes concellos ocupan unha superficie de 1.340 quilómetros cadrados, o que pode darlles unha idea da dispersión poboacional que significa esta grande comarca galega.

Señorías, uns pequenos datos para que vexan claramente a situación do noso hospital de referencia e tamén a situación asistencial que temos en Valdeorras. Datos oficiais do Sergas de xuño de 2025, datos oficiais. Primeiro, listas de espera de consultas: o distrito de Valdeorras bate todos os récords e ten unha espera de 87,5 días para unha consulta dun especialista; case tres meses para que calquera dos que vivimos nesa comarca teñamos acceso a un especialista ante un problema de saúde —case tres meses, datos oficiais—. En moitos casos xa nin sequera hai especialista e derivánnos directamente a Ourense. Lista de espera de probas diagnósticas: estamos en 98,6 días de espera, outro récord negativo do hospital de Valdeorras; e sempre tendo en conta as probas que se practican en Valdeorras —o mesmo que dixeran anteriormente—, porque son moitas menos das que se practican noutros hospitais. Terceiro, lista de agarda: 3.113 persoas esperando por unha consulta, 1.408 persoas esperando por unha proba diagnóstica.

Señorías, se falamos da silicose, segundo os datos do Instituto Nacional de Silicose temos que Galicia ten o 40 por cento dos casos do Estado, dos cales —dese 40 por cento— o 65 por cento proveñen do sector da lousa. Ourense ten o 60 por cento casos diagnosticados en Galicia. É dicir, os casos de Ourense representan o 25 por cento de todo o Estado e están centrados fundamentalmente na lousa de Valdeorras. ¿Saben cantos nenos e nenas ten a Xunta do Partido Popular sen atención de pediatría nesta comarca? En Viana do Bolo, 205; na Veiga, 42; no Bolo, 32; en Petín, 68; en Larouco, 22; en Manzaneda, 49; na Pobra de Trives, 135; na



Rúa, 332; en Vilamartín, 96; en Rubiá, 104; en Carballada, 110; e, por último, no Barco, 1.566 nenos e nenas. En total, 2.721 nenos e nenas sen pediatra que os atenda; sen pediatras en atención primaria.

Señorías, estas cifras, estes números tan fríos, teñen detrás persoas, familias, nenos e nenas que necesitan esa atención sanitaria pediátrica. Aquí tamén se ven reflectidas estas mulleres que non poden parir no seu propio hospital de referencia polas súas eivas, como se viu nos días pasados coa falta de incubadoras. Detrás destas cifras hai mulleres que necesitan facer probas diagnósticas, como ecografías e mamografías para previr ou para tratar unha enfermidade como é o cancro, que lles condiciona o resto da súa vida. Nestes datos hai centos de persoas afectadas pola silicose, esa enfermidade profesional que colleron no seu posto de traballo e á que quedan atados de por vida; de por vida, señorías.

Señorías do Partido Popular, esta é a situación na que teñen a sanidade pública en Valdeorras, como está a sanidade neste Goberno da Xunta do señor Rueda. Estamos ante unha actuación de menosprezo e de abandono das veciñas e veciños de Valdeorras. ¿Como poden ter 30.000 persoas cunha asistencia sanitaria baixo mínimos? ¿Como poden ter máis de 2.700 nenos e nenas sen pediatras? ¿Como poden ter o 60 por cento dos afectados e afectadas por silicose de Galiza sen un pneumólogo? ¿Como envían as mulleres que teñen que facer unha ecografía ou unha mamografía 120 quilómetros ata Ourense? ¿Como pode ser que as mulleres teñan que ir parir a Ourense porque a incubadora non funciona? ¿Como poden ser tan insensibles, señorías do Partido Popular? A sanidade é un dereito; é un dereito de todas e todos e prestala é un deber da Xunta de Galiza. É un deber para con todas as galegas e galegos, independentemente de onde vivan.

Señorías, ¿e que facemos en Valdeorras ante este despropósito, ante este castigo? Pois os veciños e veciñas non nos conformamos, non calamos; protestamos, defendemos na rúa unha mellora dos servizos sanitarios deste distrito e organizámonos. Aí temos a asociación Asilival dos afectados pola silicose, que leva meses e meses defendendo nos despachos e nas rúas, con concentracións e manifestacións, a necesidade de profesionais para tratar a súa enfermidade —en Valdeorras, por suposto—. Vailles a vida niso, señorías. A lousa xera riqueza, pero tamén ten esta parte negra e perigosa para os traballadores. A asociación De Nai a Nai, defendendo as nenas e nenos e exixindo a presenza de pediatras na atención primaria sen desfalecemento. E, por suposto, hai que recoñecer á plataforma sanitaria de Valdeorras o seu inxente traballo na defensa da sanidade pública e de calidade no noso distrito. Unha plataforma que convocou unha manifestación para o pasado 22 de novembro para mostrar ese rexeitamento a esta política sanitaria da Xunta do Partido Popular. E si, señorías, quero expresar o meu orgullo, a miña satisfacción, pola demostración cívica de miles e miles de veciñas e veciños desta comarca, que encheron as rúas do Barco de Valdeorras ese pasado 22 de novembro. Ateigamos as rúas, a pesar da auga e do frío, na defensa da sanidade pública de calidade para a nosa comarca. Quero recoñecer esa inmensa demostración na defensa dos nosos servizos públicos. Dende logo, é unha honra persoal pertencer a esta comarca que defende desta maneira, sen descanso, a nosa sanidade.

Señorías, reclamamos contra este desmantelamento sanitario. E, por suposto, seguiremos, non teñan a única e a menor dúbida, señorías do Partido Popular; continuaremos denun-



ciando a falla de servizos sanitarios e seguiremos defendendo unha sanidade pública e de calidade. Por suposto, vannos ter nas rúas defendendo que Valdeorras teña a sanidade que merece, a sanidade adecuada para a poboación, para esas 30.000 veciñas e veciños que conformamos este distrito sanitario.

Señorías, con respecto á iniciativa...,

O PRESIDENTE: Remate.

SECUNDINO FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: ...presentamos unha emenda de adición na que especificamente pediamos que se cubrisen as prazas vacantes de Pediatría existentes no centro de saúde de Valdeorras. E tamén se reflicten algunhas das nosas demandas nesa proposta do Partido Socialista, pero tamén pedimos que se poña en funcionamento de xeito urxente o servizo de ecografías e mamografías no hospital público de Valdeorras, de xeito que todas as mulleres poidan facer estas probas diagnósticas neste hospital. E, por último, dada a incidencia que hai desta enfermidade profesional —como é a silicose—, constituír no Sergas unha unidade especializada na diagnose e no tratamento...

O PRESIDENTE: Grazas.

SECUNDINO FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: ...da silicose localizada no distrito sanitario de Valdeorras e que sirva como referencia para toda Galiza.

O PRESIDENTE: Grazas.

SECUNDINO FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grupo Parlamentario Mixto, señor Ojea.

ARMANDO OJEA BOUZO: Grazas, presidente.

Bos días, señorías.

Falo moitas veces de que a provincia de Ourense é a provincia máis discriminada por parte dos sucesivos gobernos da Xunta de toda a autonomía; e, en particular, dentro da provincia de Ourense, a comarca de Valdeorras é posiblemente —e xa desde una perspectiva histórica— unha das máis desfavorecidas da propia provincia. Iso xa é unha situación que vén da historia, da incomunicación que desde hai moito tempo tivo esa comarca co resto da autonomía; e que segue tendo: aí está aínda esa A-76 pendente de facerse por parte do Goberno, ese desdobre de carrís na carretera que vai de Valdeorras á capital, que tamén se está pedindo e que fai que moitas veces a viaxe entre Valdeorras e a capital e outras partes da autonomía sexa tan longa. Viaxe que se fai especialmente problemática e grave cando teñen que ter lugar transportes derivados de necesidades sanitarias.

Estabamos falando, por exemplo, desa necesidade dunha incubadora de traslado urxente que fai falta no hospital; as incubadoras de traslado —como saben—, son para cando un



bebé nace de xeito prematuro e hai que levalo a algún centro de especialidades en aras dalgunha doenza. O ideal sería que se puidese atender no mesmo sitio, o ideal cando nace un destes bebés neonatos prematuros sería que calquera que fose a súa necesidade no propio centro se puidese atender e non houbera que levalo a ningún outro lado; nin a Ourense nin a outros sitios. Porque eu teño coñecemento cercano dun prematuro que tivo que ser levado ao Juan Canalejo, por exemplo, da Coruña; e aínda desde moito máis lonxe, se tivese que ser trasladado nunha desas imprescindibles incubadoras que manteñen o bebé coas súas constantes vitais —co grao de humidade, de temperatura, de saturación de osíxeno— nun ambiente aséptico que permite que poida levarse coa maior das garantías, dentro do posible, a un centro onde poida ser atendido. Esa incubadora é imprescindible. O ideal sería que houbera, desde logo, máis de unha. E, loxicamente, sumámonos á petición desa necesidade concreta da que estamos falando.

Pero, claro, as necesidades da comarca de Valdeorras en ámbitos sanitarios e noutros moitos —pero no ámbito sanitario, en concreto— son moito maiores. Na provincia de Ourense están as máis longas listas de agarda de Galicia. Os datos concretos pódenos vostedes buscar en calquera páxina de estatísticas. Pero, dentro da provincia de Ourense, a comarca de Valdeorras é a que máis longas ten tamén as listas de espera. Ou sexa, que estamos aínda en datos peores en cousas como Oftalmoloxía ou Uroloxía, e as necesidades de Pediatría estanse pondo de manifesto todos os días.

Estabamos reflexionando hai un pouco sobre que a comarca de Valdeorras é unha das comarcas que foi a orixe de moitas sagas de médicos. É curioso, porque moitísimas recoñecidas sagas de médicos son oriúndas da zona de Valdeorras e incluso varios dos alcaldes que houbo nos últimos tempos eran os médicos da zona. Falábase na Veiga dun gran médico que foi o alcalde, o señor Vicente García Carrasco, que tiven a honra de tratar, pai dunha saga de médicos coñecida; o propio alcalde do Bolo, o señor Corzo, tamén médico; e outros moitos. E, curiosamente, menos mal, ao mellor, se non fose tamén por iso. Falaba alguén da tendencia dos médicos a marchar desa zona, desa comarca, polas deficiencias que atopan na súa forma de traballar. Ao mellor sería incluso peor se non houbera ese substrato de médicos na comarca.

Co caso da silicose, desde logo, a provincia de Ourense tivo xa unha maldición pola silicose cando se fixo a vía do tren. Ao entrar a vía do tren procedente de Castela na autonomía, pois, loxicamente, o cambio de orografía fixo que fixese falta construír moitos túneles. E moitísimas familias quedaron afectadas, entre elas a miña, por esa enfermidade —chamábanlle «o mal da vía», aínda non se lle chamaba silicose—. E agora, precisamente na comarca de Valdeorras, pola pizarra e pola lousa, xa desde hai moito tempo a incidencia da silicose é das maiores do mundo. E, loxicamente, parece paradoxal que posiblemente nun dos lugares do mundo onde máis afecta a silicose non haxa un pneumólogo con praza fixa; cando o ideal sería que tivesen, desde logo, moitos máis, porque a incidencia desta enfermidade na comarca é realmente grande.

No caso dos servizos médicos xerais, estase poñendo de manifesto; desde logo que houbo manifestacións, e máis que seguramente vai seguir habendo. Porque parece ser que co Partido Popular —por moito que aquí critique moitas veces esa clase de concentracións,



esa clase de manifestacións—, a única forma de atender determinadas reivindicacións de xeito reactivo máis que proactivo é esa clase de manifestacións. Como pasou, por exemplo, no paritorio de Verín, que curiosamente é unha comarca tamén próxima á de Valdeorras.

Valdeorras parece que leva un tempo sendo, pois non sei... A miña avoa adoitaba dicir unha expresión que nunca se me olvida: «parece que o viu unha bruxa». Porque, mire, os incendios do pasado verán nos que —como teño dito recentemente— a Xunta non parece ter reparado coa suficiente atención á hora de tratar de restaurar concretamente a comarca de Valdeorras; que non foi a única da provincia de Ourense que foi afectada, pero si que foi a máis afectada da provincia, xunto coa parte limítrofe da provincia de Lugo. Están destinando recursos —como sabemos, ou como manifestan de xeito explícito— con prioridade cara ao litoral. Desde logo, os incendios do pasado verán tamén tiveron que ter algún tipo de incidencia desde o punto de vista pneumolóxico. Sabemos que en amplas zonas a súa poboación foi sometida a días completos de fume dos incendios. Eu non sei se vostedes viviron —imaxino que si, moitos de vostedes— o que o que supuxo ter que convivir durante varios días respirando forzosamente fume; en Ourense vivímolo, e nesa comarca moito máis. Eu penso que a necesidade dese pneumólogo, xa pola cuestión estrutural da silicose, que efectivamente a pizarra xera moitísimos postos de traballo nesa comarca; case, xunto coa viticultura desa denominación de orixe, seguramente o recurso económico fundamental da comarca. Pois, loxicamente, moitos máis motivos para instalar aí o Servizo de Pneumoloxía; á parte de Obstetricia, á parte de Uroloxía, e á parte —volvemos recordar unha vez máis— da necesidade dunha unidade de Xeriatría hospitalaria nesa zona e no resto das unidades de Ourense.

Nada máis. Moitas grazas.

O PRESIDENTE: Grazas.

Polo grupo Parlamentario Popular, a señora Amigo.

MARÍA ENCARNACIÓN AMIGO DÍAZ: Bos días a todos.

Moitas grazas, presidente.

Señorías, imos debater unha proposición non de lei do Partido Socialista sobre as diferentes medidas que a Xunta de Galicia debe adoptar para asegurar a continuidade e a calidade asistencial dos servizos de Pediatría, Obstetricia, e urxencias do Hospital Comarcal de Valdeorras. E, unha vez máis, volvemos aquí ao de sempre: o Partido Socialista convertendo unha incidencia puntual, resolta en horas, nunha suposta crise sanitaria para tentar arañar titulares. Señorías, xa nos teñen afeitos a esta política do suceso illado, pero hoxe superan vostedes todas as marcas. A señora Dacosta presenta esta proposición construída sobre a avaría dun sensor dunha incubadora; ¡dun sensor, señorías!; non da incubadora enteira nin dun servizo pechado, dun risco asistencial. ¡Dun sensor! E, ¿que é o que pasou? Que ese sensor se arraxou en menos de dúas horas polo persoal de Electromedicina do propio hospital; en dúas horas, señorías, non o negue, non é mentira.



Pois ben, deste episodio mínimo, solucionado no propio día, o Partido Socialista de Galicia pretende artellar un relato apocalíptico para convencer a cidadanía de que o hospital público do Barco de Valdeorras está sen partos, sen incubadora e sen seguridade. E a realidade é sinxela: o venres 7 de novembro houbo unha incidencia nun sensor, e arranxouse ese mesmo día polos servizos de Electromedicina do mesmo hospital. E, para mellor seguridade, dous enxeñeiros da empresa fabricante revisaron o equipo o martes seguinte —do venres 7 ao martes seguinte—, certificando o seu perfecto funcionamento. E, mentres tanto, a pediatra de garda, exercendo unha responsabilidade clínica impecable, decidiu derivar un parto —un só parto programado— ata verificar a seguridade total do equipo. E outro dos partos derivados xa era un parto de risco que se ía derivar, con incubadora ou sen incubadora, ao CHUO, polo risco que tiña ese parto.

Esta é a realidade, señorías. A actividade asistencial de partos do Hospital de Valdeorras non se interrompeu en ningún momento; ningún servizo quedou parado, ningunha muller quedou sen asistencia, iso é o que hai. Pero, claro, había présa por rexistrar esta iniciativa e no mesmo día, antes de que pasasen 24 horas —non fose ser que o Sergas arranxase xa a incidencia, como así se fixo—, a señora Dacosta quedaba sen munición para disparar contra o Goberno. Está a realidade e está a política que practican, a política do microincidente elevado deliberadamente á categoría de problema estrutural. (*Aplausos.*) Unha política irresponsable, oportunista e profundamente desleal coa cidadanía de Valdeorras.

E é aquí cando un se pregunta: se cada pequena avaría vai ser o motivo dunha PNL, ¿que será o seguinte? Cando se estropee un ascensor, un fluorescente fundido ou, quizais, xa que estamos, cun enchufe que non funciona. Non lle teñen respecto nin ao Parlamento, nin aos profesionais e moito menos respecto á verdade.

Presenta unha autoemenda —porque, claro, a iniciativa é o que é— que eu pensei que non lle chegaban as letras do alfabeto, señoría. Pero ben, imos ao fondo do asunto. O Partido Socialista de Galicia fala de reforzos, de medios, de persoal... como se Galicia non estivese facendo precisamente o contrario do que fan os gobernos socialistas alí onde gobernan noutras comunidades.

E falan, escoiten o señor Fernández, da «Xunta do PP». A Xunta é de todos, señorías, e o Goberno da Xunta, que é do Partido Popular, está aquí porque falaron os galegos. Falan e cada catro anos falan os galegos, e por iso a Xunta é do Partido Popular. (*Aplausos.*)

Miren, señorías, aquí hai datos, aquí hai feitos, aquí hai medidas e aquí hai resultados, e imos poñelos encima da mesa. Primeiro, a Xunta de Galicia leva anos adoptando medidas pioneiras e avanzadas para cubrir as prazas nos hospitais comarcais, algo que nin o Ministerio nin outras comunidades fixeron. Os hospitais comarcais aquí en Galicia están blindados grazas ás áreas polas que vostedes tanto protestan. Benditas áreas, porque se non fose polas áreas sanitarias, ¿onde estaría o persoal dos hospitais comarcais? E, mentres hai dous anos que a Comisión de Recursos Humanos do Sistema Nacional de Salud elaborou un borrador —un borrador, señorías— para definir criterios de difícil cobertura que segue sen aprobarse, Galicia dotouse dunha lei pioneira, a Lei 2/2022, que establece con claridade que son postos de difícil cobertura e habilita incentivos específicos para cubrilos. Por iso temos profesionais



nos hospitais comarcais. E, si, os mesmos que veñen agora aquí clamar polos comarcais e pedir a urxencia na cobertura de prazas. Isto é, señorías, hipocrisía elevada a hipocrisía política. Son os mesmos que votaron en contra, señor Fernández e señora Dacosta.

Volvo repetirilles: ¿como estarían eses hospitais comarcais se non fose polas medidas que adoptaron os gobernos do Partido Popular? Porque, grazas a esa lei, esa que vostedes rexeitaron, Galicia puido convocar prazas por concurso, mellorar a valoración das experiencias nos comarcais, ofrecer vantaxes na carreira profesional, priorizar cursos formativos e facilitar proxectos de investigación a todos os profesionais que optan por eses destinos nos comarcais. Todo iso, señorías, está en marcha; todo iso, señorías, existe grazas ao esforzo da Xunta de Galicia; e todo iso existe malia a oposición destrutiva do Partido Socialista Galego e do Bloque Nacionalista Galego. E grazas a esas medidas, grazas a ese compromiso real coa sanidade pública, grazas a esa aposta polos comarcais, o hospital público de Valdeorras incorporou nos últimos dous anos 26 médicos con vínculo de fixeza; 26, por se non o escoitaron ben. Non é propaganda; son contratos, son profesionais, son servizos funcionando. O Hospital Comarcal de Valdeorras garante a continuidade e a calidade de todos os seus servizos, en particular dos servizos de Pediatría, Obstetricia e urxencias, xa que contan con dous facultativos especialistas en Pediatría, catro en Xinecoloxía e Obstetricia e seis médicos de urxencias hospitalarias con prazas aí funcionando. Isto é reforzar a sanidade, isto é garantir servizos, isto é unha política útil e non política de prensa.

E, ¿que fai o Partido Socialista? ¿Que fai? Pretende convencer a xente de que o hospital está abandonado porque un sensor fallou dúas horas. Fan política de medo, non política sanitaria; fan ruído, non propostas; fan teatro, non xestión. A poboación do distrito sanitario do Barco estivo e está perfectamente atendida. A continuidade asistencial estivo garantida sempre. O servizo de partos segue operativo. Os reforzos desde Ourense están previstos, organizados e funcionan como funcionan en calquera sistema sanitario serio ante calquera eventualidade. A súa moción, señorías do Partido Socialista Galego, non describe a realidade; describe a súa ansia por facer dano político. Ademais, tenta ocultar que, cando tocou, cando vostedes puideron apoiar as medidas que agora reclaman para Valdeorras nese momento, señorías, vostedes votaron en contra. Votaron en contra de máis concursos, votaron en contra de máis incentivos, votaron en contra das ferramentas que permitiron contratar os profesionais que hoxe garanten os servizos polos que vostedes veñen chorar aquí. Esa é a súa coherencia.

Por iso, señorías, esta proposición non se pode apoiar, porque é falsa a súa premisa. É unha premisa oportunista no seu contido, irresponsable no seu ton e absolutamente inútil para a cidadanía de Valdeorras. A sanidade pública galega non necesita máis alarmismo fabricado; necesita o que a Xunta está facendo: xestión seria, medidas pioneiras, contratación estable e hospitais comarcais reforzados. O que non necesita, desde logo, é que se converta unha simple avaria puntual nunha cruzada política. *(Aplausos.)* O Parlamento de Galicia, señorías, non está para iso.

Máis nada e moitas grazas. Non teñan a mellor dubida de que o Partido Popular e o Goberno de Rueda seguirán traballando por unha sanidade pública de excelencia. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.



Grupo autor da proposición non de lei, señora Rodríguez Dacosta.

MARÍA DEL CARMEN RODRÍGUEZ DACOSTA: Grazas, presidente.

Señora Amigo, deputada do Partido Popular, ¿a que non se atreven os deputados da provincia de Ourense a manifestar o que dixo vostede nesta tribuna? Porque é completamente mentira, completamente mentira. *(Aplausos.)* Cinco mil persoas saíron á rúa manifestarse, peticionar servizos esenciais sanitarios e vostede di que nós esaxeramos e que non teñen problema ningún na sanidade en Valdeorras. E, claro, vostede sae para crear esa cortina de fume porque non vería un deputado de Ourense aquí dicindo o que vostede di, porque mente. A incubadora... *(Interrupcións.) (Murmurios.)*

O PRESIDENTE: ¡Silencio!

MARÍA DEL CARMEN RODRÍGUEZ DACOSTA: A incubadora estropéase un venres e o martes seguinte é cando se arranxa, señora Amigo.

Pero mire, ademais di que a miña emenda é moi longa. ¡É tan longa como as necesidades que teñen os veciños e veciñas das comarcas de Valdeorras, de Viana e de Trives! *(Aplausos.)* Non sei se, como é portavoz de Sanidade, lle custa tanto ler.

Imos falar entón de casos concretos, porque vostede nega a realidade. Mire, un caso dunha paciente do Barco: unha ecografía mamaria solicitada polo especialista o 3 de decembro de 2024 e hoxe segue sen cita. Téñoa aquí. *(A deputada Carmen Rodríguez Dacosta amosa un documento.)* Tres de decembro de 2024: mamografía segue sen cita. *(A deputada Carmen Rodríguez Dacosta amosa outro documento.)* Ten unha reclamación realizada e dinlle que a comunicación xa foi reasignada ao Hospital de Valdeorras. Segue sen cita dunha mamografía que é encomendada polo xinecólogo. ¿Que pode pasar con esta paciente se ten un problema mamario, un tumor? ¿Que pode pasar, señora Encarna?

Pero é que resulta que temos outro caso, dos moitos que podería poñer. *(A deputada Carmen Rodríguez Dacosta amosa un documento.)* A esta paciente solicítalle o seu médico unha remisión á unidade da dor o 21 de agosto de 2024, pero é que resulta que ten cita para o 12 de decembro de 2025. ¡Quince meses de espera para aliviar unha dor crónica! Esta é situación idílica dos habitantes, dos veciños e veciñas de Valdeorras, esa que vostede reflexa. Eu creo que lle debería dar vergonza facer o discurso que fixo hoxe nesta tribuna. Porque temos profesionais hiperformados en Valdeorras, extraordinarios, pero é que resulta que non teñen medios materiais e humanos, como os ecógrafos que están avariados e teñen que pedir os ecógrafos a urxencias, por exemplo, ou derivar as pacientes a Ourense. Non temos UCI nin REA en condicións, o traumatólogo non pode operar porque está só, Radioloxía colapsada, ecógrafos rotos en Xinecología, probas oncolóxicas que non están listas cando os pacientes van á consulta. Señora Amigo, ¿esa é a realidade que vostede mostraba na contestación a esta iniciativa do Grupo Parlamentario Socialista? Pase vostede por aí. Seguro que coñece o hospital de Burela e as súas condicións, pois estas máis ou menos van por aí, igual de mal, igual de mal.



Entón, con relación á emenda presentada polo Bloque Nacionalista Galego, vaise engadir, presidente —a ver se o teño aquí— o punto 6, que formará parte do punto 2.i da nosa iniciativa. E despois estaba... *(A deputada Carmen Rodríguez Dacosta fai unha breve pausa.)* Non, perdón. O punto 6 queda engadido como 2.i e despois tiñamos un engadido do que lle paso agora lectura á Presidencia da Mesa.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

Proposición non de lei do G. P. Socialista de Galicia, por iniciativa do deputado Aitor Bouza Manso e da deputada Silvia Longueira Castro, sobre a demanda ao Goberno galego da realización dunha avaliación urxente verbo da dotación dos centros educativos públicos galegos de persoal coidador e de profesorado de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe

O PRESIDENTE: Presentouse unha emenda do Grupo parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Cristina Fernández Davila, a través da súa portavoz e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

Débese substituír o texto da parte resolutiva polo seguinte:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1.-Realizar unha avaliación urxente da dotación actual de profesorado de Pedagogía Terapéutica (PT), Audición e Linguaxe (AL) e coidadores/as nos centros educativos públicos galegos, identificando as carencias existentes e establecendo un plan de reforzo inmediato.

2.- Enviar os resultados desta avaliación aos grupos parlamentarios do Parlamento galego, así como a facelos públicos de xeito transparente e inmediato á finalización do estudo, aportando ademais datos sobre o número de solicitudes de persoal presentadas polos centros educativos, categorías profesionais..., e se foron aceptadas ou non pola Consellería.

3.- En tanto se realiza esta avaliación, impulsar un Plan de choque para dotar de maiores recursos profesionais aqueles centros que o solicitaron.»)

O PRESIDENTE: Para formular a proposición ten a palabra o señor Aitor Bouza.

AITOR BOUZA MANSO: Grazas de novo, presidente.

Hoxe traemos esta proposición non de lei coa que pretendemos poñer o foco realmente no que dende o Partido Socialista pensamos que son as necesidades no día de hoxe da comuni-



dade educativa. Non porque o pidamos dende o grupo parlamentario, senón porque as propias comunidades educativas —desde os pais, as nais, o profesorado, todo o que ten que ver incluso coas direccións— están reclamando que se poña solución, de maneira inmediata, a algo que non debería ser un privilexio, senón que é un dereito. Un dereito fundamental para todos eses nenos e nenas que necesitan de profesorado específico que atenda as súas necesidades educativas de coidadores e de coidadoras.

Polo tanto, hoxe traemos esta proposición en termos globais para toda Galicia, non puntualizando de maneira específica en cada un dos centros. Pero si que imos poñer algún exemplo que está ocorrendo na nosa propia comunidade autónoma e que o que demostra é algo que dixemos xa aquí nesta mesma tribuna na comparecencia que fixo o conselleiro de Educación ao inicio do curso escolar: que non é algo puntual de inicio de curso, senón que é algo estrutural. As deficiencias, as carencias que ten o propio sistema educativo no que ten que ver coas necesidades.

E, sobre todo, sobre esa contraposición entre integración e inclusión, dúas palabras que poden semellar idénticas pero que teñen, neste caso, matices importantes. A integración é o que practica o Partido Popular. O 93 por cento do alumnado pode estar integrado, pero non está incluído. Non está incluído porque non ten as garantías e, sobre todo, os recursos para poder ter as mesmas capacidades que o resto do propio alumnado, que ten as mesmas ferramentas para poder estudar no propio ensino galego. E por iso falaba de que non pode ser un privilexio acudir a un centro educativo, nin tampouco se está reclamando nada que non sexa un dereito fundamental. Educarnos en igualdade é unha opción que realmente debería ser a de todos e a de todas, non unha cuestión partidaria. Incluso, como se falaba antes, é unha obriga moral para todos e para todas. E hoxe traemos isto aquí para reivindicar algo que nos parece moi importante.

Dicía que non é unha cuestión puntual de inicio de curso, é unha cuestión estrutural. Pero vexamos os propios exemplos que nos traen estes días: «*Padres y madres del Cerdedo y Soutelo reclaman el profesor de PT que compartían hasta el curso pasado*». En Cerdedo todo o alumnado, dende Infantil ata Primaria, repártese en só tres aulas con catro mestres e, en Soutelo, en cinco, ao cargo de sete mestras. O PT traballa con nenos con diagnósticos e cun 20 por cento de alumnado magrebí que descoñece o idioma e se incorporou nos últimos anos. Esta noticia é de hai escasos días. (O deputado Aitor Bouza Manso amosa un documento.) A propia comunidade educativa está reclamando que se poña unha solución e temos o silencio absoluto, ou a negativa directa, da propia Xunta de Galicia.

«O CEIP Monte dos Postes...» —aquí, en Santiago de Compostela— «...volve solicitar máis profesorado de apoio». Manifestáronse hai escasos días. (O deputado Aitor Bouza Manso amosa un documento.) ¿Que fixo a Xunta de Galicia? Non fixo absolutamente nada. Hai unha reclamación de toda a comunidade educativa. ¿Que temos como resposta? Como resposta temos a negativa do Partido Popular de atender todas esas persoas que necesitan dun profesorado que atenda as necesidades educativas do alumnado. (Aplausos.)

«*Madres y padres del colegio de Covas, en Viveiro, se concentraron vestidos de negro para protestar por la falta de profesorado de apoyo*». (O deputado Aitor Bouza Manso amosa un documento.) Aos



venres negros da CRTVG súmanse agora tamén a propia comunidade educativa en Viveiro. Semella que as promesas baleiras que fixo o Partido Popular para que puidese cambiar o propio goberno en Viveiro non chegaron para que os centros educativos en Viveiro teñan todo o profesorado necesario e, por iso, tamén o traemos hoxe aquí. *(Aplausos.)* Foron novas promesas baleiras do propio Partido Popular de que, supostamente polo cambio de goberno, ían mellorar as condicións de vida das persoas que viven en Viveiro. Pois xa vemos que non, señorías do PP. Era todo mentira, coma sempre.

Ademais, parece que esta iniciativa pode ser unha cuestión específica que reclamamos hoxe aquí e na que insistimos dende os grupos da oposición de maneira permanente, pero non é algo normal que haxa nenos que só poden recibir media hora semanal de apoio individualizado, cando o seu informe indica que precisan varias horas. Iso non é normal nunha educación pública de calidade para todos e para todas. Non é normal que sexan as direccións dos centros, os claustros e as ANPA quen teñan que levantar a voz ano tras ano, cando debería ser a propia Consellería a que atendese todas esas reclamacións que se fan.

A maiores, tamén vimos como hai moitísimos centros que o único que reclaman é ter capacidade para desenvolver as súas propias funcións e para atender todo este alumnado que está esperando pola Xunta de Galicia e que está esperando polos recursos. Vimos como, ao final, se non se dota toda esta comunidade educativa do profesorado suficiente, o que imos provocar é a exclusión e a marxinación. De nada serve integrar o alumnado en todos estes centros ordinarios se non lle damos as capacidades ao profesorado, e tamén os recursos, para que poidan atender con dignidade todas estas persoas. Non estamos pedindo nada máis que dereitos e garantías. Para nada serve que nos veña dicir aquí o Partido Popular que hai unhas altas taxas de integración, do 93 por cento, se despois cando imos a cada comarca da nosa comunidade autónoma vemos como os pais, as nais, o profesorado e inclusive o alumnado ven como estes recortes que fai o Partido Popular provocan que non haxa o profesorado suficiente.

Ademais, vemos tamén como os centros educativos en Ponteareas; o CEIP Xosé Fernández López, do Porriño; o López Ferreiro, en Santiago de Compostela; ou todos estes centros, que acabamos de comentar, tampouco teñen as necesidades educativas cubertas. Estes son só un exemplo do que realmente pasa na nosa comunidade autónoma. Eu xa o dixen en varias ocasións: acudamos como Parlamento. Eu insto a todos os grupos parlamentarios a que nos poñamos de acordo para ver cal é a realidade dun centro educativo e non soamente quedemos no ámbito parlamentario. Xa que, supostamente, os grupos da oposición mentimos e non dicimos verdades respecto ao que ocorre nas necesidades educativas, vaíamos aos centros educativos velo de primeira man. En Santiago témolo fácil: o Monte dos Postes está aquí, ao lado. Vaíamos ver en que condicións se atopan e por que realmente as necesidades son algo que, estruturalmente, fai falla para garantir unha educación inclusiva e de calidade.

Por iso, eu creo que é algo que temos que resumir: isto non vai de ideoloxía, isto vai de dereitos e de humanidade. Se realmente vimos aquí darnos palmadiñas de peito de que somos os defensores das familias e de que somos os defensores da integración e da inclusión, temos que velo tamén nos orzamentos e nos recursos, e non empregar os plans que veñen doutras administracións, como a do Estado, para cubrir os déficits estruturais, como o Plan Mega,



por exemplo. Non se poden empregar estes plans, xa que teñen que servir para dotar de máis recursos os centros educativos e non para paliar os déficits estruturais que ten o propio sistema educativo. Para iso teñen que servir, para complementar e para dar máis recursos. Isto, en definitiva, semella que é unha improvisación, porque ao inicio do curso escolar se nos dixo que era algo puntual. Xa estamos na metade do curso —aproximadamente— e agora, ¿todos estes déficits que no día de hoxe se están a rexistrar estanse denunciando por parte da comunidade educativa?

¿Que pensa a Xunta de Galicia? ¿Pensa que os pais, as nais e a comunidade educativa reclaman e se manifestan por vicio ou por gusto? Non, maniféstanse para defender os dereitos dos seus fillos e das súas fillas. Iso é o que hoxe traemos aquí, a defensa de algo tan básico como unha educación de calidade.

Por iso, eu pido o apoio da maioría desta Cámara. Pido o apoio unánime desta proposta porque, realmente —para concluír—, non é unha proposta do Partido Socialista, senón unha reclamación que fan as propias ANPA, a propia comunidade educativa, o profesorado, as direccións dos centros e, incluso, a inspección educativa en moitos casos.

Polo tanto, como xa sei cal vai ser a resposta do Partido Popular —que xa a están facendo e que xa teñen o informe feito—, entendo que estarán de acordo con apoiar esta proposta que o único que pide é que se faga un informe, que se avalíe e que, detectadas todas as necesidades, despois se cubran. Con este informe entendo que estarán a favor.

Moitas grazas, presidente. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

Do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Fernández Davila.

MARÍA CRISTINA FERNÁNDEZ DAVILA: Grazas, presidente.

Bo día a todos e a todas.

«Anatomía dun farsante» foi a frase coa que Feijóo pretendía darlle un *zasca* *(Murmurios.)* ao presidente Sánchez no Congreso e non foi quen de rematala. Que fose precisamente Feijóo o que intentou dicir esa frase e utilizar a palabra «farsante» foi o máis gracioso, porque o que foi presidente da Xunta deixou unha herdanza de dezaseis anos de recortes, de privatización e de destrución dos servizos públicos; políticas que, por certo, o señor Rueda segue agora facendo de xeito continuísta.

O Partido Popular fai política da farsa. O que din ten sempre outro significado e as súas accións sempre son contrarias ás políticas que din defender. Rueda e o seu conselleiro repiten, como un mantra, que Galiza ten un sistema educativo máis inclusivo, que é un sistema equitativo e que hai máis profesorado neste momento que alumnado. Os titulares da propaganda do Partido Popular son continuos e podemos ver algúns: «Máis de 28 millóns en 2026 para desenvolver a nova estratexia de inclusión educativa»; «Galiza crea un programa de acollida



para o alumnado estranxeiro»; «O alumnado de etnia xitana e o de altas capacidades terán programas específicos contra o abandono escolar»; «O curso comeza con case 303.000 alumnos e máis profesores ca nunca». Todos estes titulares —está claro— poden virse abaixo ante o peso que teñen as reclamacións de máis efectivos docentes, de especialistas ou de persoal coidador que presentan cada curso a primeiros de ano todos os centros educativos. Realmente, teñen case un 25 por cento de alumnado con necesidades especiais e de apoio específico educativo nas súas aulas e este, cada vez, vai en aumento.

Seguro que se tivésemos os datos das prazas que están cubertas e de cales non o están, así como do número de alumnado con necesidades especiais —o NEAE— e de especialistas por centro, xa se desbotaba tanta propaganda, pero ¿por que non os temos? ¿Por que non lles interesa entregar esa información? Na realidade, a cidadanía tan só coñece aqueles casos de falta de recursos para este alumnado alí onde as familias ou o profesorado se manifestaron e se mobilizaron dende o comezo do curso. Por este Parlamento pasaron moitas desas peticións. Algunhas xa se dixeron por parte do Partido Socialista, pero podemos nomear outras: a do Concepción Arenal, da Coruña; a do Ana María Diéguez, de Rianxo; a do Leirado, de Salvaterra de Miño; a do Vila de Cee; a da Virxe da Barca e a dos Muíños, de Muxía; a do Mestre Ramiro Sabell, de Ponteareas; a do Vicente Otero Valcárcel, de Carral; a do San Xoán de Filgueira, en Ferrol; a do Campo Maior, de Ordes; a do IES de Curtis; e as de tantos e tantos outros. O Monte dos Postes, de Santiago, tamén virá a este Parlamento, pero hai moitos máis centros para os que, sen facer mobilizacións, as súas directivas reclamaron eses recursos que tanta falta lle fan ao seu alumnado. Son a maioría dos centros galegos e teñen os mesmos dereitos que calquera que se manifeste para ter un cadro de persoal suficiente que permita atender todo o seu alumnado.

O que non se pode permitir é que a inspección, por exemplo, lle teña que insistir ás direccións para que insistan tamén na Consellería a que fagan mobilizacións e máis ruído, porque, se non, non lles van dar os recursos; ou, incluso, que a Consellería —isto é increíble— diga que a diversidade é unha tarefa colectiva. O que quere o Partido Popular, pois, é acabar coa atención que merece todo este alumnado. ¿Poñen vostedes en dúbida que as propostas dos equipos de orientación son incorrectas ou que estes están mentindo sobre o que precisa este alumnado? Non o creo. Polo tanto, a primeira das súas afirmacións queda desmontada. Proclaman un sistema educativo máis inclusivo tan só polo mero feito de que este alumnado NEAE está escolarizado en aulas ordinarias, pero, en realidade, non están recibindo a atención que merecen ou que din os seus informes.

Falamos tamén de programas, como este que liamos en titulares, sobre a acollida do alumnado estranxeiro e para alumnado con altas capacidades ou de etnia xitana. Simplemente, non hai recursos para levalos á práctica. Están sendo executados pola vontade propia do profesorado dos centros a costa de non realizar as súas funcións e responsabilidades, como poden ser as gardas do centro. Polo tanto, tampouco temos un sistema educativo equitativo. Para iso, todo o alumnado —¡todo!— debería ter as mesmas oportunidades, e vemos que non é así, porque hai alumnos con diversidade que van quedando atrás porque non hai profesionais suficientes para atendelos.

Para desmentir a última afirmación de que hai máis profesorado con menos alumnado, hai datos que son irrefutables: o número de alumnado con necesidades especiais pasou en Galiza



de 9.181 no curso 2021-2022 a 13.517 no 2023-2024. Isto é, nada máis nin nada menos, un 47 por cento máis. O alumnado NEAE pasou de 31.892 no curso 2022-2023 a 36.660 no 2023-2024, un aumento de case o 15 por cento. Con este aumento do alumnado con diversidade, os 5.000 especialistas que di ter a Consellería, evidentemente, non son suficientes. ¿Que fai o Partido Popular? Prioriza o alumnado que ten o recoñecemento oficial de discapacidade, quedando así sen especialistas aqueles que carecen desta certificación. ¿Que pasa con este alumnado, señorías do Partido Popular? ¿Non ten os mesmos dereitos este alumnado que o resto das súas compañeiras? Vostedes permitiron que un alumno do IES de Curtis faltase á clase por non dispoñer dun coidador durante un mes dicindo que non había persoas na listaxe de substitución, malia haber 72 persoas. Calquera mentira vale para este Goberno do Partido Popular, certamente. Por iso, os centros seguen a mobilizarse, como os da Costa da Morte, que convocaron unha concentración para o día 8; ou as mobilizacións do profesorado, sumadas á súa folga do 16 e o 17 de decembro.

Quero agora pasar a ler parte dunha nota de prensa que enviou aos medios de comunicación a federación das ANPA da Costa da Morte, que di:

«A falta de profesorado PT e AL vese agravada pola insuficiencia e a precarización do persoal coidador, ao que se lle vai derivar, de maneira inxusta, parte da responsabilidade na atención do alumnado máis vulnerable sen a formación nin o recoñecemento profesional que correspondería. Limítanse os desdobramentos, increméntanse as *ratios* e xeralízanse instrucións internas que impiden ter os recursos de atención á diversidade, mesmo cando a realidade do centro e do alumnado xustificaría reforzos específicos. Isto obriga a moitas familias a recorrer a servizos privados de apoio, xerando unha fenda cada vez maior entre quen pode pagar a atención externa e quen non. A escola pública, que debería ser o principal garante da igualdade de oportunidades, vese así convertida nun espello das desigualdades sociais, no canto de ser unha ferramenta para combatelas. As familias estamos fartas de promesas incumpridas, de que non se nos escoite e de que se nos desprece por reclamar o que aos nosos fillos e fillas lles corresponde por dereito». (A deputada María Cristina Fernández Davila amosa un documento.) ¡Son as familias, non é a *kale borroka*!

Saiban que tamén resultan insuficientes os orientadores e as orientadoras e que os especialistas están desaparecidos da ESO e das etapas postobrigatorias. Polo tanto, para chegar a unha inclusión real aínda nos queda moito e co Partido Popular imos para atrás coma os caranguexos. O que hai que facer é mudar as políticas dos farsantes por políticas inclusivas reais que poñan no centro o alumnado con diversidade.

Dende o BNG, presentamos unha emenda de substitución que incorpora a proposta do Partido Socialista, pero instando tamén a que o resultado desa avaliación se faga público e a que, de xeito inmediato, se tomen aquelas medidas de choque para solventar a falta destes efectivos.

Moitas grazas. (Aplausos.)

O PRESIDENTE: Grazas.



É a quenda do Grupo Parlamentario Mixto. (O deputado Armando Ojea Bouzo renuncia á súa quenda de intervención.)

Do Grupo Parlamentario Popular, a señora Vázquez Suárez.

CECILIA VÁZQUEZ SUÁREZ: Moitas grazas, señor presidente.

Moi bo día, señorías.

Eu non sabía que a Constitución española mudara o seu artigo 21 para establecer que o dereito á manifestación é un dereito exclusivo do Bloque Nacionalista Galego. Non lles gusta nada que o Partido Popular se manifeste, pero, como comprenderán, temos o mesmo dereito que vostedes a facelo. (Aplausos.)

Dicía onte o meu compañeiro, Roberto Rodríguez, que unha diferenza entre vostedes e nós é que nós non pagamos para encher as manifestacións. (Murmurios.) Nós manifestámonos con coñecemento de causa —claro— porque temos un Goberno central cheo de problemas, un Goberno central indecente e un Goberno central corrupto. Vostedes fan todo o contrario: primeiro, maniféstanse e, despois, inventan o problema. Non é preciso que inventen os problemas porque teñen motivos dabondo para rachar co Goberno central, igual que tamén teñen motivos dabondo para condenar a agresividade e os insultos que o seu sindicato dedicou, no 25 N, ás compañeiras do Partido Popular de Santiago. (Aplausos.) Pero vostedes calan. ¡Calan! Vostedes calan e, ademais de estar caladas, tamén están submisas á UPG. Nós non somos así e eu quero dedicarlle todo o cariño, o apoio e o respecto ás nosas compañeiras do Partido Popular de Santiago, porque nós non só somos feministas dependendo da muller atacada, somos sempre feministas. Esa é outra gran diferenza. (Aplausos.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.) A min gustaríame falar sen que me interrompesen, porque eu creo que estiven calada todo o día, pero en fin, imos ao tema. (Murmurios.)

Hoxe, o Grupo Socialista volve traer a esta Cámara unha proposta construída sobre afirmacións falsas, datos incorrectos e unha visión que demostra o profundo descoñecemento que teñen sobre a realidade educativa galega, e vou explicar por que. Aseguran que moitos centros galegos teñen *ratios* excesivas. As *ratios*, señorías do Partido Socialista, están establecidas nunha lei orgánica de carácter estatal elaborada polo propio Partido Socialista. Evidentemente, esta non se pode superar nunca, porque iso sería incumplir a lei. En segundo lugar, Galicia está reducindo voluntariamente as *ratios* dende o curso pasado grazas ao acordo de mellora, ese ao que vostedes lle chaman «o acordo da vergoña», asinado con todos os sindicatos. Perdón, con todos os sindicatos non foi asinado. Foi con todos agás coa CIG, que, unha vez máis, actúa ao ditado do Bloque Nacionalista Galego. (Murmurios.)

Aí van os datos: Galicia ten unha das mellores *ratios* profesor-alumno en comparación coa media estatal. (Pronúncianse palabras que non se perciben.) Nós temos un 9,9 e a media estatal é dun 11,3. O número de prazas ofertadas é moi superior á demanda. Neste ano, por exemplo, en cuarto de Infantil quedou libre 1 de cada 3 prazas ofertadas no primeiro proceso. Iso quere dicir que o sistema ten capacidade de sobra. Afirmar que o persoal é claramente insuficiente é ignorar ou ocultar a realidade. Máis de 5.000 profesionais traballan hoxe na atención á di-



versidade en Galicia, o dobre que en 2009. O número de PT e AL duplicouse en 15 anos, pasou de 1.500 a 3.000. O persoal coidador tamén se duplicou e temos o maior número de docentes da historia, 150 máis que o ano pasado, malia ter 20.000 alumnos menos. ¿Hai necesidades? Evidentemente hainas, pero tamén hai un reforzo constante dos recursos específicos e do profesorado en xeral. Ademais, como di a propia Orde de atención á diversidade, a atención a este alumnado é responsabilidade de todo o profesorado —¡todo o profesorado!—, non só dos especialistas.

Cando o PSOE fala de inclusión, convén que pida os datos oficiais ao seu propio Ministerio. É certo que igual están a outras cousas no Ministerio e igual non lles responden. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Xa recordou a señoría do PSOE que o 93,3 por cento do alumnado con necesidades educativas especiais está escolarizado en centros ordinarios, sendo a comunidade autónoma máis inclusiva de España, (*Murmurios.*) cunha capacidade de detección altísima... Señor presidente, eu así non me concentro, con todo ese barullo que hai aí (*A deputada Cecilia Vázquez Suárez diríxese ás bancadas.*) neses escanos, pero seguimos igual. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Despois somos nós os que interrompemos e os que non deixamos falar... (*Aplausos.*) ¡Non, están molestando! (*A deputada Cecilia Vázquez Suárez diríxese ás bancadas.*) A min estanme molestando. ¡Non, «aplique o conto», non! ¡Claro, ¡xa está ben! Como dicía, a nosa capacidade de detección é altísima: un 5 por cento, fronte ao 3,6 por cento de media estatal. En centros de educación especial, temos unha das mellores *ratios* de España: son 3,3 alumnos por docente, fronte ao 5,2 de media.

Isto non é propaganda. Como dicía, son datos oficiais do Ministerio de Educación. Non sei se é que esa ministra é descoñecida para vostedes. É certo que lle chaman «a desaparecida» porque reparte o tempo entre os argumentarios como portavoz do Goberno e os seus discursos como líder do PSOE de Aragón. Señorías, hoxe temos preto de 700 profesionais —PT e AL— por riba do catálogo. Polo tanto, repetir unha mentira moitas veces non a converte en verdade. Eu faríalle caso á deputada do Bloque Nacionalista Galego, que dixo onte que mentir é pecado.

Dicir tamén que hai recortes en atención á diversidade é unha falta de respecto profunda aos miles de profesionais que están comprometidos coa inclusión, que son os que sosteñen cada día o sistema educativo. Tamén significa descoñecer que este ano hai unha comisión técnica de asignación que achega transparencia, rigor e criterios técnicos á repartición dos recursos. Ademais, hei de engadir que non hai unha soa medida do Goberno central que mellore o sistema educativo —ningunha, ¡ningunha!—. ¿O cambio anticipado de libros, quen o paga? Galicia. Modifican o Real decreto de comedores e ¿canto aporta o Estado? Cero euros ¿Canto aporta a Xunta de Galicia? Aporta 65 millóns de euros. ¿Que hai das axudas ás familias? Galicia incrementaas nun 25 por cento en 4 anos e o PSOE vota en contra dun plan estatal para mellorar os centros educativos. Despois, van por aí de visita —como foron ao meu concello, a Betanzos— dicir que hai pingueiras e goteiras. Nin unha soa familia e nin un só alumno poden garantir que iso sexa certo. É outra mentira.

Pero, como dicía, a nova lei estatal tamén é unha improvisación: hai falta de diálogo e cero memoria económica, non se pacta nada coas comunidades autónomas e, para rematar, o PSOE e Sumar presentan dúas leis diferentes. Ese é o Goberno «máis unido da historia», igual que cando gobernaron aquí no Bipartito, que tamén estaban «moi unidos».



Xa para concluír, o Grupo Socialista trae unha PNL construída sobre falsidades, carente de rigor, cunha diagnose falsa que despreza o esforzo do profesorado e que ignora os datos oficiais. Unha cousa é facer políticas educativas e outra, ben diferente —e dende o meu punto de vista, lamentable— é tratar de facer política coa educación.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Do grupo autor da proposición non de lei, o señor Bouza.

AITOR BOUZA MANSO: Lamentable, señora Vázquez, é ter que escoitar que, realmente, o que pedimos hoxe é unha falsidade. Xa que se lles enche a boca a vostedes á hora de exercitar o dereito de manifestación —ata agora, porque o vían como o demo—, alégrome de que o recoñezan como algo positivo. Xa que o practican, alégrome de que, por fin, veñan aquí reivindicar un dereito constitucional que o resto xa practicamos e que, por certo, a comunidade educativa tamén, que é a que reclama o que hoxe nós estamos traendo aquí. (*Aplausos.*) ¿Respecta vostede as manifestacións e as concentracións de toda a comunidade educativa, que o que está pedindo é o aumento do profesorado? ¿Está vostede dicindo que a comunidade educativa mente? ¿Mente a comunidade educativa cando pide máis profesorado de necesidades educativas? É a pregunta que lle fago.

Dixo vostede que aquí había unha iniciativa con datos falsos. ¿Cales son eses datos falsos, señora Vázquez? ¿Pódenolos dicir? Está moi ben vir aquí dicir que hai datos falsos, pero ¿cales son os datos falsos? Vostede, á parte, veu aquí faltarlle ao respecto a unha ministra. Dixo que viña aquí facer de argumentario «hi hi, ha ha», pero ¿vostede sabe que os datos que publica o Ministerio son os datos que dá a Xunta de Galicia? ¿Vostede sábeo? Non sei se é falta de coñecemento ou, directamente, mentira o que vostede vén aquí dicir por intentar faltarlle ao respecto a unha ministra. (*Aplausos.*)

¿Quere que lle diga eu que fai vostede de voceira do Partido Popular en Betanzos para defender un centro educativo ao que ao Grupo Socialista se lle impediu o acceso para poder verificar se había esas pingueiras, os datos do amianto e todo o que reclama a comunidade educativa? ¡Impediúsenos velo! ¿Vostede viuno? Se vostede o viu, eu quero saber por que o Grupo Popular si pode acceder a un centro educativo para poder revisar se hai pingueiras ou non hai pingueiras —como vostede está aquí cuestionando— e por que o Grupo Socialista, non; ou se houbo un trato de favor para o Grupo Parlamentario Popular, ou para unha deputada do Partido Popular, por ser do Partido Popular. (*Aplausos.*) ¡Eu quero sabelo! Porque, realmente, iso si é ir en contra dos dereitos dos deputados e das deputadas. Se vostede nega que hai esas pingueiras, ese amianto e eses déficits estruturais no Instituto Francisco Aguiar, en Betanzos, é porque vostede o viu ou porque vén aquí falar de oídas. Se o viu, eu quero sabelo porque, entón, o que se está é tendo unha falta absoluta de respecto cos representantes do pobo galego.

Ademais, ¡fala outra vez de porcentaxes! Deixemos xa outra vez de falar de porcentaxes. Os nenos e as nenas con necesidades educativas non son porcentaxes; son nenos e nenas que



necesitan apoio educativo, necesitan recursos e necesitan profesorado. (*Aplausos.*) Iso é o que está reclamando nas manifestacións a comunidade educativa. Respeten as manifestacións e as concentracións da propia comunidade educativa, non só as que fai con pancarta e chirigota o Partido Popular, seguindo e facéndolle as beiras ao señor Feijóo. Respeten o profesorado que se manifesta e respecten os pais e as nais que reclaman algo tan básico como que os seus fillos e fillas poidan estudar en dignidade e en inclusión real e efectiva, que é o que estamos traendo aquí. ¿Que lle molesta ao Partido Popular desta iniciativa? Esta (*O deputado Aitor Bouza Manso amosa un documento.*) é a «falsidade» que di o Partido Popular: «O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a realizar unha avaliación urxente da dotación actual de profesorado de pedagogía terapéutica, dicción e linguaxe e de coidadores nos centros educativos públicos galegos, identificando as carencias existentes e establecendo un plan de reforzo inmediato». Señora Vázquez, ¿cal é a falsidade? ¿Facer un plan? ¿Avaliar? ¿Saber cal é a necesidade real de todos os centros educativos de Galicia? (*O deputado Aitor Bouza Manso volve amosar o documento.*) ¿Isto parécelles mal? ¿Parécelle mal ao Partido Popular facer unha avaliación e unha análise? ¿Van votar en contra disto? Eu pídolles que voten pensando en todos os nenos e nenas que necesitan un profesor ou unha profesora de apoio; que voten pensando en todos os que necesitan ese apoio para mañá ser autónomos e autónomas; e pídolles que voten pensando en todos os profesionais que poñen a alma, o tempo e a vocación onde a Xunta só pon escusas.

Para rematar, para nós esta proposición non de lei é unha cuestión de xustiza, de xustiza con todos os nenos e as nenas que necesitan ese apoio. É unha cuestión de dereitos e, sobre todo, é unha cuestión de humanidade. A todo iso é ao que chamo as señorías do Partido Popular: a que voten en conciencia.

Por último, señor presidente, para posicionarme respecto á emenda do Grupo Parlamentario do BNG, quero agradecerlle a achega que realiza para mellorar a iniciativa. É certo que, dende o Grupo Socialista, considerabamos que era algo obvio que enviasen os resultados, pero é certo que, coñecendo o historial do Partido Popular, falta fai que poñamos que se envíen eses resultados e que se fagan públicos. Polo tanto, aceptamos como engádega o punto dous e tres na nosa iniciativa.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do deputado Xosé Luís Bará Torres e seis deputados/as máis, sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co fin de que rexeite o plan industrial de Altri e desenvolva como alternativa plans de investimento nos sectores económicos estratéxicos das comarcas afectadas

O PRESIDENTE: Non se presentaron emendas.

Para formular a proposición, ten a palabra o señor Bará.

XOSÉ LUÍS BARÁ TORRES: Grazas, presidente.



Moi bo día.

A estas alturas da tramitación do proxecto de Altri, xa cando van cinco anos desde o primeiro anuncio, podemos dicir que é un proxecto industrial fracasado. É un proxecto industrial que era o proxecto estrela de Feixóo e de Rueda e que é un proxecto que está estrelado. É o símbolo dunha política industrial errada e antigalega.

Porque, señorías do Partido Popular, Altri é un auténtico calote. Vostedes quixeron facer pasar por «biofábrica» o que é unha celulosa, unha macrocelulosa de toda a vida, unha industria contaminante que non quixeron en Portugal e que vostedes, o Partido Popular, nos queren impoñer en Galiza. Un proxecto industrial, ademais, do pasado, que foi tramitado con trampas, con enganos e con escurantismo. E temos que dicirles unha vez máis que estamos agardando, estivemos agardando durante máis dun ano a que vostedes enviasen ao Parlamento a documentación que lles pedimos dos acordos secretos da Xunta con Altri; que seguen sendo secretos, que non nolos enviaron. Ese é o nivel de respecto que lle teñen vostedes ao Parlamento galego. Tivemos que pedirlos na Xustiza, porque vostedes se negaron a entregalos no Parlamento.

É un proxecto industrial de enclave, como é coñecido, ao que vostedes lle deron todo tipo de trato de favor, incluíndo cambios lexislativos feitos á medida de Altri. Foron por aí peregrinando polos despachos en Madrid e en Bruxelas, para pedirlle nada máis e nada menos que 250 millóns de euros a fondo perdido. Medio millón de euros por cada posto de traballo que dicían que ían crear.

Un proxecto industrial, unha macrocelulosa contaminante, como é sabido, con fortes impactos no territorio, no medio, no patrimonio cultural, no río Ulla, na ría de Arousa, pero, sobre todo, para nós o máis grave é que vai ter fortes impactos negativos en actividades económicas estratéxicas para Galiza. Vai ter impactos negativos no sector agrogandeiro da zona onde se pretende instalar esta macrofábrica, vai ter impactos negativos na produción alimentaria de calidade en ecolóxico da Ulloa ou do Deza, na cadea de valor monte-industria, polo que supón de nova aposta eucaliptizadora; e tamén no desenvolvemento turístico da zona pola ameaza que supón, tamén, para o Camiño de Santiago, que é a súa galiña dos ovos de ouro. Nin iso respecta o Partido Popular. E, ademais, tería un impacto moi negativo no río Ulla e na ría de Arousa, que en xeración de emprego e riqueza supón máis de cincuenta veces o que suporía a macrocelulosa de Altri.

Por estes motivos, este proxecto xerou un enorme rexeitamento social, autenticamente masivo, como se viu nas mobilizacións multitudinarias que houbo ao longo deste tempo en Palas de Rei, na Pobra do Caramiñal ou en Compostela, e que haberá de novo o próximo día 14 de decembro. Desde aquí queremos facer, desde logo, un chamamento á mobilización masiva do pobo galego en defensa do territorio, en defensa do país e fronte a esta ameaza. Porque foron —desde logo, témolo claro— esas grandes mobilizacións as que conseguiron que o proxecto de Altri non estea aínda aprobado. Non é mérito do BNG, non nos atribúan ese mérito. Desde logo, non é mérito doutros que queren poñerse esa medalla. É o mérito do pobo organizado desde a Ulloa á Arousa, do pobo galego consciente, do pobo galego digno e do pobo galego comprometido, ao que desde aquí lle manifestamos o noso recoñecemento e a nosa gratitude. *(Aplausos.)*



E, chegados a este punto, cando xa van alá practicamente cinco anos desde os primeiros anuncios a bombo e prato, podemos dicir que estamos na recta final ou no momento clave, no momento decisivo. É certo que o proxecto de Altri, esta macrocelulosa, ten atrancos no camiño. Non ten a garantía da conexión eléctrica que podería poñer en dificultade a súa viabilidade; non é un elemento determinante, pero podería poñela en dificultade. Non conta con ese financiamento do movemento millonario dos fondos europeos. Non tivo tampouco o apoio desde o Fondo de Innovación da Unión Europea; por certo, que si teñen outros proxectos industriais galegos. E, polo tanto, podemos dicir que o proxecto de Altri está tocado, pero aínda está vivo e coleando. Porque nestes momentos falta, en primeiro lugar, a concesión de augas. Que xa nos dirán vostedes como pretenden darlle unha concesión de augas no actual escenario climático e de secas recorrentes e cos niveis de caudais que vimos este verán no río Ulla e no encoro de Portodemouros. Está pendente a autorización ambiental integrada e está pendente a aprobación do proxecto industrial estratéxico, que leva tres anos peregrinando polos despachos da Xunta. En tres anos foron vostedes incapaces de aprobar o proxecto por esa resposta, por esa mobilización social.

E, miren, con esta iniciativa que traemos hoxe aquí queremos pedirllas algunhas cuestións moi clariñas e moi concretas. En primeiro lugar, queremos pedirllas que acepten a realidade, que acepten que Altri é un proxecto do pasado, un proxecto fracasado, un exemplo de franquismo industrial en pleno século XXI, e que é o símbolo por excelencia desa política fracasada, do pasado e antigalega, do Partido Popular.

Queremos pedirllas que deixen de prestarlle apoio, como estiveron facendo ata agora, a esta macrocelulosa. E que deixen de andar mendigando polos despachos de Madrid e de Bruxelas nada máis e nada menos que 250 millóns de euros para esta megacelulosa. E que ese diñeiro se dedique a un plan alternativo de apoio aos sectores produtivos vitais para a nosa economía, onde hai moitas pemes e moitas cooperativas que teñen que ter un apoio decidido do Goberno galego e non actuar en contra, como pretenden facer vostedes con este macroproxecto.

E nós, desde logo, témolo claro. Saiban que estamos en contra de Altri. Estamos en contra de Altri porque estamos a favor de Galiza.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Mixto. *(O deputado Armando Ojea Bouzo, do G. P. Mixto, renuncia á súa quenda de intervención.)* Grazas.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Méndez.

LARA MÉNDEZ LÓPEZ: Bo día, presidente.

Bo día, señorías.



Hoxe iniciabamos esta sesión de control cunha pregunta que lle facía o noso portavoz, o secretario xeral José Ramón Gómez Besteiro, ao presidente da Xunta, o señor Rueda, e o señor Rueda optou por non contestar. E optou por non contestar... *(Interrupcións.)*

¿Podo continuar? Moitas grazas. Que teñen a pel moi fina cando veñen aquí á tribuna e olvídanse de aplicarse o conto cando están aí nas bancadas e están replicando constantemente as nosas intervencións. *(Aplausos.)* A pel moi fina, teñen, e a memoria moi fráxil. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Vou continuar, se a bancada popular me permite facer o exercicio que me corresponde como deputada.

Pois dicía que o señor Rueda optou por non contestar. E optou por non contestar porque entende que Altri non afecta o benestar dos galegos e das galegas, non afecta o benestar medioambiental e non afecta o benestar social. Pero a realidade é que o señor Rueda optou por non contestar para que non se saiba que o Partido Popular segue apostando por Altri. Para que non se saiba que o Partido Popular segue traballando a favor de Altri. *(Aplausos.)* Iso é por que o señor Rueda non deu resposta hoxe á pregunta do señor Besteiro, porque non quere que se saiba a realidade. E a realidade é que sobre Altri non cabe ningunha ambigüidade política, nesa na que se mantén o Partido Popular. E que, ademais, foi un proxecto político do PP, mimado e defendido durante anos a pesar da contestación social, a pesar das mobilizacións históricas, a pesar dos informes que alertan do seu impacto ambiental, económico e social. E o PP está levando ao límite a irresponsabilidade industrial.

Ten un impacto enorme no territorio, que ademais incentiva o monocultivo do eucalipto, despois da traxedia vivida da vaga de lumes deste verán, que se nos olvida, e con esa falsa moratoria que aplica o Partido Popular. Que ademais ameaza a zona da Ulloa e da ría de Arousa. Condicionará a planificación hídrica de Galicia e perturbaría, ademais, a realidade socioeconómica rica e próspera de toda unha comarca.

E, mentres tanto, o Goberno galego instalado no relato da confusión, escoitando cuestións como o propio conselleiro de Economía, que non ten nin idea de se Altri se fará ou non se fará —como que iso non o ten que decidir a Xunta de Galicia—, mirando para outro lado... Pero en realidade, señorías do Partido Popular, saben que isto é falso. Porque a autorización ambiental integrada é da Xunta, porque a concesión da auga é da Xunta, porque a decisión final sobre Altri é da Xunta.

E, ademais, o Partido Popular, como dixen, está a agochar cal é a súa intención verdadeira. Porque, ¿que vai facer o Partido Popular? Mire, todo proxecto industrial require destes tres requisitos que non nos cansaremos de recalcar, e que ademais Altri non cumpre.

A sustentabilidade ambiental. Altri no día de hoxe non cumpre a DIA. É, polo tanto, un brinde ao sol cheo de condicionantes, esa declaración de impacto ambiental na que se basean para escudarse sobre os informes técnicos. Non cumpre o principio de dano non significativo ao medio ambiente. Non cumpre o Regulamento europeo de taxonomía nin o Pacto Verde Europeo. Ese mesmo pacto que o Partido Popular de Feijóo votou xunto coa extrema dereita hai escasas semanas, apartándose dese centro moderado do que presumen e que moi pouco practican, e cada vez menos, abrazándose ao negacionismo climático.



É un proxecto que presiona o Ulla, a ría de Arousa, que incrementaría a explotación de auga nun contexto de seca recorrente; que consolidaría o monocultivo do eucalipto e que, ademais, aumenta a pegada de carbono, porque exporta toda a celulosa que produce. É un proxecto que non coída a auga e que, ademais, é un recurso crítico, cada vez máis; e, polo tanto, non pode ser considerado sustentable.

Tampouco cumpre a viabilidade económica. Unha empresa que supostamente depende dunha axuda de 250 millóns de euros é evidente que non é viable economicamente. Tampouco sabemos o que se lle vai dar, o que se lle prometeu por parte do Partido Popular, porque o señor Rueda, aquí en sede parlamentaria, ten dito que Altri sabía o que se lle ía dar, porque xa se tiña falado con eles. Altri saberao, pero os galegos e as galegas non o sabemos. *(Aplausos.)*

Porque, ademais, Altri non é unha industria transformadora nin innovadora, porque por cada tonelada de liocel producíranse catro toneladas de pasta de papel tradicional. É dicir, Altri é unha macrocelulosa, e iso non é bo para Galicia. E tampouco ten un retorno social para Galicia. Non é que non cumpra, é que o contradí radicalmente. Non garante a economía circular, a cadea de valor do noso país, nin a estabilidade para as comarcas do interior. E, pola contra, xera conflito social e impacto negativo sobre os sectores estratéxicos: sobre o agro, sobre o turismo, sobre a gandería, sobre a pesca, sobre o marisqueo... Por tanto, Altri non cumpre nin a sustentabilidade ambiental, nin a económica nin a social.

Poderíamos falar tamén de transparencia, que aquí é outro elemento esencial: a opacidade coa que traballa o Partido Popular. A sociedade Impulsa, creada polo Goberno galego precisamente para mover este tipo de proxectos tractores —que o de Altri xa se demostrou que non o é— converteuse nunha estrutura paralela para escapar do control público, para escapar do control da oposición, que ademais a Xunta dissolveu con nocturnidade e aleivosía en pleno mes de agosto. Dous informes do Consello de Contas advertiron desa falta de transparencia. E, malia iso, seguimos sen saber que pactou o presidente naquel momento de Impulsa, que era á súa vez conselleiro de Industria. ¿Que compromisos asumiron? ¿Por que o memorando do 2021 foi declarado confidencial? Esa é a incógnita. ¿Que lle prometeron á empresa que non poden facer público? Que hoxe o señor Rueda non quixo contestar.

E, a maiores, o proxecto de Altri, con toda a documentación, foi borrado da web da Xunta de Galicia. Todos os PIE teñen documentación accesible que podes descargar, pero Altri concretamente non.

Mire, si, señor Bará, evidentemente as manifestacións contribúen moito á parálise deste proxecto, como a que teremos o próximo día 14, onde o Partido Socialista novamente volverá estar alí. Pero, se fose así, só con ir ás manifestacións chegaríanos, non teríamos por que traer aquí iniciativas ao Parlamento. Polo tanto, as administracións teñen moito que dicir e a administración do Goberno de España ten falado alto e claro sobre este proxecto Altri, e ten dito que «non» en distintas ocasións: díxolle que non á axuda singular de 250 millóns de euros, díxolle que non ao PERTE de descarbonización e díxolle que non a incluír unha subestación eléctrica feita á medida para este proxecto. Ademais, isto desenchufa a Altri,



pero nin a Galicia nin a Lugo. O que pasa é que o Partido Popular non ten ningún proxecto estratéxico para a provincia de Lugo que non sexa Altri.

A Galicia non lle senta nada ben o Goberno do Partido Popular da Xunta. Si lle senta ben un Goberno progresista en España, aínda que ao Partido Popular isto lle doía, que sexa o que free este tipo de proxectos que non contribúen e non traen nada bo para Galicia. Polo tanto, Galicia merece un futuro sustentable e non un futuro hipotecado polas políticas opacas do Partido Popular, que moito agochan, nada esclarecen e pouco contribúen ao futuro e ao desenvolvemento industrial de Galicia e ao sostemento tamén na calidade ambiental do noso país.

Moitas grazas. (Aplausos.)

O PRESIDENTE: Grazas.

Están con nós e saudamos os alumnos de Primaria do centro Pío XII de Santiago de Compostela, que hoxe visitan o Parlamento. Benvidos ao Parlamento.

E agora continuamos co Grupo Parlamentario Popular. Ten a palabra o señor Lorenzo Gómez.

RUBÉN LORENZO GÓMEZ: Grazas, presidente.

Señora Méndez, eu tamén teño unha pregunta para vostede: ¿que lle propuxeron a Bildu para ser investidos que hoxe, aínda no día de hoxe, non se pode saber? É unha boa pregunta, ¿verdade? E creo que é unha pregunta de máximo interese.

Mire, eu a verdade é que veño un pouco perdido, porque non sei se agora me toca falar de Altri ou de políticas de benestar, porque aquí a vostedes, os socialistas, débelles parecer que estamos no Congreso dos Deputados. Afortunadamente non nos preside a señora Armengol e afortunadamente non se fala só do que vostedes queiran cando vostedes queiran.

Miren, cando teñen que traer, tanto vostede, señor Bará, como vostede, señora Méndez, a Franco e a extrema dereita a un debate, xa di moito do momento no que teñen este debate. Hoxe volvemos aquí falar de Altri en Palas de Reis e facémolo porque a oposición o que precisa é ruído para a manifestación convocada, unha máis. E nós non estamos en contra de manifestarnos, señora Méndez, eu non entendo esa teima que teñen vostedes de falar de que nós temos algún problema con que a xente se manifeste; en absoluto, porque nós si defendemos a Constitución e o dereito á manifestación figura na Carta Magna.

Pero isto xa o fixeron no pasado, porque cada vez que hai pancartas vostedes traen aquí iniciativas para darlles publicidade. Esa é a súa forma de usar o Parlamento: úsano como altofalante de propaganda. Curioso xeito o que teñen vostedes de entender e respectar a funcionalidade do Parlamento, señoría; ata o punto de ver o líder socialista facer esta mañá o ridículo máis absoluto, tratando de usar a sesión de control para sacar a cabeciña así, (*O deputado Rubén Lorenzo Gómez levanta unha man por riba da cabeza.*) dicindo que el é o que máis fixo para desconectar Altri e, xa de paso —as cousas son como son, señora



Méndez —, desconectar toda a provincia de Lugo. (*Aplausos.*) E iso é ao que veñen vostedes os socialistas sacar peito a esta Cámara.

Eu entendo que o señor Besteiro estea falto de protagonismo e pretenda colgarse unha meritoria medalla, segundo el, de cartón-pedra; que, unha vez e outra dende que conseguiu ese fito, queira colgarse. Eu o que lle digo é que, se quere máis protagonismo, quizais o que tiña que facer é vir máis por este Parlamento. Aí o temos, o seu escano baleiro, unha vez e outra. Porque, xa de paso, á parte de enterarse un pouco de como funcionan os plenos, xa deixaría de faltarlles ao respecto a esta Cámara e tamén á provincia que o elixiu, dito sexa de paso.

Agora acabamos de ver unha curiosa batalla, señor Bará, entre vostedes e o señor Besteiro, os señores socialistas, porque parece que agora esa batalla canto menos curiosa é a ver quen fixo máis méritos para tumbar Altri. Curiosa batalla a súa. Pero eu o que lles veño dicir aquí é que este debate non é só sobre Altri; este debate debe ir sobre o modelo de futuro que queremos para Galicia. ¿Queremos un modelo serio, con rigor e investimento ou queremos un modelo de bloqueo permanente, de medo e de «non» sistemático absolutamente a todo? Porque, cada vez que se anuncia unha industria, de avanzar na eólica terrestre ou mariña, cada vez que se plantexa instalar unha liña de evacuación ou de abastecemento para proxectos industriais reaparecen os mesmos discursos: contaminación, ameazas as rías, bulos sobre eucaliptización, sempre o mesmo guión. A resposta está escrita antes de ler unha soa páxina dos expedientes. O seu negacionismo industrial é irresponsable e profundamente negativo para Galicia, señorías da oposición. Porque defender o medio ambiente non é incompatible con crear emprego. O que si é incompatible co futuro de Galicia é a política do veto sistemático. Galicia non pode ser refén dunha oposición que vive instalada no «non» e no catastrofismo.

Quero lembralo con claridade: as avaliacións, señorías, non as fan os políticos do Partido Popular, non as fai o presidente da Xunta, como hoxe se deu a entender aquí; fanas profesionais independentes, profesionais independentes aos que vostedes tratan de presionar e que menosprezan unha e outra vez. E, por se fose pouco, instan vostedes o Goberno da Xunta de Galicia a prevaricar.

Miren, se un proxecto non cumpre, non sae adiante; pero se cumpre, se supera todos os filtros e garante a protección da auga e do territorio, o sensato é apoialo. O que vostedes propoñen é converter Galicia nun territorio hostil ao investimento, nun parque temático sen oportunidades. E, mentres aquí se alimentan bulos, outros lugares de España e de Europa reciben a industria cos brazos abertos, crean emprego e manteñen equilibrio entre progreso e protección ambiental. Galicia non pode quedar atrás, por moito que vostedes prefiran pancartas a proxectos.

Evidentemente, vostedes prefiren a parálise. Como non gobernan, prefiren xerar un relato dunha Galicia negra e sen futuro para desgastar o Goberno galego. Iso si, todo isto logo do seu batacazo electoral. «Ana presidenta», dicían. A mesma presidenta de cartel electoral que votou aquí nesta mesma Cámara a favor do proxecto que dende o día seguinte das eleccións puxeron vostedes no centro da diana. ¡O mesmo proxecto! (*Aplausos.*) Esa lideresa que



hoxe temos a honra de tela presente, que se reúne o día 1 de setembro co embaixador de Portugal (*O deputado Rubén Lorenzo Gómez amosa unha fotografía.*) e este o día seguinte, 24 horas despois, desmente o seu bulo de que en Portugal —cousa que acaba de dicir vostede agora tamén, señor Bará— non quixeron o proxecto Gama. O 1 de setembro, reunión coa señora Ana Pontón; (*O deputado Rubén Lorenzo Gómez amosa unha fotografía.*) o 2 de setembro —24 horas despois—: «*El nuevo embajador de Portugal sobre Altri: no es cierto que no quisiéramos el proyecto allí*». ¿Quere que llo deixe aquí, señor Bará, para que o garde? Se quere enmárqueo, porque xa está ben de tanta mentira e tanta manipulación. (*Aplausos.*)

Miren, vostedes pretenden tomar os galegos por parvos, menten e manipulan unha e outra vez. E eu preguntolles, señora Méndez e señor Bará: ¿en que punto estaría o proxecto de Altri hoxe se o Goberno da Xunta fose o seu soñado Bipartito? ¿Tería fondos europeos comprometidos polo goberno? ¿Tería comprometida a conexión eléctrica o proxecto Gama? Son preguntas que cabería responder.

Menten tamén cando falan de que Altri suporía a eucaliptización de máis territorio. Menten cando din que haberá afección para as rías galegas. Menten cando din que o proxecto non é o mesmo e que non se apoiou unha pasteira no ano 2022. ¿Ou é que vostedes non sabían xa no ano 2022 como se producía o lyocell? Hai hemeroteca de sobra para consultar que xa se sabía, señorías. Vostedes sabían de sobra que para facer lyocell é necesaria polpa de madeira, é dicir, celulosa. Vostedes, por moito que traten de maquillar cando lles convén, están a facer do rexeitamento sistemático á industria unha bandeira, con estrela vermella, iso si.

E non só bloquean, tamén intimidan. Intimidan conselleiras diante da súa casa, traballadoras na sede de Santiago, mesmo xornalistas independentes. E aínda estamos á espera —ten agora unha oportunidade, señor Bará— dunha condena firme, porque cada minuto que pasa con esa falta de condena fainos a vostedes máis cómplices da crispación e da violencia. Porque o seu feminismo, ao igual que o seu medioambientalismo, señor Bará, é puro postureo interesado.

Señorías, vostedes mudaron do «Altri, si» ao «Altri, non» por puro oportunismo, porque perderon as eleccións e agora o que necesitan é ruído. Pero Galicia non merece unha oposición que manipula, que mente e que converte ao Parlamento nun escenario de teatro barato. Non hai máis que ver o que levamos de sesión esta mesma mañá. O que compromete o futuro non é unha industria que cumpre coa normativa, senón a súa estratexia do bulo e do medo. Nós apoiamos proxectos que supoñen un investimento histórico, que pechan ciclos produtivos da madeira e que xeran emprego de calidade; para sorpresa de ninguén, como se ten escoitado nesta Cámara, señoría Méndez. Porque o difícil é combinar protección medioambiental e desenvolvemento económico; o difícil é pensar nas próximas décadas e non no próximo titular.

E xa remato, presidente. Dígollo alto e claro: Galicia non pode quedar atrapada no relato da parálise. Galicia merece avanzar, merece innovación, merece oportunidades. Nós non imos permitir que o populismo e a manipulación convertan esta terra nun territorio sen futuro. Nós apostamos polo rigor, por garantías e por progreso.



O PRESIDENTE: Grazas.

RUBÉN LORENZO GÓMEZ: Esa é a verdadeira responsabilidade, esa é a verdadeira defensa de Galicia. E, señoría Bará, nós nunca imos apoiar unha iniciativa que inste un goberno a prevaricar, e iso é xusto o que volven pedir aquí vostedes.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Antes de darlle a palabra ao señor Bará para pechar esta intervención, saudamos os alumnos de quinto e sexto de Primaria do centro Xosé María Brea Segade de Rianxo, que hoxe visitan o Parlamento. (*O presidente saúda coa man as persoas da tribuna de convidadas.*) Estannos saudando a todos e hai que saudalos. Bo día.

Turno de peche desta proposición non de lei, señor Bará.

XOSÉ LUÍS BARÁ TORRES: Benvidos ao Parlamento.

Eu primeiro estou sorprendido por este canto ao dereito da manifestación que acaba de facer o portavoz do Partido Popular. Benvidos ao mundo das manifestacións que vostedes practican. O que pasa é que o practican en Madrid, non o practican en Galiza.

Hai unha cousa, a verdade, na que estou de acordo con vostede. Dixo vostede que este era un debate sobre o modelo industrial e o modelo de futuro. Efectivamente, é o debate sobre se queremos escoller un modelo industrial do pasado, fracasado como o que representa Altri, ou se queremos un modelo industrial de futuro, transformador, como defende o BNG. Ese é o debate, efectivamente.

E mire, o que non lles imos admitir é que vostedes veñan aquí de novo espallar mentiras, espallar bulos, espallar bólas, espallar trolas nesa política trumpista do Partido Popular. Aquí nunca se votou o proxecto industrial de Altri, nunca se votou, (*Murmurios.*) nunca se votou. É falso que se votase aquí o apoio a este proxecto industrial; non se votou nunca. E por que se fai en Galiza explicouno moi ben o señor Soares de Pina nunha entrevista publicada no ano 2024. Dixo: imos a Galiza porque alí hai eucalipto e en Portugal non. Por iso veñen a Galiza e por iso vostedes (*Aplausos.*) lles queren poñer máis eucalipto diante da porta, arredor, para este proxecto, cos cambios que están facendo e con esa pseudomoratoria.

E, miren, sobre a oposición aos proxectos industriais, voulle explicar, a ver se lle queda claro. O 99 por cento dos proxectos industriais e empresariais deste país apróbanse sen ningún tipo de oposición, sen alegacións, sen manifestacións. Moitos deles, por certo, son aprobados por concellos do BNG, como o de Carballo, que ten cheo o polígono industrial de Bértoa, e vostedes se negan co seu voto a ampliálo. Ese é un síntoma de dinamismo e de impulso. E pódolle poñer exemplos de todo tipo de proxectos industriais —algúns estratéxicos e prioritarios— que se están aprobando e que se están tramitando sen ningún tipo de oposición, empezando polos da Ulloa. Pódolle falar do Pazo de Vilane, que estivemos alí visitando, como



un exemplo de industria positiva e transformadora. Pódolle falar da Granxa Campomayor, para a que se tramitou unha ampliación que non tivo ningún tipo de oposición e que produce un millón de ovos ao día en Palas de Rei. Pódolle falar de Bioflytech, que tamén está nun proceso de ampliación sen ningún tipo de... Pódolle falar dos proxectos para os que a Unión Europea aprobou subvencións cuantiosas como proxectos estratéxicos.

Pódolle falar deses proxectos, por exemplo, de metanol e de enerxías renovables, de Green Meiga en Begonte, con 122,9 millóns de euros; fíxese, non tivo ningún tipo de oposición. Tampouco Triskelion en Mugardos. Tampouco a fábrica de Norvento, que visitamos tamén, por certo —como visitamos tamén Xilonor recentemente—, porque o BNG está ao lado dos proxectos industriais que crean riqueza, (*Aplausos.*) que crean emprego, que apostan polo país, que son de raíz, que non se deslocalizan e que apostan polo futuro industrial deste país. ¡Aí si que está o BNG! ¡Ata aí chegamos! (*Aplausos.*) Sabemos distinguir cando se trata dos intereses do país e cando se trata dos intereses alleos que defende o Partido Popular.

E remato facendo —como fixen antes— un chamamento á mobilización, porque, efectivamente, é o elemento clave que fixo —clave, clave, determinante— que en catro anos o proxecto estea onde está, en *stand by*, que vostedes non fosen quen de aprobalo. E non lles pedimos aquí que prevariquen; pedimos que non apoién este proxecto, pedimos que non pidan 250 millóns —¡lea ben a iniciativa!— e pedimos que desenvolvan un proxecto alternativo. E, por iso, tamén pedimos unha gran mobilización contra Altri, que é unha mobilización a favor da gandaría, a favor da agricultura en ecolóxico, a favor do río Ulla, a favor da ría de Arousa, a favor das pemes e das cooperativas...

O PRESIDENTE: Grazas.

XOSÉ LUÍS BARÁ TORRES: ...deste país. Unha mobilización a favor de Galiza.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Votación das proposicións non de lei

O PRESIDENTE: Rematado o debate das proposicións non de lei, procedemos á votación.

Pechen as portas, por favor.

Comezamos votando a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, iniciativa de don Daniel Castro.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do deputado Daniel Castro García e dous deputados/as máis, sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co fin



de que consigne nos orzamentos de 2026 as partidas necesarias para rematar a construción da vía de alta capacidade Costa Norte.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O PRESIDENTE: Votamos a do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, por iniciativa de dona María Dolores Hermelo.

Non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa da deputada María Dolores Hermelo Piñeiro e oito deputados/as máis, sobre a demanda á Xunta de Galicia da elaboración e avaliación dun estudo técnico respecto das necesidades da comarca do Morrazo en canto aos servizos de atención sanitaria continuada e urxente.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 38; votos en contra, 32; abstencións, 1.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O PRESIDENTE: Votamos a do Grupo Parlamentario Popular, iniciativa de dona Carmen Pomar.

Non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa da deputada Cecilia Vázquez Suárez e catorce deputados/as máis, sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que avance no desenvolvemento de ferramentas que garantan a neutralidade ideolóxica nas actividades dos centros de ensino.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 38; votos en contra, 32; abstencións, 1.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O PRESIDENTE: Votamos a do Grupo Parlamentario Socialista, iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta.



Fanme chegar unha transacción sobre a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego que consiste en que no punto 2 da emenda do PSdeG se engade o punto 6 da iniciativa do BNG, e isto faise como punto 2.i. da autoemenda do PSOE. Outra consiste en engadir ao punto 2 da autoemenda socialista, en concreto: «E mentres non se poña en funcionamento, dotar o Hospital de Valdeorras de especialista en pneumoloxía a xornada completa». ¿Acepta vostede?

(Un deputado/a indeterminado/a responde afirmativamente.)

Votamos.

Votación do texto autoemendado e transaccionado da Proposición non de lei do G. P. Socialista de Galicia, por iniciativa da deputada María del Carmen Rodríguez Dacosta e dous deputados/as máis, sobre diversas medidas que a Xunta de Galicia debe adoptar para asegurar a continuidade e a calidade asistencial dos servizos de pediatría, obstetricia e urxencias do Hospital Comarcal de Valdeorras.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O PRESIDENTE: Votamos a do Grupo Parlamentario Socialista, iniciativa de don Aitor Bouza.

Acéptase a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, pero como engádegala.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. Socialista de Galicia, por iniciativa do deputado Aitor Bouza Manso e da deputada Silvia Longueira Castro, sobre a demanda ao Goberno galego da realización dunha avaliación urxente verbo da dotación dos centros educativos públicos galegos de persoal coidador e de profesorado de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O PRESIDENTE: E, por último, votamos a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, iniciativa de don Xosé Luís Bará.

Non se presentaron emendas.

Votamos.



Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do deputado Xosé Luís Bará Torres e seis deputados/as máis, sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co fin de que rexeite o plan industrial de Altri e desenvolva como alternativa plans de investimentos nos sectores económicos estratéxicos das comarcas afectadas.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O PRESIDENTE: Rematan aquí as votacións.

Continuamos coa orde do día. Xa pasamos ao punto sexto, interpelacións.

Interpelación dos deputados Óscar Insua Lema e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre os obxectivos do Goberno galego no que concirne á actualización da normativa en relación coa Administración local e co modelo de financiamento dos concellos

O PRESIDENTE: Para formular esta interpelación ten a palabra o señor Insua.

ÓSCAR INSUA LEMA: Grazas, presidente.

Bos días, señorías.

Bos días, conselleiro.

Supoño que lería xa a iniciativa que presenteí, e sabe vostede da necesidade real de ter unha nova lei da Administración local para este país —un país no que os concellos seguen infra-financiados nun marco competencial obsoleto xa, porque xa son moitos anos dende o ano 1997— e da necesidade de delimitar competencias e de ter un novo sistema de financiamento local pero que estea blindado por lei, por lei. E, claro, xa vemos o que hai. Vinte anos. Vostede leva anos prometendo que esta lei se vai aprobar, que se vai traer aquí, e, finalmente, conseguimos saber este ano —porque levan na Lei de orzamentos catro ou cinco anos dicindo que se vai a traer aquí— que teñen un borrador que non sei por que esconden, que non se sabe que hai. Vostede no mes pasado veu dicir, e dixo, que ían aprobalo no Consello da Xunta este ano —aínda quedan unhas semanas, pensamos que era novembro— e, ao final, pois seguimos igual. Temos os concellos que seguen infradotados economicamente e cada vez máis limitados pola lexislación, non soamente autonómica, senón tamén estatal e europea, que restrinxen, dende logo, a súa autonomía. Impoñen obrigas e impoñen competencias, moitas veces sen consensuar. Dende logo, isto non pode seguir así.

En canto á reclamación que fan os concellos, non soamente da FEGAMP, —por certo, son reclamacións unánimes— senón tamén da Federación Española de Municipios, aquí ninguén pide nada que non sexa xusto. Sabe vostede que temos, que os concellos teñen, un montón



de competencias impropias e, sobre todo, tamén que hai delegacións sen financiamento apropiado. Temos o problema do SAF. Temos o problema tamén de financiamento das escolas infantís municipais; non sei se sabe vostede que hai 98 escolas infantís municipais que seguen sen estar na rede galega. Os puntos de atención infantil, 39, na mesma situación. ¿Centros de día? 23 centros de día que seguen pagando os concellos, maioritariamente, e centos de residencias. En educación tamén temos o problema. Sabe vostede que os concellos son os que teñen que facer a vixilancia, mantemento e conservación. Sen embargo, os conservatorios profesionais de música aí están, financiados moitos deles polos concellos; as obras maiores de reparación dos colexios téñenas que asumir moitas veces os concellos; incluso os conserxes que pagan os concellos nos colexios moitas veces fan funcións que están fóra desas competencias e teñen que facer apoio ao profesorado. En cuestións de sanidade, limpeza e conservación dos centros de saúde de atención primaria, ¿quen as fai? Tamén os concellos.

E despois, tamén, aínda por riba, o tema de Sogama. Vostede sabe perfectamente o que pasou: taxazo, increméntase o prezo da tonelada de lixo e, ¿quen paga todo? Os concellos. Claro, vostede dirá: jé que a culpa é de quen puxo o imposto! Pero é que vostedes son os que cobran realmente o imposto que din que puxo o señor Sánchez. Entón, se o cobran, repartan ¿non? E, agora, na lei de acompañamento, modificación da Lei 5/2016 de patrimonio cultural de Galicia; máis carga tamén para os concellos sen financiamento para que fagan os informes de patrimonio que a Xunta non quere facer. A verdade é que moitas veces todo vai en función e a rebufa dos intereses, porque vostedes o ano pasado —creo recordar que na lei de acompañamento— dixeron que se os concellos non facían os informes que tiñan que facer para os proxectos supramunicipais, que llos facían vostedes e que despois llos cobraban. E agora resulta que teñen que ser os concellos os que teñen que facer en patrimonio. En fin, todo depende de onde tire o vento.

A verdade é que son competencias impropias sen financiamento. Vostede tamén virá aquí dicir —ou xa o dixo algunha vez—: tamén nós financiamos competencias que son propias dos concellos, como en Augas de Galicia. Ben, pero é que en Augas de Galicia vostedes son tamén os que cobran o canon da auga e, á parte, son os que reciben tamén os fondos europeos. Entón, eu creo que aquí a Xunta, desde logo, non regala nada.

Non fai falta máis que ver o que poñen os xornais: «Un modelo de financiamento que leva 22 anos sen actualizar». Os municipios pequenos sofren máis ao asumir as competencias que non lles pertencen. Hai quince concellos este ano onde o aforro neto é negativo e o remanente de tesouraría tamén é negativo. A situación dos concellos é extrema, e temos a Xunta, que non fai nada, ou que, polo menos, fai moi pouco, e non fai, desde logo, o que lle reclama a Fegamp.

Vostedes din que para o próximo ano van destinar 670 millóns de euros para os concellos. Haberá que tamén esperar o informe de Contas, porque no 2023 dixo que, de todos eses cartos que tamén anunciaran, 90 millóns foron para a buchaca, que non se repartiron. Claro, e o problema é que van aumentar este ano ata 187 millóns con ese fondo transitorio, que era o anterior adicional, din que en función de se se aproba esta Lei de Administración local, cos novos criterios. Claro, todo sempre condicionado. 187 millóns, pero, ¿os 483 restantes



como van? Por medio de axudas e por medio de convenios; moitas veces os convenios, para os concellos amigos. Xa lle expliquei aquí na anterior interpelación o método Baltar; podemos volver explicalo, pero...

Entón, esta é unha repartición, desde logo, discriminatoria. Nós o que non vemos é que realmente haxa moitos avances, porque o que se reclama é que eses 483 millóns, que son case o 75 por cento do que reparten, teñen que integrarse no fondo base. É o que se reclama, que se integren no fondo base. ¿Por que? Vostede estivo nun concello tamén, xusto creo que foi no de Ferrol, cando foi tamén presidente da Deputación, e sabe perfectamente que o que queren os concellos é un financiamento que sexa incondicionado e que non sexa finalista. En fin, vostedes, desde logo, non satisfán as peticións da Fegamp e a verdade é que realmente coinciden.

Eu quería centrarme sobre todo no problema do SAF, que hoxe en día é o gran problema que teñen os concellos, o maior problema que teñen hoxe, porque teñen que asumir un gasto que, desde logo, non lles corresponde. Mire, viámolo na prensa: «Piden á Xunta que asuma o custo do SAF co aforro da quitación da débeda»; «piden menos sancións e máis financiamento para o SAF»; «exixen á Xunta o pago inmediato do activo do custo do SAF»; «o Concello de Barbadás solicita á Xunta que asuma a xestión íntegra do Servizo de Axuda no Fogar»; «o Concello de Xermade reducirá as horas do SAF nun 50 por cento se a Xunta non aporta máis fondos». E este, que igual tamén lle gusta: «o Concello de Arteixo pedirá á Xunta que asuma a xestión do SAF». «*Nos declaramos totalmente incompetentes en lo que respecta a la gestión del SAF*», sentenciou o alcalde de Arteixo, o señor Carlos Calvelo; non sei se sabe vostede de que partido político é.

E ante isto, vostedes o que fan, pois claro, o SAF [...]. É que se están incrementando os prezos, porque as últimas licitacións xa subiron a 24 euros a hora, as que están externalizadas. Hai problemas na xestión de persoal: hai pouca xente, un absentismo criminal e non se dan cuberto tampouco as baixas, que é polo que o señor alcalde de Arteixo non quere e solicita a dispensa á Xunta. Aínda por riba, estamos pendentes dun novo convenio laboral que seguramente vai incrementar os custos. E o protocolo que vostedes lles deixan aí aos concellos —o protocolo de prevención e utilización da sinatura, claro—, para que se maten, ¿verdade?; un auténtico despropósito.

Ante isto, ¿que é o que fai a Xunta? Bueno, a maior proposta indecente da historia. Mándalle á Fegamp un correo dicindo que van subir uns euriños: 14 euros agora, 15 euros para o 2027 e 16 euros para o 2028. Esta é unha proposta vergoñenta e que demostra a falta total de compromiso cos concellos. ¡É unha proposta im-pre-sen-ta-ble! (Aplausos.) E vostede, que ten competencias na súa consellaría en propoñer as directrices en relación cos programas de cooperación co segmento local, ¿que fai? Non fai nada, porque tampouco espero que veña aquí dicir que iso non é da súa consellaría e que non hai competencia súa. Iso non é así.

E, ante isto, o Partido Popular pide una mesa de diálogo áxil e directa entre a Xunta e a Fegamp para aproveitar a oportunidade que supón. Incluso chega a dicir nunha nota da Xunta: «A Xunta lamenta o rexeitamento da Fegamp á proposta. Na actualidade, a Administración autonómica financia con 12 euros a hora do SAF». ¡Isto é mentira!, e vostede sábeo. ¡Vostedes, os



señores do Partido Popular, saben que é mentira! A Xunta non financia os 12 euros do SAF, non os financia. É que non hai máis que ler a Resolución do DOG, do luns 17 de febreiro de 2025, pola que se publican as contías de transferencias finalistas efectuadas no exercicio 2024 ao abeiro do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento. Neste dise —e, á parte, é que o vou ler—: «Así mesmo, o crédito orzamentario destinado ao financiamento das transferencias finalistas destinadas á axuda no fogar a persoas valoradas como dependentes...» —é dicir, SAF para dependentes— «...ascendeu a un total de 108 millóns», que se incrementa en 2 millóns por un remanente. «As ditas transferencias finalistas destinadas a financiar a axuda no fogar a persoas valoradas como dependentes tamén foron parcialmente cofinanciadas con fondos finalistas procedentes da Administración xeral do Estado...»

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten que ir rematando, señor Insua.

ÓSCAR INSUA LEMA: «...nunha contía de 57 millóns de euros». Se son 110 o que se destina para o SAF de dependentes e o Estado dá 57, vostedes dan 53; as contas dos 12 euros non saen. Vostedes non están financiando integramente o SAF, e eu non digo que teñan que facelo vostedes, porque quen ten que financiar o SAF de dependentes son vostedes e o Estado, e non o están facer. Os concellos están asumindo máis do 50 por cento do custo deste servizo. A Lei de dependencia é moi clara no seu artigo 32, porque o único que di é que os concellos non teñen que financiarlas. Estará vostede de acordo comigo, ¿verdade?

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten que rematar, señor Insua.

ÓSCAR INSUA LEMA: ¡E vostedes veñen cunha proposta totalmente indecente de subir 2 euros! Si, si, remato presidenta.

En fin, eu creo que está bastante claro. Quería explicarlle precisamente o caso que xustifica esta subvención. Entón, bueno, eu o que lle digo é que chamo os alcaldes precisamente a que se rebelen e a que soliciten o custo que non teñen que pagar eles. Ben, alporizouse a última vez que llo dixen aquí, cando chamamos os alcaldes á rebelión, pero, ¡que casualidade! Pouco despois, «*alcaldes del PP se concentran frente al Congreso para exigir al Gobierno la reforma de la financiación local*». Claro, esa é a vara do Partido Popular, o que entende: as manifestacións que lles interesan a eles, con intereses partidistas do Partido Popular. E vostede alporízase porque lles diga...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten que rematar, señor Insua.

ÓSCAR INSUA LEMA: ...aos alcaldes o que lles dicía de que se rebelasen.

Teñen que traer a Lei de Administración local de Galiza xa, e traernos o borrador, porque que vostedes o escondan di moito. E non me creo que sexan capaces —ou esperemos— de non blindar ben as competencias dos concellos, e de, polo menos, non facerlles pagar aos concellos as competencias que son impropias. Así que espero que me responda a isto...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.



ÓSCAR INSUA LEMA: ...e tamén que me responda a algunha das preguntas que lle fixen precisamente na iniciativa.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Para darlle resposta, ten a palabra o señor conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, don Diego Calvo.

O CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Diego Calvo Pouso): Grazas, presidenta.

Señor Insua, vostedes parece que aprendeu agora do señor Besteiro. O que quería é facer unha interpelación para falar do SAF. Non hai ningún problema en que faga vostede esa interpelación para falar do SAF, pero fágaa ben; vostede sábeo perfectamente.

Voulle contestar varias cousas que vostede dixo aquí e que non son certas e que, ademais, constitúen unha mentira, porque non son incertezas; son mentiras que buscan ou que teñen unha motivación. Primeiro, empezo polas cousas que preguntaba vostede na interpelación e que veñen bastante claras e así llas vou contestar.

Di vostede que cómpre unha nova lei da Administración local de Galicia que reforce o autogoberno local e a democracia participativa. Si, de acordo. Unha nova lei que delimite as competencias municipais. Si, de acordo. Que estableza un renovado sistema de financiamento local xusto e suficiente. Bueno, establecerá un novo sistema de financiamento sempre dentro do ámbito normativo no que nós podemos, porque o sistema de financiamento dos concellos, a participación nos ingresos do Estado, depende do Estado, que é a meirande parte de financiamento dos concellos. Pero a vostede —xa volveremos sobre este tema— iso dálle igual. Cre vostede que a Xunta ten que solucionar o problema de financiamento dos concellos, e non é certo. Temos unha marxe e ímolo facer, cousa que os seus socios non fan, e vostedes non llelo exixen. (*Aplausos.*) Pero seguimos. ¿Que impulse a cooperación entre concellos? Si. ¿Que faga fronte ás desigualdades territoriais e ao despoboamento? Si. ¿Que promova a planificación pública dende criterios de equidade, sustentabilidade e cohesión social? Si.

E pregunta, ademais, por todo iso: ¿vai entregar un borrador da nova lei? Home, por suposto. Pero é que, ¿como se fai unha lei sen vir ao Parlamento? Pero vostede, ¿canto tempo leva aquí?, ¿aínda non aprendeu iso? Estamos facendo un borrador que lle corresponde, entre outros, á Xunta de Galicia. Cando teñamos ese borrador e o aprobemos en Consello da Xunta, pasará a ser un anteproxecto e entón virá ao Parlamento de Galicia, onde se iniciará a súa tramitación parlamentaria e os grupos parlamentarios poderán presentar aquelas emendas que consideren oportunas. Algunhas serán aceptadas e outras non, como en todo procedemento, señor Insua. ¿Ou que quere? ¿Quere saltalo, ou ten vostede outra idea?

Di vostede: ¿quen elaborou o borrador da nova lei? Pois a Xunta de Galicia, ao longo dun proceso participativo do que despois falaremos durante moito tempo e no que vostedes, nalgún caso —o seu grupo político— se borraron, e, noutros casos, representantes do seu grupo político estiveron presentes e algúns fixeron aportacións, claro que si.



¿Que expectativas manexa a Consellería de tela aprobada dentro desta lexislatura? Pois esperamos que nesta lexislatura estea totalmente aprobada. A min gustaríame que o ano que vén estea totalmente aprobada despois da tramitación parlamentaria.

¿Que medidas vai tomar o Goberno galego de forma inmediata nos vindeiros orzamentos para paliar o afogo económico producido polo financiamento dos servizos de competencia autonómica prestados polos concellos? Bueno, vostede saberá, porque había representantes da súa forza política tamén nesa reunión que facemos entre a Consellería de Facenda, a Consellería de Presidencia e a Fegamp, que a tramitación desta lei vai conlevar un cambio na normativa e un cambio no financiamento. E, polo tanto, nós imos —repítolle, dentro das nosas capacidades— mellorar o financiamento dos concellos, pero dentro das nosas capacidades, señor Insua. Non podemos nin temos capacidade para resolver todos os problemas, sobre todo os que non son debidos á actuación da Xunta de Galicia.

Porque vostedes, coma sempre, cando é cousa dos seus socios, calan; porque vostedes non poden prescindir dos seus socios, non os poden criticar. Porque, se rompen cos seus socios, o Bloque pasa a ser insignificante. Non estaría nas deputacións, non estaría nas cidades, non estaría a ningún lado. Por iso, sobre todo o que fai o Goberno socialista, calan. Aí non din nada nin poden protestar por nada; veñen protestar das cousas pequenas da Xunta de Galicia.

Quinta: «Despois da celebración do congreso organizado polo Consello de Contas, onde se dixo que era necesario incrementar o Fondo de Cooperación Local, entre outros...». Pois xa levamos anos incrementando o Fondo de Cooperación Local durante os últimos anos, dende o ano 2011. No 2011, conseguimos blindar por lei un mínimo, de aí nunca baixaba. Aínda que os ingresos da Xunta de Galicia baixasen, o Fondo de Cooperación Local non. Iso é unha garantía de suficiencia para os concellos. Igual parécelles pouco, pero comprenderá que é unha garantía de suficiencia e, a partir de aí, sempre creceu; este ano ata case os 700 millóns de euros.

E última: «¿Ten pensado o Goberno galego cumprir algunha das 21 resolucións en materia de financiamento?». Seguro que si, señor Insua, moitas delas.

E, agora, a partir de aí, voulle dicir o que vostede dixo e contestar algunha das cousas, que creo que é necesario.

Primeiro, que nós impoñemos obrigas e competencias. Mire, as últimas obrigas e competencias que se lles impuxeron aos concellos foron as dos seus socios. ¿E sabe o que fixo vostede? Calar. ¿E o seu grupo? Calar. Cando se votou a Lei de benestar animal no Congreso dos Deputados, ¿que votou o Bloque? Pregúntelles aos seus concellos o que lles supoñen as competencias que lles asignaron coa Lei de benestar animal. Pregúntelles a calquera dos seus concellos, a ver que lles parece. ¿E que votou o Bloque? Nada, o Bloque alí vota que si, e non protestou nin lle dixo nada ao Partido Socialista; alí calou. Agora si, vén falar aquí. *(Aplausos.)* Claro, agora si. *(Aplausos.)* Pero alí calou, alí calou e non dixo absolutamente nada. *(Aplausos.)*

Pero como esas hai moitas máis. Cando se falou da normativa de retirar o amianto de todos os edificios sen ningún tipo de axuda, ¿que dixo o Bloque no Congreso dos Deputados? Nada, alí calou. É máis, ¿que di o Bloque ante toda a situación que estamos vivindo no Congreso



dos Deputados? Pois vímolos, señorías —non o perdan—, a semana pasada —ou hai semana e pico—, cando o seu insigne deputado no Congreso dos Deputados ameazou a Pedro Sánchez e lle dixo que, ollo, coidado, «*que isto non é un cheque en branco*» —textualmente—. Pedro Sánchez aínda está tremendo desde ese día, está tremendo. Porque, despois de semellante ameaza do Bloque Nacionalista Galego, é a primeira vez que o Goberno de Pedro Sánchez está en perigo. (*Risos.*) (*Murmurios.*) Esa é a súa actuación do Bloque defendendo Galicia. Porque, repito, se rompen co PSOE, xa non terían nada que facer.

Pero isto chega aos extremos de que vén aquí falar do taxazo da basura e reconece que é certo que este é un imposto de Pedro Sánchez, pero, como vostedes o cobran, a culpa é súa. Si, si, dixo isto aquí. Recupere o Diario de Sesións. «Como vostedes o cobran, a cousa é súa, repártano». ¿Como que repártano? Perdón, isto é unha imposición de Pedro Sánchez, que non tiña por que ser así, pero o seu socio decidiu que fose así, señor Insua. ¿E vostedes que dixeron a iso? Nada. Coma sempre, calaron. Aí non falan absolutamente nada.

E agora que é Sogama quen ten que recadar, porque é a onde levan o lixo, di vostede que a culpa é de Sogama. ¿Pero como se pode ter tanta cara política, señor Insua? ¿Pero por que non lles din aos seus socios, aos seus compañeiros de viaxe, dos que non se poden librar en ningún caso, que iso non se faga? Bótannos a culpa a nós, pero aí chegan vostedes e di que a Xunta non fai nada ou, se acaso, fai pouco. Pois facemos bastante.

Falaba vostede tamén do partidismo das axudas, falando do financiamento aos concellos. Mire, nesta consellería pediron axuda 33 concellos do Bloque. Dos 33 concellos do Bloque que pediron axuda, 31 levaron axudas. Calcule vostede a porcentaxe, se quere. E é máis, déronse axudas a 289 concellos de Galicia; 289 de 313 non está mal, tendo en conta que non pediron axudas o 100 por cento. Porque as cidades quedan fóra, as grandes cidades quedan fóra destas convocatorias. Creo que non está nada mal dar axudas a 289 concellos.

Pero vostede véñse centrar aquí outra vez de novo nun problema que, efectivamente, teñen os concellos, que é o SAF. E dedicou toda a súa intervención a falar do SAF. E eu vólvolle dicir: oia, isto é facilísimo. ¿Por que non lle dirixe unhas palabras ao Grupo Socialista ou por que no Congreso non fan valer o seu voto para algo? Para algo, señor Insua. Porque, no día de hoxe, a Lei de dependencia —vostede aludía algún dos artigos da Lei de dependencia— di que o 50 por cento ten que ser financiado polo Goberno do Estado e o 50 por cento polas comunidades autónomas. Nós estamos poñendo ese 50 por cento, pero o Estado non. ¿E protestan vostedes por iso? Nin boca, porque o socio non se pode molestar. Non fan absolutamente nada. Fíxese ata que punto chegamos que o Goberno do Estado, os seus socios, acábanse de comprometer co País Vasco a financiar o 50 por cento. É dicir, cos vascos si; con Galicia, non, que non fai falla. Porque, total, en Galicia o noso socio é moi caladiño. Alí non protesta e témolos controlados. Esa é a postura do Bloque, señor Insua. Co País Vasco firmaron un compromiso hai escasas semanas. ¿Por que non esixen vostedes que o firmen con todas as comunidades e que o firmen con Galicia? Porque se a Galicia lle pagasen a débeda xa acumulada de máis de 2.500 millóns de euros que levamos, non habería o problema do SAF, señor Insua. Pero non o fai. ¿E que fai o Bloque? Botar culpas á Xunta, que é o que sabe facer. E, claro, olvidan vostedes. Ao final a competencia municipal do SAF, ¿sabe vostede quen lla asignou —e aí levan o pecado—? Foron vostedes, neste caso non foron os socios,



foron vostedes, co señor Quintana. Aí, na Lei de servizos sociais dixeron que os concellos eran os que tiñan que levar a cabo esta prestación. Foron vostedes, e iso lévano como unha lousa enriba dos ombros, e para evitalo o que fan é falar de calquera cousa menos diso.

Polo tanto, señor Insua, ¿imos presentar unha nova lei? Si, por suposto. ¿Nesta lexislatura? Si, por suposto. ¿Vai comprender ou vai tocar todos estes asuntos que vostede escribiu na súa interpelación? Si, por suposto. Pero recorde, se vostedes queren ser útiles, falen cos seus socios de goberno; porque, se non falan con eles, hai moitas cousas que non se solucionan, señor Insua.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Réplica, señor Insua.

ÓSCAR INSUA LEMA: Grazas, presidenta.

Señor Calvo, home, eu son xurista, non me vai ensinar a min como se fai e como se tramita unha lei; aínda que leve aquí menos tempo que vostede, que leva toda a vida dedicado aquí á política. É dicir, algún tamén traballa fóra da política, ou traballou. (*Murmurios.*)

Ben, que lle pidamos o borrador significa, é dicir, que nolo ensine, porque non llo reclama soamente o Bloque Nacionalista Galego; reclamoullo a Fegamp, tamén, e díxolle que llo ensinase, para que puidese participar tamén ese borrador. ¿Que problema hai por ensinalo, aínda que se faga a tramitación parlamentaria? ¿Hai algún problema? ¿Teñen algo que esconder? Non, ben, pois entón ensíneo.

Home, vén vostede aquí falar do taxazo que... ¡Home!, pero se vostedes na tramitación se abstiveron e non fixeron ningunha emenda ao imposto que se aprobou no Congreso dos Deputados. E vén vostede aquí agora negalo. ¿Ou non foi así? Non fixeron unha emenda. Fíxeronlo despois cando protestaron este mesmo ano no Senado. Isto foi así.

E, claro, vostedes teñen unha máxima: din que a culpa é toda do Estado. Claro, efectivamente o sistema de financiamento tamén depende do Estado, pero é que vostedes teñen marxe de manobra. Explíqueille que dos 670 millóns que hai para os concellos, que din que van destinar o 75 por cento, 483 vostedes danos en axudas e en convenios. ¿Por que non se pode trasladar esa parte tamén para o fondo base? ¿Por que se negan? Porque non lles convén. Porque o que prefiren é manter un sistema de amiguismo que lle vou explicar eu agora as axudas que fan vostedes. E ben, que nos veña aquí dicir que a culpa é nosa, que nós fomos os que metemos competencias aos concellos no Bipartito... Mire, servizos sociais nos concellos hai moitos, hai moitos. E, evidentemente, tamén asumen a competencia e o financiamento os concellos. Pero o SAF de dependencia hai unha lei que di que quen ten que financeira é o Estado e as comunidades autónomas, e non teñen que ser os concellos. Está moi claro, e vostedes na orde que sacan así o din. A ver se deixan de mentir dicindo que pagan 12 euros. Dino vostedes. Non, non, vai á metade e metade, e aínda dá o Estado algo



máis. ¿Que lle deben moitos cartos? Home, ¿quen é o que reclamou toda a vida aquí a débeda histórica que hai con este país? Fomos nós, gobernase quen gobernase en Madrid, gobernase o PSOE ou gobernase o PP. E seguiremolo facendo. *(Aplausos.)*

A lei que tiña que actualizarse, pois claro que é importante. E temos que blindar o financiamento dos concellos, dunha vez, por lei. ¿Sabe por que? Porque hai xente que di que hai concellos de primeira, de segunda e de terceira. *(O deputado Óscar Insua Lema amosa un documento.)* Mire, Julio Yebra, alcalde de Carballo: «Hai concellos de primeira, segunda e terceira, e aos rurais téñennos na última». Alcalde do Partido Popular. Se miramos as novas que saen dos concellos de Lugo, ben, nos concellos saía tamén. É dicir, hai un maior saldo negativo, tamén, que se manteñen Ribadeo e Pol, ambos con desfases cercanos. Concellos con saldo negativo, aquí están os 15 concellos de Lugo. *(O deputado Óscar Insua Lema amosa un documento.)*

Mire, vostede, xa que falou aquí das axudas que dá vostede e a súa consellería, voulle falar de axudas. O que pasa é que hoxe voume ir aí á comarca das Mariñas. Mire, fixen as contas dos convenios que fixo a Axencia de Turismo de Galiza nos últimos seis anos, desde 2018. Na comarca das Mariñas, ¿queren saber cantos convenios fixo a Axencia de Turismo de Galiza? Con Riotorto, cero; con Alfoz, cero; con Ourela, cero; con Muras, cero; co Vicedo, cero; con Xove, cero; con Burela, cero; con Lourenzá, cero; con Foz, cero; con Trabada, cero; con Barreiros, cero; co Valadouro, un —porque, claro, cambiou—. Con Viveiro, dous: claro, porque tamén... *(Murmurios.)* Son 35.000 euros, pero 30.000 no último ano. Con Cervo, un; con Mondoñedo, tres. Tres, 77.000 euros. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿E sabe cantos fixo con Ribadeo? Nove convenios entre 2024 e 2025: 706.000 euros. Este é o método Baltar: convenios para quen é do PP. Só a Axencia de Turismo de Galiza. Se a isto lle sumamos os 14 convenios que se fixeron que non eran da axencia: 1.241.000 de convenios. Si, si. E 11 dos 14 feitos no ano 2024. E a isto sumámoslle dous convenios tamén con Ribadeo de Agader e un convenio máis tamén de Augas de Galiza, de case 7 millóns de euros, co Concello de Trabada.

Estas son as axudas e a política que fai o Partido Popular. *(Aplausos.)* Convenios da amiguismo, financiamento dos concellos discriminatorio. Isto é o que fan vostedes. E só me centrei nunha comarca. Que eu non nego que non teña que levar cartos para Ribadeo, pero o que está claro é que o señor alcalde de Carballo teno moi claro e ten moita razón: concellos de primeira, de segunda e de terceira. O del debe ser de terceira. Eu xa lle digo sempre, que a ver se despertan os alcaldes da boina, porque aquí os que dirixen o Partido Popular, os do birrete, pois parece que non lles dan o que queren.

Repítolle, vostedes traballan moi pouco para mellorar o financiamento dos concellos galegos. Ben, para algúns do PP, si...,

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten que rematar, señor Insua.

ÓSCAR INSUA LEMA: ...—xa remato— pero, en xeral, nada.

Hai unha oportunidade de mellorar e plasmalo nesta nova lei de Administración local, aínda que temos poucas esperanzas, polo que dixo aquí, porque tanta negativa a mostralo a verdade é que é sinal de algo.



Xa digo, señor conselleiro, esmérese. Cambien as políticas de financiamento dos concellos. Teñen marxe para incrementar o fondo base con eses 470 millóns de euros que teñen aí para repartir de axudas, e poder darllos aos concellos dunha maneira non condicionada. Poden facelo e non queren.

E, se hai que reclamar, nós seguiremos reclamando aquí e en Madrid, porque así o facemos, por moito que vostedes digan e...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten que rematar, señor Insua.

ÓSCAR INSUA LEMA: ...por moitas mentiras e por moitas notas de prensa que saquen. É así, nós somos o único partido que reclama aquí e en Madrid. E vós, depende de quen governe nun lado e noutro.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Señor Insua, non me corresponde, por suposto, entrar no debate, interpréteme este comentario como unha suxestión. Os concellos que vostede numerou non pertencen ás Mariñas; os concellos que vostede numerou son da Mariña Lucense. Eu xa sei que vostede é doutra provincia, pero aínda así creo que todos os deputados debemos coñecer xeograficamente o que representamos. Moitas grazas. *(Murmurios.) (Aplausos.)*

Para darlle resposta, ten a palabra o conselleiro de Presidencia, señor Diego Calvo.

O CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Diego Calvo Pouso): Esa é a rigorosidade, presidenta. Pero, miren, volvemos co mesmo.

Volveu falar vostede. Eu doulle os datos, señor Insua: 298 concellos tiveron axuda dos 313 de Galicia, e non pediron os 313. Acabamos de firmar en tempo récord 46 convenios con todos os concellos afectados polo lume de Ourense e algún de Lugo nos últimos días. En tempo récord. Supoño que nos convenios tamén contará todos eses.

Fala vostede... Pídenos que ensinemos o borrador. Mire, nós ensinamos o borrador cando pase a ser información pública, porque o estivemos a discutir e o estivemos a rematar. Entón, cando teñamos o texto para poder ensinar, non é que llo ensinemos nin llo pasemos a vostede de favor. É que vai estar sometido a información pública, van poder facer alegacións todo tipo de colectivos e despois será aprobado o anteproxecto. E, cando o Consello da Xunta aprobe o anteproxecto, virá ao Parlamento. Cando sexa aprobado o anteproxecto como anteproxecto, virá ao Parlamento, onde vostedes... *(Murmurios.)* Onde vostedes van poder facer todo tipo de aportacións. Pero cando sexa sometido a información pública tamén o van ver. Non teñen que esperar nin sequera a que o remitamos ao Parlamento, señor Insua. ¿Que problema ten? ¿Quere pedirlle un aprazamento á Mesa para lelo máis veces e que o tempo dure máis? Pois iso xa é cousa de tramitación parlamentaria. Pero van poder facer todo tipo de aportacións.



Por certo, é unha pena que durante todo este proceso de elaboración non participasen máis, porque foron invitados como grupo político e foron invitados, tamén, os seus representantes. Pero houbo casos ou xornadas que convocamos onde os representantes do Bloque non foron. Unha persoa á que facían referencia pola mañá, a señora Teresa Táboas, coa Fundación Juana de Vega, ela mesma chamou ao Bloque Nacionalista Galego para pedirllles que participasen, porque este era un documento das universidades e era un documento científico para poder debater. E, sen embargo, os alcaldes do Bloque non foron, porque lles pediron que non fosen. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, o PSOE tamén, como di outro deputado. O PSOE temos o correo electrónico dando ordes de que non participasen de ningún tipo.

Porque isto nace coa constitución dun grupo de traballo e a Rede Localis da Universidade de Vigo. Supoño que non terán problema niso. Fixéronse enquisas aos concellos acerca de cales eran as súas demandas ou que crían os concellos que debería incluír unha nova lei da Administración local de Galicia. Fíxose un informe comparativo de todas as leis que existen no territorio nacional para ver como ou por onde tiña que ir a lei galega. Fixéronse xornadas públicas de difusión dos resultados. Fixéronse reunións da comisión entre a Xunta e a Universidade de Vigo para ir actualizando todas e cada unha das aportacións. Fíxose un estudo de delimitación competencial coa Universidade de Santiago de Compostela e firmamos un convenio de colaboración coa Fundación Juana de Vega para falar dun estudo da planta local galega. Fixéronse tres congresos con Rede Localis, Gobernanza multinivel, en varios momentos para falar dos problemas dos concellos. De todas esas xornadas, de todos eses traballos, vanse quitando conclusións que están incorporadas neste texto que traeremos da nova Lei da Administración local de Galicia.

Pero en todas elas, ¿sabedes que botamos de menos, señor Insua? A participación dalgúns colectivos; puntualmente, colectivos políticos, sobre todo o PSOE e do Bloque, na meirande parte destas convocatorias. Porque non querían participar. Non vaia ser que lles guste. ¿Cal é o problema? Que vostedes saben que a Lei e Administración local de Galicia vai chegar agora e o que pretenden é empezar a poñer os problemas antes nin sequera de ver o texto. Isto parécese ao de Altri: antes de coñecer o proxecto xa hai que protestar; por se acaso é bo, imos dicir que é negativo. Iso é o que están a facer vostedes coa Lei da Administración local de Galicia.

Vén aquí falarnos... ¿Que pretende vostede? ¿Que o problema do SAF o resolva a Lei da Administración local de Galicia? E dicía vostede que era xurista e que, polo tanto, sabía do que falaba. ¡Ah! Queda acreditada a súa competencia. Porque a Lei de Administración Local de Galicia non ten que resolver os problemas sectoriais en ningún ámbito. *(Murmurios.)* Non ten que facer iso. Nin vai resolver os problemas de todas as consellerías nin todas as cousas que estean pendent das consellerías. Para iso hai leis sectoriais ou leis que abordarán cada un deses temas. Pero vostedes o que pretenden é poñer todos os problemas antes nin sequera de coñecer o texto. Eu linlle a súa interpelación e contesteille afirmativamente a todo o que vostede preguntaba na súa interpelación; a todo. Pero a vostede iso non lle vale, dá igual. En vez de subir aquí dicir «alégrome de que todo o que nós dicimos vaia ser contemplado», van dicir vostedes «grazas a nós». Non, xa está feito, non se preocupe, pero agradecemos que se manifeste nese sentido. Imos contemplar todos eses asuntos. Pero, ¿sabe cal vai ser o resultado, señor Insua? Que a vostede non lle vai valer. Dá igual o que poña. Estou seguro



de que, aínda que non é o que ten que pasar, se resolverse o problema do SAF, ja vostede tampouco lle ía gustar! Porque vostedes veñen facer o que dixo antes o último voceiro que estaba aquí, me parece —non vou dicir o nome, para que non se dean por aludidos—: «hai que chamar á mobilización». Iso é no que está o Bloque Nacionalista Galego: hai que chamar á mobilización e facer mobilización. Todo o demais dános igual. E, se aínda encima, podemos botarlle a culpa á Xunta do que fan os nosos socios, pero non nos atrevemos a dicirllo, moito mellor. Así que, señor Insua, verémonos co anteproxecto.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Rematado este debate, suspendemos a sesión, que será reanudada ás 16 horas.

Bo proveito a todos e todas.

Suspéndese a sesión á unha e cincuenta e dous minutos da tarde e retómase ás catro.

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Boa tarde a todos e todas.

Reanudamos a sesión. Prégolles aos señores e señoras deputados que tomen asento e garden silencio.

Interpelación das deputadas Patricia Iglesias Rey e Lara Méndez López, do G. P. Socialista de Galicia, sobre o rigor da avaliación do impacto ambiental e socioeconómico na tramitación dos plans industriais estratéxicos (PIE) promovidos polo Goberno galego

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Para formular a interpelación, por tempo de dez minutos, ten a palabra a señora Méndez.

LARA MÉNDEZ LÓPEZ: Grazas, presidenta.

Moi boa tarde, señorías.

Hoxe tiña que estar aquí facendo a interpelación a nosa compañeira Patricia Iglesias, pero, por mor do falecemento do seu pai, non pode estar aquí hoxe acompañándonos, e trasladámoslle un agarimoso e forte abrazo de parte dos compañeiros do Grupo Parlamentario Socialista, pero creo que o fago extensivo de parte de toda a Cámara.

Señora conselleira, hoxe vimos aquí unha vez máis, o Partido Socialista, a interpelar sobre o que escoitamos nos sectores industriais, pero tamén nos concellos, nos sindicatos e incluso nos ámbitos de expertos e de expertas. ¿Que está pasando cos proxectos industriais estratéxicos de Galicia? É unha pregunta que nos facemos todos. E pídolle que non bote balóns fóra, que non bote a culpa ao Goberno de Pedro Sánchez —porque supoño que o escoitaremos— ou ás algarabías, ás algaradas existentes, que tamén agora son culpa de todo. Pídolle tamén, por respecto a este Parlamento, que asuma a súa responsabilidade como conselleira



de Economía e Industria. En definitiva, pedímoslle un debate político rigoroso, porque, mentres vostedes e o Goberno galego venden un relato de impulso industrial, a realidade élle ben teimuda.

Todos os PIE están parados; todos os PIE declarados pola Xunta, todos, están en fase de alegacións, absolutamente todos. A Xunta leva anos instalándose no márketing industrial, declarando os PIE para saír nunha rolda de prensa, para sacar esa fotografía e facer esa propaganda, pero non para tramitalos nin executalos. Dalgún deses, incluso, como do de Sentury, en As Pontes, só sabemos dende hai case catro anos que hoxe se deslocalizou a Marrocos.

Os feitos falan por si sós: ningún PIE conta coa tramitación avanzada; a web da Xunta nin sequera está actualizada; non existen informes públicos de seguimento, e Impulsa Galicia —a súa sociedade estrela chamada precisamente a promover os PIE en Galicia— disolveuse este verán con nocturnidade e aleivosía sen un só proxecto estratéxico industrial tractor rematado. É dicir: fracaso absoluto. E, aquí, señora conselleira, non pasa nada. A substituta, a Sociedade de Recursos de Galicia, de momento, non tivo ningún resultado. Seguimos esperando pola comercializadora pública de enerxía, que ía rebaixar a luz de todos os galegos e as galegas, pero que o que fixo polo de agora é anunciar a compra de activos de parques eólicos a multinacionais como Acciona por 700 millóns de euros; activos que, ao mellor, se poden converter en pasivos. Sempre acoden rescatar as empresas, señora Lorenzana; é o patrón común do Partido Popular.

Este é o retrato dun goberno que vive de anunciar e non de facer. Mentres o Goberno galego ten os PIE paralizados, o verdadeiro impulso á industria sostible no país veu da man do Goberno progresista de Pedro Sánchez. E a Galicia séntalle ben o Goberno progresista en Madrid, aínda que lles dea moita rabia isto e pese a querer vender o falso relato do vitimismo para confrontar por sistema, porque é o que lle manda o seu xefe de filas, A. Feijóo, ou incluso I. Ayuso —non sabemos moi ben xa quen manda ou quen dirixe dende Madrid a política de Galicia—.

Porque imos ver feitos, algúns exemplos industriais e sostibles apoiados polo Goberno de España: hidróxeno verde nas Pontes e Meirama, 30 millóns de euros; bioenerxía de Norvento en Lugo, 27,5 millóns de euros; repotenciacións eólicas voluntarias, 57,7 millóns de euros do Goberno de España; val de hidróxeno no porto da Coruña, 170 millóns de euros; a despesa galega de enerxía, con máis de 100 millóns de euros para proxectos de bombeo e baterías que evitarán perder enerxía renovable, ou 24 millóns de euros para a fábrica pública da IA en saúde no Cesga, unha infraestrutura estratéxica para poñer a Galicia na vangarda tecnolóxica.

Estes son exemplos de feitos dos que carecemos aquí en Galicia, da aposta real pola política industrial no noso país en consonancia co Pacto industrial verde europeo; ese pacto en contra do cal o seu partido, señora conselleira, votou en Bruxelas, xuntándose e uníndose á extrema dereita, (*Aplausos.*) afastándose dese centro que predican e non practican. E claro que afecta Galicia, señora Lorenzana, porque aquí tamén vimos como a súa compañeira de Goberno, a conselleira de Medio Ambiente, non foi ao cumio do clima, situándose no lado máis radical do



negacionismo climático, logo da peor vaga de lumes que vivimos este verán en Galicia, o cal supón dicir que non a recibir transferencias para Galicia para a loita contra o cambio climático.

Practican a confrontación por sistema co Goberno de España. E, mentres, aquí, temos caos eólico, inseguridade xurídica e paralización da industria galega. Se queremos industria precisamos enerxía limpa, estable e con seguridade xurídica, pois Galicia ten hoxe máis de noventa parques eólicos suspendidos polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, moitos por motivos medioambientais, e esa é unha responsabilidade exclusiva do Goberno do PP, logo de dezasete anos de goberno consecutivos. Non hai ningunha sentenza do Tribunal Superior que se pronuncie sobre o principio de protección ambiental; hai un plan eólico do ano 1997, e un novo suspendido polo Tacgal; a ampliación da Rede Natura está metida nun caixón, e o marco lexislativo, con ata catorce cambios en poucos anos. O Goberno galego do PP cre que se pode construír industria sobre un solo de area. Bandazos normativos, improvisación, repotenciacións obrigatorias sen diálogo e unha confrontación permanente co Goberno de España, pero tamén cos concellos, co sector e coa cidadanía. E o máis grave, señora conselleira: é rotundamente falso que o Goberno de España copie a regulación das repotenciacións eólicas da Xunta; nada que ver coa realidade. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) A Xunta, imposición; o Goberno de España, diálogo e planificación. Nada que ver, e vostede sábeo.

O caso que creo que, como exemplo de mostra, resume o problema do modelo industrial do Goberno galego do PP é o caso de Altri. Altri foi presentado como proxecto tractor biosostible cando a realidade é que é unha macrocelulosa, pero foi o Goberno de España o que lle dixo tres veces que non a Altri: «non» á axuda singular de 250 millóns, porque non cumpría os requisitos de non causar dano non significativo ao medio ambiente; «non» ás axudas do PERTE da descarbonización, e «non» a subestación na nova planificación eléctrica. (*Aplausos.*) E o que se desenchufa, señora conselleira, non é Galicia, nin é Lugo; é Altri. O certo é que para Lugo só tiñan este proxecto estrela.

A incoherencia política, señora conselleira, ponse de manifesto; esas dúas caras que parece ter vostede tamén, eses dous discursos. Algo que preocupa e moito é esa incoherencia política e o radicalismo crecente do Partido Popular nas políticas industriais, e vostede mesma súmase a esa confrontación, aínda que prexudique a Galicia, como podemos ver en incoherencias incluso nas súas propias declaracións, señora conselleira. O día 23 de setembro vostede saía dunha reunión en Madrid dicindo que saía razoablemente satisfeita coa planificación eléctrica do Goberno de España. Estaba contenta e valoraba positivamente os esforzos das infraestruturas enerxéticas para poder enchufar as industrias para Galicia. Dous meses despois —imaxino que chamada a capítulo por Feijóo, por Ayuso, por ambos ou non se sabe moi ben por quen—, o 25 de novembro, vostede afirmou que esa mesma planificación era unha das maiores catástrofes e a peor herdanza do Goberno central. ¿Con que conselleira quedamos? ¿Coa que está satisfeita ou coa que di que é a maior catástrofe da herdanza do Goberno central?, ¿coa que colabora institucionalmente ou coa que confronta?, ¿coa que fala como conselleira ou coa que fala co chaleco do Partido Popular, un Partido Popular radicalizado?

A súa contradición non é tampouco un episodio illado; forma parte desa deriva máis ampla do Partido Popular: o que votou en contra desa Lei do cambio climático en Europa, o que



votou en Europa da man da ultradereita, afastándose —como dicía antes— dese centro moderado que cada vez practican menos. E vostede, señora conselleira, ¿de que lado está? ¿Do lado do informe Draghi ou do informe Leta, do pacto verde industrial europeo, da reindustrialización sostenible, da autonomía estratéxica industrial e da economía verde para gañar competitividade?, ou, pola contra, ¿está do lado de Orbán, Meloni e Abascal, os que boicotean os fondos europeos, os que negan o cambio climático, os que votan en contra da industria verde, os que queren unha Europa feble, contaminante e dependente? ¿De que lado está, señora conselleira? Porque nós entendemos que ten que estar no lado que defenda unha política industrial moderna, europea e verde para Galicia

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten que ir rematando, señora Méndez.

LARA MÉNDEZ LÓPEZ: Finalizo, presidenta.

Señora conselleira, Galicia non merece esta parálise nos PIE, nin este caos, nin esta incoherencia. E nós, dende o Grupo Parlamentario Socialista, defendemos e queremos unha planificación industrial seria, enerxía limpa con seguridade xurídica, transparencia nos PIE, rigor técnico e un Goberno que non viva de anuncios, senón que viva de resultados.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Para darlle resposta, ten a palabra a señora conselleira de Economía e Industria, dona María Jesús Lorenzana.

A CONSELLEIRA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (María Jesús Lorenzana Somoza): Bo día. Grazas, presidenta.

Bo día a todos os deputados.

En primeiro lugar, quero trasladar tamén á señora Iglesias unha aperta, que lle acabo de trasladar persoalmente.

Ben, señora Méndez, coido que o señor Besteiro ou o Partido Socialista de Galicia deu unha instrución clara de formular por escrito unha pregunta, unha interpelación, e de chegar aquí e facer outra completamente distinta. Entón eu, se lle parece ben, vou responder a interpelación que traio preparada e que non ten absolutamente nada que ver co que vostede acaba de facer aquí, salvo por que se refire, efectivamente, aos PIE; jé o único que ten que ver! Cunha salvedade, que é que vou responder tres cousas concretas que acaba de dicir aquí, algunhas das cales son mentiras directamente e outras clarifican moi ben —e tenas que saber a cidadanía— o que vai facer o Partido Socialista, porque o acaba de aclarar vostede aquí. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

A primeira é que di que todos os PIE están en fase de alegacións. É un pouco o mesmo que lle dicía o presidente hoxe á señora Pontón: para ter vivendas, hai que construílas; para ter proxectos estratéxicos, hai que tramitalos. Entón, na interpelación, que vostede seguramente nin leu, *(Murmurios.)* mesmo inciden en como garantimos a participación real da cidadanía



nos procesos dos proxectos industriais estratéxicos, pero logo vostede vén aquí e di que é que os PIE seguen en fase de alegacións. ¡Claro, é que unha das fases dos PIE é a información pública e a audiencia! (*Murmurios.*) Pero a vostede iso non lle interesa; utilízao para darlle a volta e dicir que os PIE van lentos. Van segundo o procedemento establecido.

Sobre a repotenciación, está ben que veña vostede aclarar o que aínda non aclarou Moncloa, pero xa acaba de dicir vostede que a repotenciación que apoia o Goberno de España é con subvencións ás eléctricas. Supoño que vostede isto o ten traballado co Goberno de Moncloa e xa podemos ter por seguro que o Goberno vai subvencionar cos impostos de todos os cidadáns españois todas as eléctricas, inclusive a que acaba de mencionar vostede aquí. (*Aplausos.*) Está ben sabelo e, sobre todo, está ben que o saiban os cidadáns, efectivamente. (*Aplausos.*) O Goberno da Xunta de Galicia obriga as eléctricas a que, cos seus beneficios, procedan a repotenciar parques, aforrando, por suposto, no impacto ambiental e aumentando a produción de enerxía eléctrica; isto todo custeado polas eléctricas. En cambio, o Partido Socialista quere que o paguemos todos os cidadáns. Xa quedo con iso.

En canto á planificación, ¿sabe vostede cal é a diferenza entre as dúas declaracións que eu fixen? Que cambiaron as condicións da planificación. Cando eu estiven no despacho do secretario de Estado, non se sabían nin os investimentos nin os detalles do que se ía investir por parte do Goberno de España en Galicia. E resulta que, cando coñecemos realmente cal é o contido de como vai ser a planificación eléctrica, non ten nada que ver co que se explicou no despacho. ¡Por esa razón, eu teño a obriga de defender Galicia e de dicir que isto é unha tomadura de pelo!: (*Aplausos.*) 13.200 millóns de euros dos que Galicia percibe un 2,7 por cento. (*Aplausos.*) E vostede debería de estar francamente preocupada porque a súa provincia queda sen conexión eléctrica para calquera mediano ou gran proxecto. E isto é así, e non é o nome desa empresa, isto é así. E vostede, co señor Besteiro, está condenando Lugo á desindustrialización durante a próxima década.

Está aí tan tranquila mirando para o papel, porque nin sequera é capaz de mirarme cando lle estou falando. (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Ah!

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Silencio, por favor.

A CONSELLEIRA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (María Jesús Lorenzana Somoza): Mire, benvido de novo o Partido Socialista a aparentar interesarse pola industria de Galicia. Efectivamente, hai dous grupos de persoas e de asociacións e de grupos públicos e privados: os que estamos loitando porque poida existir un desenvolvemento industrial en Galicia, e logo está o outro, no que está desgraciadamente o Partido Socialista, que é o grupo do bloqueo, do «non», de facer demagogia, de intentar facer que fan pero, ao final, bloquear todos os proxectos: bloquea a enerxía eléctrica, promove co Bloque Nacionalista Galego que se fagan plataformas e grupos de presión, promove recursos, fala da parálise eólica coma se non tivesen nada que ver. Aí é onde está o Partido Socialista.

Mire, a interpelación que vostede ou que o seu grupo formulou non tiña nada que ver co que vostede acaba de facer aquí. Era unha interpelación que falaba sobre como, segundo a dicción da interpelación, os plans industriais estratéxicos pretenden ou conseguen impactar con be-



neficios sociais e económicos no territorio. E, da propia redacción da interpelación, despréndese que nin sequera len a normativa e confunden o que son os plans directores industriais cos proxectos estratéxicos. Chámalle plan ao que son proxectos, co cal é absolutamente imposible debater con vostedes porque non leron do que están escribindo.

Dos proxectos industriais estratéxicos din literalmente que «non pode xustificarse a relación dos requisitos ambientais económicos e sociais que deben cumprir, como todos os proxectos industriais» e que «a Xunta ten que reforzar os mecanismos de control, avaliación e seguimento sen debilitar as garantías ambientais e os impactos sociais nos territorios». Disto deduzo que vostede non le, porque se vostede cre —ou o seu grupo cre— que os proxectos industriais estratéxicos menoscaban a lexislación ambiental é que ou non entendeu nada ou que o que pretende é trasladar á poboación unha serie de medos ou inquedanzas que non son certas. A tramitación dun proxecto industrial estratéxico remite escrupulosamente á lexislación ambiental e á lexislación sectorial, e o único que fai é acelerar os trámites e prever un acompañamento público polo órgano substantivo ou industrial de todo o proxecto; non prevé nada máis. Polo tanto, non existe ningún menoscabo sobre outro proxecto das garantías ambientais, co cal vostede comprenderá que eu entenda que non leron a norma, que non a entenderon ou que están tratando de enganar a cidadanía. E non sei cal das tres opcións é mellor.

Van máis alá, e nas súas preguntas sinalan, con diversas denominacións, ¿cal é o impacto social e económico dos proxectos?, ¿como se garante ese impacto?, ¿que porcentaxes de emprego son os creados?, ¿que incentivos hai á contratación?, ¿que mecanismos hai de compensación ou retorno económico para a cidadanía e os concellos?, etcétera. É dicir, que, dalgún xeito, ¿vostede vén aquí preguntarme por que a industria xera un valor económico no territorio? ¿Esta interpelación vai de que eu lle explique o valor que ten a industria?, ¿o valor que ten respecto das contratacións, o valor que ten respecto do movemento en servizos, en hostalería, en comercio local, en provedores, en colaboradores e empresas que se instalan a raíz dunha empresa tractora? Porque iso é o que produce un proxecto industrial estratéxico. (*Aplausos.*)

¿E como o garantimos? Garantímolo avaliando o investimento que ten o proxecto, o sector concreto de que se trata e como se relaciona coa industria onde se coloca o proxecto. Todo iso é o que se avalía respecto dun proxecto industrial estratéxico e, por suposto, tamén o carácter territorial: que supere o local e que, dalgún xeito, poida producir todo isto.

Por iso, implicitamente, realmente o que vostede está facendo aquí é unha pregunta política, que é o que leva facendo a súa formación durante todo este tempo, unha pregunta que non espera resposta realmente, porque non hai dúbida detrás disto. O que quere é apoiar á corrente negacionista e confundir a poboación; iso é o que fai o Partido Socialista. É clarísimo que vostede ten meridianamente claro o impacto que produce un proxecto industrial estratéxico. Quizais por iso, cando chega aquí nin sequera é capaz de soste a interpelación que fixeron por escrito e dedícase a falar aquí de todo: dende a planificación eléctrica ata unha serie de cousas que nada teñen que ver, en concreto, co que plantexaron neste momento.

É curioso que, ademais, na interpelación falen de beneficios económicos e sociais, cando nós trouxemos a este Parlamento unha Lei de promoción dos beneficios sociais e económicos



dos proxectos que aproveitan recursos naturais en Galicia. ¿Que votou o seu grupo parlamentario?, ¿que votou vostede? Pois votaron en contra. Votaron en contra de que se exixa aos proxectos a mellora das condicións de vida das zonas situadas no ámbito de influencia dos proxectos, di a Lei literalmente. Votaron en contra de que se lle exixa aos proxectos un reinvestimento dos beneficios obtidos. Votaron en contra de todo iso, e así podería seguir. Pero, sen embargo, agora nunha interpelación por escrito, preguntan como garante a Xunta que efectivamente eses impactos volven ao territorio.

E mestura todo, mestura Impulsa con RDG. ¿Vostede realmente cre que RDG é a sucesora de Impulsa? Chegan en diversas iniciativas dicir que eu son a presidenta de RDG, cando se lle dixo moitas veces á señora Iglesias que eu non presido RDG. Entón, chega un momento no que creo que tanto descoñecemento debe ser que, ao mellor, é intención de facer ver o que non é. Vou aclarar unha vez máis que eu non son a presidenta de RDG, e que RDG non ten nada que ver con Impulsa, son dous sociedades diferentes.

Pero, en fin, é realmente gracioso que agora estean tan interesados sobre o papel nos beneficios sociais e económicos, pero que cando chegan aquí defender esa suposta interpelación nin sequera sexan capaces de argumentar aquilo que puxeron por escrito. O que fan é una cerimonia de confusión mesturando conceptos, sociedades, políticas, a enerxía, os proxectos industriais estratéxicos, a rede de transportes, lecturas a medias de determinadas declaracións para, desta maneira, continuar facendo demagogia. E, debaixo, ¿que hai? Nada.

Non sabemos aínda o que quere facer o Partido Socialista máis que apoiar o Bloque Nacionalista Galego no bloqueo dos proxectos industriais. Iso si, hoxe sabemos unha cousa moi importante: o Partido Socialista quere subvencionar as eléctricas, porque ten medo de que non lle cheguen os seus beneficios, para repotenciar os parques eólicos, que levan máis de 25 anos funcionando e que polo tanto están absolutamente amortizados. *(Aplausos.)* Pero vostedes queren destinar os impostos...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten que ir rematando.

A CONSELLEIRA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (María Jesús Lorenzana Somoza): ...de todos os españois a financiar as eléctricas. *(Aplausos.)*

Por desgraza, con isto teño que quedar, señora Méndez. A ver se me aclara vostede un pouco máis de como vai ser esa repotenciación que vai facer o Goberno de Pedro Sánchez.

Nada máis. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Réplica, señora Méndez.

LARA MÉNDEZ LÓPEZ: A ver, señora conselleira, eu pensei que viñamos nós aquí, como oposición, interpelala e pedirlle respostas e explicacións ao Goberno da Xunta de Galicia. E



resulta que aquí ten que vir o Partido Socialista darlles respostas do Goberno de España, porque acabou vostede a súa intervención formulándonos esa pregunta. *(Aplausos.)*

E mire, outra cousiña, non necesito mirala para escoitala, porque podo estar escribindo e escoitar á vez, seguíndolle de preto toda a súa intervención, que, por certo, non me valeu de moito —teño que dicirlle—, porque non aclarou vostede absolutamente nada.

E teño que dicirlle, señora conselleira, que, claro, escoitala dicir: é que están en fase de alegacións os PIE todos porque iso forma parte do proceso... Pero, ¿cantos anos dura ese proceso, señora conselleira? ¡Que levan vostedes dezasete anos gobernando de forma continuada! Son dezasete anos en que lles temos dito en moitísimas ocasións que vostedes cambian de conselleiro e cren que resetean todo e parten de cero, que non existe pasado. É como se o PP acabase de chegar, empezase a gobernar agora e non estivese gobernando nos últimos anos.

Vostede na súa intervención só falou do que dixen eu na miña intervención pero sen dar resposta: replicou o que eu preguntaba ou o que eu afirmaba. E, por outra banda, dedicouse tamén a falar das dez preguntas que faciamos na interpelación: de criterios obxectivos, de proxectos industriais que serán beneficiosos con estratexias reais directas e sostibles, de porcentaxes de emprego, de como valora a Xunta o impacto dos proxectos no sentido económico... Bueno, a retahíla toda das dez preguntas que lle fixen, pero que tampouco contestou. Porque ata podería dicir: mire, como me preguntou isto por escrito, voulle contestar polo menos isto, pero tampouco, señora conselleira; tampouco contestou vostede estas cuestións.

Finalizaba a primeira intervención dicíndolle que Galicia non merece esta parálise do Goberno do Partido Popular, a parálise dos PIE, nin este caos nin esta incoherencia na que están inmersos. Nós queremos unha planificación industrial seria, enerxía limpa e con seguridade xurídica, transparencia nos PIE, rigor técnico e un Goberno que non viva só de anuncios, senón que viva de resultados, con feitos, señora conselleira, como está a facer o Goberno de España nos exemplos que xa lle puxen na miña intervención anterior. E o que temos hoxe é todos os PIE paralizados, esta é unha realidade: riscos certos de indemnizacións que pode haber, caos eólico, relatos contraditorios, propaganda e ningunha execución. E despois de escoitala —porque a escoitei—, os PIE —como digo— seguen todos parados, e os artigos 85 e 86 da súa lei deixan claro que non resolvelo pode traer riscos.

A inseguridade xurídica eólica é súa. Non é do Estado, señora conselleira; é da Xunta de Galicia. Así que non lle boten a culpa ao Tribunal Superior de Xustiza de Galiza, porque a responsabilidade do caos eólico é imputable só ao Goberno galego.

O PP hoxe é incompatible coa industria verde europea. ¿Como vai afectar isto Galicia, señora conselleira? Pois dígolle que prexudicando un desenvolvemento industrial sostible que se alimenta de enerxía verde, neste momento en que deberíamos estar todos implicados con este cambio de modelo industrial e aproveitando os fondos europeos que veñen para este fin, modernizando con proxectos tractores que si desenvolvan o territorio.

A incoherencia do seu discurso xera incerteza, conselleira, e non llo di o Grupo Parlamentario Socialista; estalle dicindo o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza *(Aplausos.)* que xera in-



certeza. *(Aplausos.)* O caso de Altri é o exemplo perfecto. Vostede e o señor Rueda vendíano como tractor e como bio, pero foi o Goberno de España —reitero— o que lle dixo ata tres veces que non, con rigor técnico. Agora teñen o balón enriba do seu tellado, conselleira, e, hoxe pola mañá, o presidente da Xunta non foi quen de responder que ten pensado facer con Altri. Agochouno, como agochou todo o proxecto, como agochou o compromiso e o pacto que ten con Altri.

A competencia en política industrial é exclusiva do Goberno galego. Así que gobernen, tomen decisións, porque mentres vostedes confrontan, o Estado inviste en Galicia e aposta polo almacenamento enerxético, pola fábrica da IA en saúde, aposta polo hidróxeno, polo metanol verde, pola innovación, por portos sostibles, por tecnoloxía.

E Galicia non está desenchufada porque Altri non veña para Lugo, nin Lugo está menos desenchufada por non querer Altri alí. Galicia e Lugo teñen falta de proxectos políticos porque a Xunta, que é a que ten as competencias, non é capaz de desenvolver ningún proxecto tractor nin para Lugo nin para Galicia. Polo tanto, o que está desenchufado é o modelo industrial do Goberno galego.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Para dar resposta ten novamente a palabra a señora conselleira de Economía e Industria.

A CONSELLEIRA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (María Jesús Lorenzana Somoza): Grazas, presidenta.

Señora Méndez, «a incoherencia do meu discurso xera incerteza». Si, agora o problema de que non veñan investimentos a Galicia vai ser pola incoherencia do discurso do Partido Popular ou do Goberno da Xunta de Galicia. ¡Que va!, vostedes non están desanimando nada os investidores a que veñan a Galicia. A realidade é que hai que ter cara, ¡eh! ¡Para vir aquí dicir esa frase e quedar tan tranquila hai que ter cara! *(Aplausos.)*

«A incoherencia do discurso do Partido Popular». Ao parecer, nós botámoslle a culpa ao Tribunal Superior de Xustiza pola parálise eólica. Está vostede moi confundida. Para que exista unha sentenza, ten que haber un recurso. ¿Quen anima os recurrentes? ¿Quen xera esas plataformas? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* —xa non vou entrar niso—. ¿Quen anima esas plataformas? ¿Quen xera esa imaxe da tramitación mal feita, de que aquí non se poden implantar proxectos...? Son vostedes, ¡son vostedes!, *(Aplausos.)* e logo din que a incoherencia é do Goberno do Partido Popular.

Lugo está desenchufado e a culpa é da Xunta porque é a que ten as competencias. Agora ten a Xunta de Galicia as competencias en materia da rede de transporte eléctrico. ¿Vostede sabe o que acaba de dicir aquí? ¿Vostede sabe o que acaba de dicir aquí? *(Murmurios.)* Non hai potencia eléctrica en todo o centro e zona limítrofe de Lugo coa Coruña para instalar ningunha industria. Perdeuse a oportunidade en probablemente dez anos de poder ter unha subesta-



ción, e perdeuse porque o seu xefe de filas lle insistiu de maneira vehemente ao Goberno central en que non existise conexión eléctrica en Lugo. ¡Iso é así! (*Aplausos.*) Son vostedes os autores materiais do ocorrido na planificación eléctrica en Lugo.

Non reclamen investimentos para Lugo porque non poden vir, están desaparecidos do que pode ofertar a Oficina Económica. Cada vez que vén un investidor actualmente xa non podemos ofrecer Lugo, porque non se pode conectar o proxecto. E non existe ningunha posibilidade porque non está incluído na planificación. O secretario de Estado trasladoume verbalmente a min mesma que non hai absolutamente ningunha intención de darlle conexión de transporte a Lugo. Punto. ¿Isto é competencia da Xunta de Galicia? ¡En fin!

Quere falar do Goberno central e de que, ao parecer, o Goberno central o está facendo fenomenal en materia industrial. Pois o Goberno central, o Consello de Ministros, ten aprobado un anteproxecto de lei de industria onde cualifica como proxecto industrial estratéxico o proxecto cun volume de investimento relevante en termos nacionais ou, no seu defecto, relevante en relación co tamaño da economía do conxunto das provincias onde se realiza o investimento. Entón, parece ser que a figura que está absolutamente regulada cuns requisitos moi precisos... É que, ademais, non valora só a Xunta de Galicia; dende o punto de vista económico fano as cámaras de comercio, e iso non vale. En cambio, o Goberno central si que o está facendo ben, copia a figura, pero os termos son os que lle acabo de dicir: nin limiares de investimento, nin limiares de emprego creado, nin sectores, nin viabilidade técnico-económica, nada. Incluso a esa comunidade autónoma que vostede di que ten as competencias exclusivas en materia de industria lle deixa alí, se quere, un informe —creo que son sete días os que lle dá— e, se non, considera que o informe é favorable. Isto é o que o Goberno de Pedro Sánchez ten en conta as competencias exclusivas.

Seguramente isto vai rápido. Por exemplo, este proxecto de lei leva 35 ampliacións do prazo de emendas porque non son capaces de tramitar esta lei. Isto si que vai rápido. Aquí si que hai que copiar o Goberno de España.

Entón, eu ¿con que quedo?, ¿coa figura dos proxectos industriais estratéxicos que nós regulamos, que vai máis na liña do que vostede sobre o papel está defendendo, ou con esta trappallada —permítame a expresión— que está regulada nese proxecto de lei que non son capaces nin van ser nunca de aprobar nas Cortes Xerais? ¿Con que teño que quedar? (*Aplausos.*)

¿E con que teño que quedar?: ¿co Partido Socialista que solicita por escrito nunha interpe-lación que se valoren os beneficios sociais e económicos dos proxectos, ou co Partido Socialista que vota en contra da Lei de beneficios sociais? Vostedes acaban de presentar unha PNL sobre os parques de Greco e de Baro, firmada por vostede mesma e pola señora Iglesias, onde chegan a afirmar que os descontos nas facturas eléctricas, a participación financeira dos veciños ou a creación de emprego local non teñen un impacto claramente acreditado no benestar colectivo.

Mire, señoría, se vostede quere falar da incoherencia, creo que esta non é a sede adecuada para falar da industria e da incoherencia do Partido Popular, cando vostede milita nas filas do Partido Socialista. (*Aplausos.*)



É unha auténtica pena o que está facendo o Partido Socialista. E vostedes eu creo que están tan metidos nesta postura e levan tanto tempo nesta postura que non son capaces xa de saír dela. ¡Así lles vai!

É evidente —e vostedes sábeno ben— que isto non ten ningún sentido. É evidente que o que están facendo vai levar por diante todo o territorio que vostedes defendan, e a proba é a súa provincia.

Sigan así. Nós, dende logo, coas outras provincias, coas que teñen conexión eléctrica, imos tratar de traer proxectos tractores. E velen vostedes pola súa provincia en Madrid, a ver o que conseguen. Nós non conseguimos nada.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Antes de dar paso á seguinte interpelación, dou a benvida e saúdo os alumnos, alumnas e mestres do Instituto Gregorio Fernández, de Sarria, de formación profesional. Benvidos ao Parlamento, á casa de todos.

Continuamos coa seguinte interpelación.

Interpelación do deputado Xosé Luís Bará Torres e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as valoracións e declaracións que está a facer o Goberno galego verbo das resolucións do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia relacionadas co sector eólico

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Para a interpelación e por tempo de dez minutos ten a palabra o señor Bará.

XOSÉ LUÍS BARÁ TORRES: Grazas, presidenta.

A nosa benvida tamén aos estudantes e ás estudantes de Sarria, que nos acompañan hoxe neste pleno.

Señora Vázquez, queremos facerlles con esta interpelación unha petición en serio: deixen de acosar, deixen de atacar e deixen de coaccionar o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza, *(Aplausos.)* porque xa chegaron moi lonxe. É realmente moi grave o que están a facer con esas declaracións incendiarias, *(Murmurios.)* con esas declaracións irresponsábeis, e ademais... *(Murmurios.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): ¡Silencio!

XOSÉ LUÍS BARÁ TORRES: ...reincidentes, porque vostedes reinciden no acoso e na coacción ao Tribunal Superior de Xustiza de Galiza.



Voulle ler unhas notas de prensa a ver se se sente vostede identificada. «A Xunta cualifica de errónea e daniña a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia que anula un parque eólico. A conselleira de Medio Ambiente di: «Alguén ten que facerse responsable do que está a suceder»».

Segunda. A conselleira de Medio Ambiente ve unha «sinrazón» a paralización de proxectos eólicos polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. E di: «Hai que tomar medidas».

Terceiro. Rueda, o presidente, xa nunha escalada, denuncia criterios xudiciais en Galicia contra o sector eólico. Di Rueda sobre accións xudiciais contra maxistrados que paran eólicos: «Non sei o que pode pasar no futuro. A Xunta non descarta accións contra os xuíces que paralizan a eólica».

Se isto non é presionar, se isto non é ameazar e se isto non é coaccionar, ¿que é, señora conselleira? E quero preguntarlle unha cuestión moi clara e moi directa. ¿Que están vostedes insinuando cando din que van tomar medidas contra o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e contra os seus maxistrados? ¿Está vostede acusando de prevaricación a Sala Terceira do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia? ¿Está facendo iso? ¿Están ameazando cunha que-rela criminal o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia por estas decisións xudiciais? ¿Están facendo iso?

Por iso lle dicimos clara e rotundamente: respecten as decisións xudiciais e respecten a separación de poderes, señora Vázquez.

Miren que no BNG estabamos plenamente convencidos de que vostedes eran xente de orde, e resulta que están botados ao monte, (*Murmurios.*) están asilvestrados; están nunha posición podemos dicir de antisistemas; (*Murmurios.*) o Partido Popular antisistema.

Eu creo que a vostedes non lles senta ben ir a Madrid na fin de semana de manifestación, ¡non lles senta nada ben! (*Aplausos.*) Vostedes por Madrid perden o sentidiño; cando volven, todo o sentidiño quédalles alá. (*Murmurios.*) E aínda por riba trátanos mal. Cando lle tocan a corneta para ir a Madrid, resulta que teñen que levantarse —andan por aí queixándose— ás cinco da mañá; son seis horas de viaxe en autobús...

Nós queremos dicirlle seriamente desde aquí que nos solidarizamos con vostedes. Poden ir ás manifestacións en Santiago, que lles queda máis certa, pero solidarizámonos con vostedes porque non merecen este maltrato. E dicímoslle ao señor ese Anotop At: deixa descansar esta xente na fin de semana, xa está ben de algaradas domingueiras madrileñas, señor Anotop. Deixen descansar. (*Aplausos.*)

Mire, señora Vázquez, nesta táctica de ataques sincronizados contra o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia por parte do Partido Popular —porque tamén o fai o Grupo Parlamentario Popular, ademais dos altos cargos da Xunta— parécenos importante aclarar algunhas cuestións.

A primeira é que vostedes falan continuamente de inseguridade xurídica por estas decisións xudiciais, e resulta que quen provocou a inseguridade xurídica foi a Xunta do Partido Popular



cambiando constantemente as normas a medida que había sentenzas xudiciais para burlar as sentenzas xudiciais. (*Aplausos.*) ¡É que onde dan, veñen de volta, señora conselleira! Inseguridade xurídica creada polo Partido Popular.

Vostedes falan de parálise eólica cando a maior paralización eólica na historia deste país foi provocada polo Goberno do Partido Popular cando anulou por sectarismo, e polo que había detrás tamén de apoio ao país e aos sectores produtivos, o concurso eólico do Bipartito, que despois esa anulación foi declarada ilegal polos tribunais de xustiza. Vostedes adxudicaron un novo plan sectorial, un novo concurso no ano 2010, e resulta que estiveron oito anos, do 2010 ao 2018, sen instalar un só megavatio. Esa foi a paralización do Partido Popular, gobernando en Galiza e en Madrid; foi a que paralizou. (*Aplausos.*) E despois veu o que veu, a avalancha, a rapañota coas consecuencias que estamos vendo e co rexeitamento masivo da cidadanía. Esa é a realidade.

E despois, claro, falan tamén —mentindo— de que esa resolución do Tribunal de Xustiza da Unión Europea lles daba a razón, de que era unha panacea, e din que agora o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza tiña que pasar polo aro, manipulando esa resolución do Tribunal Europeo que se refería ao motivo da consulta: que tiñan que estar os informes sectoriais no momento da información pública. Pero as resolucións, os autos do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza que paralizan cautelarmente os parques eólicos, cada un ten a súa motivación; pode ser por fragmentación e, sobre todo, son por vulneración da protección ambiental, por non facer ben as declaracións de impacto ambiental, señora conselleira, que non se entera, non se entera. (*Murmurios.*)

Por certo, que o Tribunal Supremo recentemente paralizou o parque eólico de Moeche —de Moeche-San Sadurniño, de Endesa—, para Alcoa, supostamente —que lle dera a bendición o señor Besteiro, xa do Goberno central—, paralizouno o Supremo. ¿E saben por que? Porque non tiña unha correcta avaliación ambiental, porque non se avaliaron os efectos sinérxicos e acumulativos respecto de todos os proxectos eólicos previstos na súa contorna. Esa é a realidade, señora conselleira.

Por non falar das sentenzas firmes do Tribunal Supremo, señora conselleira. ¿Sóalle a vostede a da serra do Iribio, protexida pola Rede Natura, onde a Xunta aprobou unha declaración de impacto ambiental favorable, unha DIA caducada do ano 2003, anulada polo Tribunal Supremo? ¿Este é o rigor da tramitación ambiental do Partido Popular? ¿Sóalle a vostede Triacastela?, ¿sóalle? —por aquí atrás seguro que soa—. ¿Sabe que pasou con este parque? Que vostedes lle deron tamén a bendición ambiental, unha declaración de impacto ambiental favorable, e foi anulado polo Tribunal Supremo. ¿E saben por que? Porque era unha fragmentación de libro, dito polo Tribunal Supremo, e ademais non había unha correcta avaliación ambiental, nin patrimonial, concretamente no Camiño de Santiago. Fíxese vostede, non avaliaron o impacto no Camiño de Santiago no proxecto Sasdónigas, e iso fíxoos o Partido Popular, que fai tan ben as cousas, que é escrupuloso e que actúa con rigor. Pois xa lles dixo o Tribunal Supremo o rigor que tiñan.

E, por certo, repetímosllo unha vez máis: ¿quen vai reparar o enorme dano feito na serra do Iribio —Rede Natura—, que está destrozada porque vostedes llo permitiron á promotora? ¿Quen o vai facer, señora conselleira? Debían pagar vostedes do seu peto esta desfeita.



E, claro, ademais, todo isto, a súa perfecta e rigorosa tramitación ambiental, tamén nola deixou ben aclarada o señor Darío Cabaneiro —non sei se vostede o coñece—, o alcalde da Pastoriza. Nunha entrevista ao diario *El Progreso* do 15 de xaneiro do 2024 di: «Entrei en política pola problemática cos eólicos. Vin que había unha problemática grande cos novos parques proxectados e, ao reclamar a miña presenza dende o partido, aceptei, sempre e cando se me axudase a solucionalo», e parece que así está sendo. Este é o rigor das tramitacións ambientais do Partido Popular, (*Aplausos.*) á carta dos seus alcaldes, porque lles interesa polo voto. Esa é a realidade, ese é o rigor. Non me estraña que despois haxa o que hai cos tribunais de xustiza.

E, ademais, señora conselleira, o que pasa é que vostedes están moi mal acostumbrados; están mal acostumbrados porque están afeitos ao «orden e mando», están afeitos á imposición, a utilizar os seus brazos armados, o seu brazo armado mediático, o seu brazo armado xudicial e o seu brazo armado policial, que o sabemos todos, para impoñer a súa vontade. Por iso, non soportan que non lles dean a razón, non soportan que lles leven a contraria. Deberían facerse unha pregunta en serio, deberían facerse unha pregunta: se hai tanta contestación no país, de todos os sectores, incluídos de concellos gobernados polo Partido Popular, se hai tanta resposta en contra desta avalancha eólica, igual vostedes fixeron algo mal e igual o problema é ese modelo enerxético de espolio depredador colonial do Partido Popular. Igual o problema é o Partido Popular, que é un perigo público, porque goberna contra a xente, como se ve nestes casos, contra o país e ao servizo das grandes empresas enerxéticas.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Ten agora a palabra a señora conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, dona Ángeles Vázquez Mejuto.

A CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO (Ángeles Vázquez Mejuto): Moitas grazas, presidenta.

Señor Bará...

Tamén lles damos a benvida aos alumnos que no día de hoxe están aquí. Boa tarde a todos e a todas.

Vexo, señor Bará, que o seu dicionario vai avanzando, pero eu creo que se está pasado un pouco de voltas. Eu diríalle que non confunda a xente e sobre todo que non confunda as sentenzas dos parques estatais coas dos parques autonómicos. Hai parques estatais, efectivamente, que fan mal a declaración de impacto ambiental. Non atopará vostede ningún autonómico que vaia nesa liña, (*Aplausos.*) non atopará vostede ningunha sentenza nin ningún auto. Polo tanto, deixen de confundir. Nos de máis de 50 megavatios a tramitación é estatal, que non é autonómica.



Dito isto, o que estou vendo é que vostede recorre unha e mil veces a ver se cala algunha mensaxe. Se alguén autorizou un parque en Rede Natura foron vostedes no Bipartito, porque o Partido Popular o que fixo foi prohibir a instalación de parques en Rede Natura, señor Bará. Esa é a auténtica realidade. *(Aplausos.) (Murmurios.)*

Afirman vostedes na súa intervención que o Goberno da Xunta está a levar unha campaña organizada de presión, chantaxe e amedrentamento ao Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. ¡Manda truco! Señorías, permítanme que amose o meu estupor ante estas manifestacións. A conselleira de Medio Ambiente está presionando e, ademais, está chantaxeando o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. Non, esta conselleira, ao igual que o resto do Goberno, igual que os galegos e galegas, teñen liberdade de expresión e exprésanse, non amedrentan a ninguén. Xa só faltaría que non puidésemos opinar en relación con todo isto. E, ademais, opinamos con base xurídica; non opinamos, como fan vostedes, dende o que é algarada en si.

Pero quería dicirlle, ademais, que dende o Goberno galego, e á luz dos diferentes autos e sentenzas emitidas, nunca convocamos manifestacións ou algaradas en contra do dito tribunal, algo ao que vostedes si que están acostumbrados, ¿verdade, señor Bará? Non se sabe nin o que di a sentenza, pero a historia é: vaíamos todos á rúa. ¿Por que? Porque si que hai un mandato, e ese mandato non é do BNG, é de quen manda no BNG, que é a UPG. Polo tanto, a UPG —e, ademais, díxoo publicamente— o que di é que hai que inflamar as rúas, que hai que protestar e que hai que protestar por decisións xudiciais, non facer unha protesta porque si; non, non, por decisións xudiciais. Ideario e dicionario puro dun partido político chamado BNG, ao cal de cando en vez tamén se unen os irmáns pobres, que son os do PSOE.

Protestar, opoñerse: non ao progreso de Galicia, non ao biogás, non ás enerxías renovables... Se, ao final, din vostedes de nós e din vostedes de min que son a negacionista. Non, non, se alguén nega a descarbonización de Galicia, eses son vostedes, que están encantados de que non haxa enerxías renovables. E a miña pregunta é: ¿como imos descarbonizar Galicia se non hai enerxías renovables? «Eólicos, si, pero non aquí; renovables, si, pero non así; descarbonización, si, pero sen ningún tipo de alternativa». Esa é a realidade.

Miren, señorías, a Xunta de Galicia non chama á insubordinación civil, como fan vostedes, pero o que non podemos é permanecer calados, e non podemos permanecer calados porque o que está a acontecer en Galicia é insólito, é inédito e moitas veces incluso é inexplicable. É que non o digo eu, é que o di o Tribunal Supremo, e non unha vez, é que o dixó unha, dúas, tres e ata catro veces. Pero non o digo eu, é que falla en contra do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia —dunha sección, que é a terceira— tamén o Tribunal Europeo. Esa é a realidade, señor Bará. Non é que invente eu que non me gustan as sentenzas, en absoluto; e é capaz de dicir que non, a pesar de que as sentenzas son públicas: catro —¡catro!— do Tribunal Supremo e unha do Tribunal Europeo.

Respectamos, señor Bará e señores do BNG, as decisións dos tribunais, pero temos liberdade de expresión e, polo tanto, dicimos que hai algo que non nos cadra, que hai algo que falla. ¿Cren vostedes que aos técnicos da Xunta de Galicia —que son funcionarios, igual que pode ser funcionario un médico ou pode ser funcionario un mestre— lles mola facer informes



para que haxa alguén que de xeito reiterado lles diga que están indo pola vía incorrecta? Eu creo que non, ¿verdade? Eu creo que non. Polo tanto, si é certo que digo e repito que hai que tomar medidas, pero as medidas non son coller e saír á rúa en contra dunha decisión, que moitas veces non teñen nin sequera a sentenza.

Dito todo isto, a situación estanos levando a un caos, e é un caos dende o punto de vista medioambiental. E cando digo que alguén ten que responsabilizarse, é porque estamos emitindo 2,5 millóns de toneladas de CO₂ ao medio ambiente dende hai tres anos que non tiñamos que emitir por certas decisións que, ao final, están provocando a parálise das enerxías renovables. Pero non só iso, senón que, á parte, estanse deixando de crear 2.750 empregos anuais e un investimento de 6.300 millóns de euros. Esa é a realidade e a visión, a visión medioambiental e integral, e dende o punto de vista medioambiental, social, pero tamén económico.

E, dito isto, a propia Unión Europea di que as enerxías renovables teñen que materializarse e que, polo tanto, son de interese público superior, algo do cal se esqueceu a Sección 3ª do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. Así é imposible seguir unha folla de ruta. E crédeme que o imos intentar, e ímolo intentar porque Galicia ten que ser neutra climaticamente falando no ano 2040. A algúns encantaríalles seguir con ese dicionario e dicindo que hai unha bancada que son os negacionistas. Se alguén lle está negando a transición ecolóxica xusta a Galicia, son vostedes, ou polo menos iso é o que están intentando.

O que ocorre en Galicia, efectivamente, non ten parangón nin co resto de Europa nin co resto das comunidades autónomas. E claro que falo de seguridade xurídica, de seguridade xurídica que deron as sentenzas do Tribunal Supremo e do Tribunal Europeo, e as empresas teñen que saber que teñen a seguridade xurídica, pero ao mesmo tempo teñen que saber das súas obrigas; obrigas que en Galicia son superiores ao resto das comunidades autónomas.

E, dito isto, talvez lles poida dicir o que ocorreu nos últimos tempos. Por un lado, teño que dicir que dende a Xunta de Galicia non nos botamos á rúa dicindo que os maxistrados do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia facían política dende as súas togas —algo que nalgunha bancada si que se dixo—. Tampouco dixemos dende a Xunta de Galicia que un expolítico que na actualidade está na xudicatura pretendía dende esta posición paralizar o desenvolvemento eólico de Galicia. O que si fai a Xunta de Galicia é recorrer a tribunais superiores a estes, e o resultado é que a Xunta de Galicia sempre gaña, pero jollo! é que non gaña o Partido Popular, é que gañan os técnicos que informaron eses proxectos, (*Aplausos.*) facendo as declaracións de impacto ambiental. Eses son os que gañan e eses son os que temos que poñer en valor.

Pero, fíxense, efectivamente, que dende que criamos que xa interiorizaran como se tiña que desenvolver unha vía por parte deste Tribunal Superior, desa Sección 3ª, no mes de agosto, en quince días, sucederon tres cousas: o primeiro, un auto; un auto —e fíxense— no que se establece que parques e liñas poden tramitarse por separado. Porque, claro, non tería moito sentido, ¿verdade?, encher toda Galicia de tendidos eléctricos, como se ve que queren facer vostedes. Este auto conta cun voto particular dun maxistrado que di non estar de acordo. Estamos falando dun auto do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, da Sección 3ª. E en pouco



maís dunha semana resulta que a Sección 3ª dita unha sentenza —a mesma sección—, na que establece que parques e liñas teñen que tramitarse conxuntamente —¡oe!, o que dicía o Supremo hai case un ano nunha das súas sentenzas—; sentenza na que non aparece este maxistrado —non poñan caras raras, que llo estou dicindo aquí claramente e comprenderán que aquí non veño mentir—. Pero uns días despois, señores do BNG —que o poden comprobar, e, se non, o que faremos é darlle as sentenzas á presidenta—, a mesma Sección 3ª volve ditar outro auto —isto todo en quince días— no que se establece que parques e liñas poden tramitarse por separado, pero esta vez xa sen voto particular. ¿Entenden vostedes este galimatías? A min fáiseme moi complicado, igual que de complicado se lle fai ao sector, igual que se lles fai ás empresas que queren vir a Galicia e igual que se lle ten que facer á cidadanía galega. Por iso dicimos que algo falla; por iso dicimos que hai que tomar medidas; e por iso dicimos que, respectando, hai cousas que non entendemos, pero talvez os señores do BNG sexan tan, tan listos...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten que ir rematando, señora Vázquez.

A CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO (Ángeles Vázquez Mejuto): ...que si nolo poidan explicar. (*Murmurios.*) Dito isto, seguiremos a nosa folla de ruta, e ollo ¡eh!, porque hai cousas que non se poden permitir.

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

A CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO (Ángeles Vázquez Mejuto): E se algo non se pode permitir é que, cando vostedes están incitando a que se prevarique cada vez que sae un proxecto sen que teña unha declaración ambiental, que pode ser favorable ou non, vostedes están dicindo que se paralice. Iso si que é prevaricación. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Para a rolda de réplica, o señor Bará.

XOSÉ LUÍS BARÁ TORRES: ¡A ver, señora Vázquez, quen dixo que non descartaban accións xudiciais contra os maxistrados foron vostedes! Se iso non é ameazar, ¿como lle chaman vostedes a isto? (*Aplausos.*) (*Murmurios.*)

Mire outra cousa sobre esta famosa consigna de inflamar as rúas da UPG... Fíxese que éxito tivo esta consigna que ata a colleu para si o señor Feijóo, (*Aplausos.*) que se dedica agora a inflamar as rúas en Madrid, e vostedes van alí como borreguillos a acompañar o Partido Popular madrileño, a inflamar as rúas madrileñas.

Vostede pide respecto para os funcionarios, pero vostedes deberían tamén ter respecto para os funcionarios xudiciais que, nas súas sentenzas, lles din non aos abusos do Partido Popular na Xunta de Galiza. Respecten os maxistrados do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza, señora conselleira. E non veña aquí mentir, porque o que di a resolución do Tribunal de Xustiza da Unión Europea é que hai que resolver esa cuestión prexudicial sobre se



tiñan que estar os informes sectoriais no momento da información pública, que di que non; contradí o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Pero iso non ten nada que ver con que o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza suspenda cautelarmente 90 proxectos eólicos por presumible dano ambiental, polo principio de precaución. ¿Como llelo temos que explicar para que o entendan? É unha suspensión cautelar.

E despois hai outras que son resolucións firmes, señora conselleira, como as que afectan a parques eólicos de tramitación autonómica. Non veña aquí mentir de novo porque llo expliquei antes, e vostede non se quere enterar. No caso do parque eólico serra do Oribio houbo unha sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza de outubro do 2021, e houbo outra do Tribunal Supremo de outubro do 2022, que é ¡firme!, e houbo a do Supremo, porque vostedes recorreron ao Supremo, e o Supremo non lles deu a razón. (*Aplausos.*) O Supremo anulou este proxecto por estar en Rede Natura e por unha DIA caducada. E igual pasou en Triacastela: o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia anulouno. Vostedes recorreron ao Tribunal Supremo e o Tribunal Supremo anulouno, o de tramitación autonómica, cunha DIA inmaculada, segundo vostedes, e que destrazaba o Camiño de Santiago. ¡Este é o rigor das tramitacións ambientais do Partido Popular!

E non veña aquí outra vez mentir con que vostedes aprobaron a prohibición de parques eólicos en Rede Natura e a culparnos a nós, porque é falso, señora conselleira. Quen prohibiu os parques eólicos en Rede Natura foi o Goberno do BNG, a súa Consellería de Industria, cando no Decreto 8/2007 estableceu esta prohibición que despois vostedes levaron á lexislación posterior, pero nese momento xa había 1.200 megavatios instalados polo Partido Popular en Rede Natura, ¡1.200 megavatios, señora conselleira! Esa é a realidade. E non veña aquí tamén con esa patraña de que evitáramos 2,5 millóns de toneladas en emisións. ¡Pero, que me está dicindo, se exportamos o 40 por cento da produción eléctrica! En todo caso, quen está aforrando iso son os que consomen a nosa enerxía eléctrica. Nós levamos as consecuencias negativas, os impactos negativos, pero en Madrid poden presumir de que non teñen emisións porque consomen enerxía renovable. Esa é a realidade.

E mire, ¿dín vostedes que o que pasa aquí non ten parangón? Voulle poñer uns exemplos: ata 86 proxectos de renovables de Aragón enfróntanse a denuncias nos tribunais por accións da Fiscalía; Portugal paraliza un proxecto solar de Iberdrola, o maior de Europa; o Consello de Estado francés anula as autorizacións de aeroxeradores, o que terá importantes repercusións no futuro enerxético. Isto pasa en Europa. Non somos unha illa nesta cuestión, señora conselleira, aínda que aquí vostedes, como o fan tan mal, teñen moitísimas máis resolucións xudiciais en contra. E mire, outro caso, en Italia: Cerdeña di non á colonización enerxética. O Consello Rexional aproba a moratoria para plantas de produción de enerxías renovables. Cerdeña xa produce un 40 por cento máis de electricidade da que consome, polo que non é necesario aumentar a produción. ¿Sóalle de algo? ¡Se estamos cumprindo xa os obxectivos da Unión Europea para 2030! Estamos cumprindo os obxectivos de produción renovable xa agora. Entón, ¿que me está dicindo, señora concelleira? Supoño que Galicia xa terá unha contribución bastante importante a eses obxectivos, ¿non? Iso non quere dicir que non teñamos que seguir implantando renovables, pero non con este ritmo asoballador, de imposición, de todo vale, do Partido Popular.



E mire, remato, porque o seu modelo nin é ordenado, nin é planificado, nin é garantista, nin é respectuoso con nada. Esa é a realidade, e por iso hai ese rexeitamento, esa mobilización masiva, de todo tipo: da universidade, do Observatorio Eólico de Galicia, do Consello da Cultura Galega, dos concellos —por certo, dos concellos do Partido Popular—. Teño aquí (*O deputado Xosé Luís Bará Torres amosa un documento.*) un acordo plenario unánime do Concello de Arteixo que lle di á Xunta de Galiza que paralice todos os proxectos eólicos. ¿E que pasa?, ¿están prevaricando no Concello de Oleiros tamén? ¡Denuncie o Concello de Oleiros!, (*Aplausos.*) ¡denúncienos a nós, que estamos a prevaricar! A min aínda non me chegou ningunha denuncia por prevaricación, señora conselleira. Sexa valente, denuncién o Concello de Oleiros e denuncién o BNG.

En todo caso, non vale utilizar esta técnica do carneiro que utiliza o Partido Popular de escornar contra todo aquilo que se move e contra todo aquilo que se opón aos seus designios, ás imposicións do Partido Popular. En lugar de arremeter contra o Consello da Cultura Galega, en lugar de arremeter contra o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, contra a universidade, contra todo o que se move, unha recomendación: respecten a xente; respecten a xente, señora conselleira...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten que ir rematando, señor Bará.

XOSÉ LUÍS BARÁ TORRES: ...póñanse do seu lado, que é a xente deste país. Respecten as decisións xudiciais e deixen de acosar e de presionar os tribunais de xustiza.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten novamente a palabra a señora conselleira.

A CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO (Ángeles Vázquez Mejuto): Grazas, presidenta.

Señor Bará, ¡quen o diría!... Aquí parece que cambiaron as cousas, ¿os que turrámos somos nós, non? (*Aplausos.*) ¡Vostedes levan corenta anos turrando absolutamente por todo e dicindo non a todo! ¡É certo que así lles vai!

Por outro lado, a min hoxe quedoume claro que vostedes antes falaban de descarbonización, e agora dinnos que xa estamos cumprindo os obxectivos da Unión Europea e que, polo tanto, pararemos porque somos uns asoballadores que queremos seguir descarbonizando e queremos seguir coidando o medio ambiente. ¿Iso é o que quixo dicir vostede, señor Bará? ¡Isto si que é inédito e inaudito!, igual que está ocorrendo coa Sección 3ª do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Pero, mire, cando fala de manifestacións, quero dicirlle que o Partido Popular non fixo unha manifestación en contra dunha decisión dun tribunal, dunha sentenza que aínda non se coñece, pero vostedes, si; vostedes iso é o que fan. ¿Cal é a diferenza? Que os do Partido Popular van libremente, non hai que pagarlles (*Risos.*) (*Murmurios.*) (*Aplausos.*) e parece ser que a vostedes si lles hai que pagar agora para que sigan as directrices da CIG, por exemplo, para que vaian ás manifestacións dos mestres. Esa é outra das realidades. (*Murmurios.*)



A partir de aí, cando vostede me di que foron vostedes os que prohibiron que se puxesen eólicos en Rede Natura, eu quero dicirlle que creo que vostede, como director xeral, andaba a outras cousas, ¿non? Andaba a outras cousas, que ademais foron ben populares naquel momento; creo que houbo aí un pequeno impás. Señor Bará, nós seguimos a nosa folla de ruta, e a folla de ruta é que hai que seguir descarbonizando. Para descarbonizar non queda outra máis que implementar enerxías limpas e verdes, porque nós queremos chegar ao ano 2040 con neutralidade climática.

Escoiteilles antes aos señores do PSOE que, claro, era negacionista porque non fun á COP, e eu quírolles dicir a ambos que se hai algo que temos que facer é a xestión dos recursos, e este ano a COP converteuse nun negocio; nun negocio onde o voo custaba 5.000 euros e a estancia —unha noite— 4.500 euros; motivos polos cales esta conselleira non foi á COP, (*Aplausos.*) ¡non por non reivindicar!

Polo tanto, hai varias cousas: por un lado, está o BNG, a rúa, e, por outro, nós temos o noso modelo. É certo que non é o seu modelo, señor Bará, porque eu xa non sei cal é o modelo do BNG, porque din unha cousa e son capaces de dicir a contraria.

Vostede di que ameazamos o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. Mire, aquí, se alguén está ameazado, son os funcionarios da Xunta de Galicia, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*) e ademais están ameazados por tres organizacións; tres organizacións que están alentadas, desde logo, non por esta bancada, (*A conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, Ángeles Vázquez Mejuto, sinala primeiro os escanos do Partido Popular e, a seguir, sinala os escanos dos partidos da oposición.*) senón por outras bancadas, e son reiteradamente os mesmos. E, por outro lado, teñen seguridade, primeiro porque fan o seu traballo, fan o seu traballo conforme a lei, esa é a realidade, (*Murmurios.*) e a partir de aí deulles a razón por cuarta vez consecutiva o Supremo, e, por unha vez —a única e ademais de xeito tamén inédito—, cando o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia decidiu recorrer ao Tribunal Europeo, unha vez máis volveron darlles a razón aos funcionarios da Xunta de Galicia; funcionarios que non teñen ideoloxía —que eu saiba non levan aquí (*A conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, Ángeles Vázquez Mejuto, sinala o seu peito.*) nin PP, nin BNG, nin PSOE—; é xente normal que cando sae de traballar fai o que lle dá a gana e cando está traballando cumpre estritamente a lei. Esa é a realidade. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*)

Por outro lado, señor Bará, cando fala vostede de que nós dicimos non sei que dos tribunais, á señora Pontón é que non lle faltou tempo para afirmar que hai togas que queren facer política, porque, claro, é que se as sentenzas van como vostedes queren, é marabilloso, e, se non, non é marabilloso. Non, nós o que dicimos é: hai cousas que non entendemos e recorreremos onde hai que recorrer, que é nos tribunais, e de momento teño que dicir que gañamos.

Polo tanto, eu diríalles: por unha vez, fagan algo por Galicia e, cando digo fagan algo por Galicia, quero dicir que se centren, díganlles que é o que queren para Galicia e eu téndolles a man. Téndolles a man para ter diálogo e para ter consenso en temas cruciais: temas cruciais como é o medio ambiente; temas cruciais como son as enerxías renovables; temas cruciais para seguir vertebrando o noso territorio; e temas cruciais para que Galicia siga sendo esa rexión na cal as outras se fixen para seguir avanzando. Porque saben vostedes que foi



unha pena esta COP, a última COP que se celebrou en Belém. Foi unha conferencia das partes, a menos inclusiva dos últimos anos, que concluíu sen ningún acordo nin compromiso no-vidoso en materia de emisións e de descarbonización. E eu dígolles: Galicia vai seguir o camiño que tiña plantexado e quere seguir tendo boa calidade de aire e boa calidade das súas augas, e para poder obter todo isto, temos que seguir avanzando nas enerxías renovables, custe o que custe e sempre cumprindo coa lei.

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten que ir rematando.

A CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO (Ángeles Vázquez Mejuto): Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Grazas.

Alteración da orde do día

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): A continuación, comunícolles o aprazamento dunha pregunta do Grupo Parlamentario Socialista de Galicia que figuraba na orde do día. E aproveitando este comentario, tamén en nome propio e en nome de todo o Parlamento, por suposto, quero dicir que nos sumamos ás palabras da señora Méndez de acompañar no sentimento a nosa compañeira Patricia nestes duros momentos.

Pasamos, entón, á seguinte pregunta ao Goberno.

Pregunta das deputadas Lara Méndez López e Patricia Iglesias Rey, do G. P. Socialista de Galicia, sobre a capacidade orzamentaria dos concellos galegos ante o progresivo aumento das súas competencias

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Para formular a pregunta ten a palabra a señora Méndez.

LARA MÉNDEZ LÓPEZ: Grazas, presidenta.

Moi boa tarde, conselleiro.

Os concellos galegos, os 313, están tremendamente preocupados e, o que é peor, tremendamente asfixiados polo incremento continuo de competencias; iso si, sen recurso ningún, como pode ser a limpeza das franxas secundarias, baixo a ameaza —tamén é certo— do señor Rueda de, de non cumprirse, facerlle unha retención do 30 por cento do Fondo de Cooperación Local, e baixo o paraugas de decretos, de leis ou da porta traseira da Lei de acompañamento. Séguenlles trasladando competencias impropias, pero sen dotalos de ningún recurso para eles. E están preocupados tamén polo aumento dos custos dos servizos; servizos que non terían que estar levando a cabo desde o concello, como pode ser o SAF, que segue incrementando, e a Xunta de Galicia e o Partido Popular mirando para outro lado e asfixiando os concellos. ¿E que fai a Xunta mentres? Pois, por unha banda, mantén conxelado o Fondo local base con 118.372.806 —dende hai dezasete anos está conxelado—, e cun pírrico au-



mento do Fondo adicional de 30 millóns de euros. O Fondo local base, que se fai con criterios de repartición, está conxelado, e subimos aqueles que podemos repartir xa un pouquiño mellor ao noso antollo. E, se non, pois sempre temos a vía dos convenios, esas transferencias que fan os concellos, que me dirá vostede que hai 644 millóns de euros, pero é que no último exercicio pechado deixaron sen executar 30 millóns, e ademais os que van a dedo de forma clientelar e de maneira arbitraria por parte da Xunta de Galicia. Póñolle un exemplo: Augas de Galicia recada dos concellos —maioritariamente dos concellos do Partido Socialista; case podemos falar de preto do 70 por cento de ingresos do Partido Socialista— e reparte aos concellos do PP un 77 por cento no ano 2023; no 2024, un 72,7 por cento; e dende o 2023 ao 2025, 65 de 89 concellos están gobernados polo Partido Popular. Esa é a súa forma de calar vontades para aqueles alcaldes que son do Partido Popular, e tamén protestan por esta falla de financiamento por parte da Xunta de Galicia.

Poderíamos poñer outros exemplos: a Axencia de Turismo, que se está convertendo en chequera particular da vicepresidenta do Parlamento galego, que lle dá ao Arde Lucus, por exemplo, 40.000 euros, sendo festa de interese turístico internacional; e para a Festa Indiana, 150.000 euros —e acaban de firmar un convenio—. E vemos como outras administracións...,

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas, señora Méndez.

Rematou o seu tempo. Moitas grazas.

LARA MÉNDEZ LÓPEZ: ...como a Deputación da Coruña...

Pois continúo logo. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Para darlle a resposta ten a palabra o señor conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, don Diego Calvo.

O CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Diego Calvo Pouso): Grazas, presidenta.

Señoría, a verdade é que é sorprendente que me faga vostede aquí esta pregunta, tendo en conta que vostede foi alcaldesa e que debería de saber deste tipo de cousas. Máis ben parece unha broma de mal gusto amosar a súa preocupación polo financiamento dos concellos, cando sabe vostede como exalcaldesa que foi que é responsabilidade do Goberno central garantir a autonomía financeira das comunidades autónomas e das entidades locais. E levamos moitos anos sen facer absolutamente nada, señora Méndez; máis aínda, sabe vostede que levamos reclamando un cambio no modelo de financiamento para as comunidades e tamén para as entidades locais, pero o seu partido —é dicir, vostedes— non moven absolutamente ningunha ficha. É máis, moito máis, despois de que o Goberno tentase branquear impondo un sistema de financiamento no que se priorizaba uns territorios e se intentaba enfrontalos con outros, porque aí xa non hai cidadáns iguais; senón que aqueles territorios que se dedicaron a endebedarse van saír beneficiados con respecto aos demais. Vostede seguro que non puido endebedarse o que quixera na época na que outros territorios que lle



querían salvar a débeda para seguir gobernando o estaban facendo, pero esas son as cousas do Partido Socialista. Ou a propia ministra de Facenda, que leva meses ignorando as peticións da Federación Española de Municipios e Provincias, iso si, aquí enche a boca coa Fegamp —pero do Estado non din absolutamente nada— cun novo modelo de financiamento. É máis, lévanlle pedido que deixen utilizar os remanentes que teñen os concellos, máis de 60.000 millóns de euros, pero o seu goberno, señora Méndez, non lle deixa utilizar aos concellos os remanentes. É máis, para aprobar as entregas á conta mira que non houbo que dar voltas. Non querían aprobar as entregas á conta para os concellos, señora Méndez. ¿Iso non lle preocupa dende o punto de vista do financiamento? Esqueceuse porque hoxe veu aquí falar das franxas secundarias e dos custos dos servizos como o SAF. Tivo a oportunidade de seguir a interpelación á última hora da mañá. Oia, para o SAF, a Xunta de Galicia está aportando o 50 por cento e o Goberno central, non. No País Vasco —non lle dea á cabeza e atenda— acaban de comprometerse por escrito hai escasamente pouco máis dun mes a que lle vai dar o 50 por cento, porque era un recoñecemento implícito de que ata ese momento non se estaba a facer. A Galicia non llos dá. Levamos acumulados máis de 2.500 millóns de euros; pero aí non diga nada, non vaia ser que iso sexa responsabilidade do Partido Socialista.

E de normas estatais —ás que vostede facía referencia—, oia, a vostede como alcaldesa de Lugo, non sei se a colleu a Lei de benestar animal. ¿Canto gastaba o Concello de Lugo nesa lei? Debería ser moito, porque hai algunha asociación en Lugo que di que levan once meses esperando a que o Concello de Lugo lle pague as facturas do ano e non llelas paga, e dedícanse só ás colonias felinas. Débenlle non sei cantos miles de euros. Diso non din absolutamente nada, e como esas moitas máis. Pois, mire, é mentira o que estaba a dicir do Fondo de Cooperación Local. O Fondo de Cooperación Local non deixou de crecer. A única diferenza, señora Méndez —e parece mentira—, é que estaba garantido un mínimo...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

O CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Diego Calvo Pouso): ...garantido. *(Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten un segundo turno. Moitas grazas.

Réplica. Señora Méndez.

LARA MÉNDEZ LÓPEZ: ¿Sabe o que me tocou como alcaldesa, señor conselleiro? A Lei Montoro. Fixo moito dano esa lei aos distintos concellos de Galicia, inclusive coa taxa de reposición, non deixándonos usar os remanentes —aí, si—, sen poder ter un teito de gasto... *(Murmurios.)* Si, señor, si, pero fómolo aumentando. ¿Sabe cando puiden empezar a utilizar os remanentes? Cando entrou o Partido Socialista a gobernar no Goberno central. *(Aplausos.)* Si, si. *(Aplausos.)* ¿E sabe quen vai aumentar o teito de gasto para os vindeiros anos? O Partido Socialista. *(Aplausos.)* Porque se estivesen esas figuras tan boas —que están, por certo, agora baixo sospeita, pero deses nunca se acordan, como o señor Montoro—, ao mellor non poderíamos estar falando desa situación.



Pero, claro, vimos aquí falar de concellos. E vostede, coma sempre: ou a culpa é do Goberno central ou a culpa é dos concellos. Neste caso, como falamos dos concellos, non imos culpabilizalos a eles tamén, e entón botámoslle a culpa ao Goberno central. Pero a realidade, señor Calvo, é que leva conxelado o Fondo Galego de Cooperación base —o que ten criterios de repartición— dezasete anos. ¡Dezasete anos, señor Calvo, conxelado con 118 millóns de euros! Pero como, claro, aos seus os calan con convenios e buscando financiamento, por outra banda, pois pouco lles importa.

¿E sabe o que me tocou tamén a min, precisamente, como alcaldesa? Pagar —durante os meus anos de alcaldesa— en concepto de canon de auga máis de 13 millóns de euros. ¿E sabe o que repercutiu no Concello de Lugo sendo eu alcaldesa, señor Calvo? ¡Cero euros, señor Calvo! *(Aplausos.)* ¡Cero euros! *(Aplausos.)* E esta é a realidade que non só vive o Concello de Lugo, que viven os 313 concellos, e de forma máis sangrante aqueles gobernados polo Partido Socialista, porque os discriminan, señor Calvo.

Por iso, ¿ten pensado facer algo para reverter esta situación...,

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

LARA MÉNDEZ LÓPEZ: ...como fan outras administracións, como a Deputación da Coruña...,

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

(A deputada Lara Méndez López pronuncia palabras que non se perciben.)

Moitas grazas.

(A deputada Lara Méndez López pronuncia palabras que non se perciben.)

Saben que nas preguntas os tempos teñen que respectalos. Iso é innegociable, está no Regulamento.

(Aplausos.)

Para darlle a resposta, ten novamente a palabra o señor conselleiro.

O CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Diego Calvo Pouso): Mire, está claro que vostede non ten nin idea do Fondo de Cooperación Local. Hai un fondo base que está garantido por lei dende o ano 2011. E xa que vostede se refire desprezativamente a el dicindo que non se move, direille que casualmente non se move porque é que é un mínimo garantido, señora Méndez. Aínda que os ingresos da Xunta de Galicia diminúan, o que fixemos foi garantir por lei que os ingresos do concello dese fondo non fosen diminuír. Pero é que, ademais, hai un fondo adicional, e ese fondo adicional dixo vostede que se viña repartir con criterios que sabe Deus como eran. ¡É que non os coñece! No fondo adicional, os criterios son: aqueles centros consensuados coa Fegamp, señora Méndez; aqueles centros que tiñan conservatorios; aqueles centros que tiñan, por exemplo, cárceres, de ámbito estatal; aqueles



concellos que tiñan centros médicos pendentes; utilizábase para a vespa *velutina*; utilízase en dúas convocatorias de eficiencia enerxética para os concellos nos que cada ano se beneficiaran uns cenconcellos —señora Méndez—, e tamén para proxectos estratéxicos e para financiar os GES. Todo iso non é cos criterios que nós queiramos, tentando trasladar que se reparte como se quere. Non é certo, jé que non ten nin idea!

E di vostede: «e o que queda sen gastar». É o que queda sen gastar porque, ao mellor, nalgún dos proxectos os concellos renuncian porque non son capaces de levalos a cabo —non lles dá tempo— ou tiveron algún problema, e vai á liquidación do ano seguinte; non se perdesen concellos. De feito, este ano hai 9 millóns de euros de liquidación que se arrastran do ano anterior, e non é por culpa da Xunta de Galicia —pola culpa que sexa—, pero vólvense incorporar ao fondo. Señora Méndez, vostede demostra que non ten nin idea do que está a falar; todos eses fondos van incrementándose.

E di vostede: ¿que fai a Xunta? Facemos moito máis que o Goberno central. Por iso me cabrea que vostede veña aquí pedir explicacións, cando debería de pedilas no seu partido. Nós este ano o Fondo de Cooperación Local incrementámolo un 12 por cento; o orzamento, un 2 e pico. ¡Home!, seguramente poderíamos incrementalo un 1.000 por 1.000, pero incrementamos moito máis que a media o orzamento, igual que os últimos anos. Agora que, para vostedes, iso, nada. Pregúntolle: ¿que fan vostedes? ¿Que fai o seu partido polos concellos? Nada, bloquealos.

Dicía vostede: a Lei Montoro. Eu estaba na Deputación cando o da Lei Montoro, e fastidiábame. Por certo, non fixen o que agora lles queren perdoar a outros territorios ou a outras administracións —e que vostede aplaude coas orellas—. Con todo, levan oito anos gobernando, señora Méndez, ¿e que fixeron durante estes oito anos por mellorar o financiamento dos concellos? ¿Saben o que fixeron? Cero, non fixeron absolutamente nada. Polo tanto, seguramente se poden facer moitas cousas —non o dubido— e poderíamos facer máis, pois, ao mellor, seguro que si, pero teña en conta que o que facemos nós é infinitamente superior ao que vostedes están facendo no Goberno do Estado.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Continuamos coa seguinte pregunta.

Pregunta do deputado José Manuel Golpe Acuña e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a política de protección do Parque Natural das Fragas do Eume por parte da Xunta de Galicia

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Para formular a pregunta e por tempo de tres minutos, ten a palabra o señor Golpe.

JOSÉ MANUEL GOLPE ACUÑA: Grazas, presidenta.



Boa tarde, señora conselleira.

As Fragas do Eume son hoxe un dos bosques atlánticos máis valiosos de Europa. E precisamente isto é así non pola xestión da Xunta de Galiza, senón porque os seus propietarios souberon xestionar este territorio durante séculos. A veciñanza deste territorio viviu de xeito sostible das súas frondosas, dos seus castiñeiros e da súa madeira; souberon como cortar, cando cortar, e souberon como replantar. Este coñecemento e este respecto polo monte é o que hoxe nos permite desfrutar dun enclave natural, etnográfico e ecolóxico único en Europa. No ano 1996, sen contar con ninguén, sen contar cos propietarios e sen consenso, a Xunta declarou parque natural case 10.000 hectáreas; máis do 80 por cento desta superficie nese momento era propiedade privada. E esta declaración do parque natural provocou que os terreos afectados teñan unha limitación de uso, pero non se ofreceu compensación ningunha por esta limitación. E isto, señora conselleira, chámase expropiación sen indemnización.

Hoxe, trinta anos despois, os propietarios non están en contra do parque natural, pero cren que a protección do territorio debe ter unha compensación xusta. De feito, a Lei de parques naturais de Galiza, a lei estatal, e o propio PRUX que a Xunta aprobou, di claramente que hai que pagar alugueiro ou mercar as fincas cando hai limitacións de uso. Vostedes crearon a lei e vostedes incúmprenla reiteradamente, señora conselleira. A Xunta ofrece hoxe prezos que roldan os 80 céntimos de euro por metro cadrado —voulle facer comparacións, aínda que sexan odiosas—; noutras partes do Estado, como en Euskadi, estanse a pagar entre 1.500 e 3.000 euros por hectárea. O exemplo de Doñana é paradigmático: o Estado ofrece 70.000 euros por hectárea en axudas a dez anos para que os agricultores deixen de cultivar. ¿Non considera vostede que os propietarios das Fragas do Eume merecen un trato semellante?

Pero tamén hai que respectar o dereito a permanecer e a explotar a propiedade con compensacións xustas. Hai propietarios que queren seguir no parque, que non piden vender, piden poder traballar na súa fraga; non con liberdade absoluta, pero si coa liberdade asumible. Demandan compensación polas perdas de renda, e vostedes non os teñen en conta.

E se imos ao económico, señora conselleira, os datos son claros. Segundo a información da súa propia web, levan mercadas 100 parcelas, que suman 110 hectáreas, por algo máis de 640.000 euros; isto dá unha media, señora conselleira, de 58 céntimos por metro cadrado; unha auténtica esmola.

E se botamos unha ollada aos orzamentos da súa consellería —non vou falar da redución do 10 por cento que sofre para o ano que vén, senón do dedicado á compra de terreos nas Fragas do Eume vemos que non hai nin un só euro.

Entón, eu preguntolle, señora conselleira: ¿como pode a Xunta de Galiza promover un cambio real nos usos e nos aproveitamentos do parque natural, sen aumentar a dotación económica, sen aumentar o persoal e sen aumentar os medios dedicados ás Fragas do Eume?

Moitas grazas. (Aplausos.)



A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Para darlle resposta ten a palabra a señora conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático.

A CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO (Ángeles Vázquez Mejuto): Grazas, señora presidenta.

Señor Golpe, «*¡quién los ha visto y quién los ve!*». Digo isto porque vostedes din unha cousa, din a contraria —a depender—, convidando ou non convidando xente. (*Murmurios.*) Vostedes son os que critican esta consellaría porque non ampliamos a Rede Natura; vostedes son os que critican esta consellaría porque non hai espazos máis amplos que se convertan en parques naturais. Aquí veñen mocións para que haxa máis parques naturais e, de repente, din vostedes que, de maneira aleatoria, sen pensalo, sen contar con ninguén, declaramos un parque natural e, despois, tamén sacamos adiante un plan reitor de usos e de xestións, porque si... ¡Bueno!, pois voulle dicir: Plan reitor de usos e de xestións, que vostedes reclamaban —e que me parece ben que o reclamasen—, e que teñen todos os parques naturais de Galicia. O primeiro, hai que dicir que é o parque nacional; e que tamén teñen as Fragas do Eume, desde o ano 2023.

Efectivamente, hai que promover cambios e, polo tanto, o que hai que darlle é seguridade ao territorio. E teñen que saber que usos poden facer en cada unha das súas zonas. E, ao mesmo tempo que teñen que saber que usos, dáse a posibilidade, mediante unha información pública, de que poidan presentar as súas achegas, estudar as súas alegacións e, a partir de aí, que a Administración poida tomar certas decisións.

E o proceso de información pública é garantista. É certo que non podemos chegar ao cen por cento; ¡xa nos gustaría chegar ao cen por cento! Presentáronse 456 achegas, das cales foron admitidas o 62 por cento e foron incorporadas ao texto definitivo. E os propietarios do parque —porque, moitas veces, os que presentan as alegacións nin teñen nada que ver co parque, nin coñecen o parque, nin lles doe o parque— presentaron 43 alegacións e admitíronse un total de 35 alegacións, que foron incorporadas.

No referente ao orzamento, xa me gustaría, efectivamente, ter máis orzamento. Cando se aprobou o Plan reitor, falabamos dunha contía de 200.000 euros anuais. E eu téñoilles que dicir que, desde o ano 2023, investíronse un total de 1,5 millóns de euros. E dentro diso, efectivamente, púxose en marcha un sistema para mercar territorio porque os propios propietarios —moitos deles— diciánnos que era unha auténtica carga o territorio.

—Non lle vexo a cara porque unha deputada se puxo..., pero non pasa nada—.

Entón, é un proceso totalmente garantista, no cal se mercaron 96 fincas, que son un total de 109 hectáreas...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Ten un segundo tempo despois.



A CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO (Ángeles Vázquez Mejuto): ...a un total de 29 propietarios...,

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

A CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO (Ángeles Vázquez Mejuto): ...e que se lles pagou 640.000 euros...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Rematou o seu tempo, señora conselleira.

Moitas grazas.

(A conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, Ángeles Vázquez Mejuto, pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)

Rematou. Grazas.

Réplica do señor Golpe.

JOSÉ MANUEL GOLPE ACUÑA: Grazas, presidenta.

Señora conselleira, grazas tamén por recoñecer a súa irrelevancia política, cando di que «gustaríame ter máis orzamento». A súa consellaría perdeu o dez por cento do orzamento. Eu a iso chámolle ter irrelevancia política. *(Aplausos.)*

Pero centrándonos no que nos ocupa, *(Aplausos.)* centrándome no tema da propiedade —que é bastante grave—, eu supoño que ao representante das asociacións de propietarios *(Aplausos.)* —que hoxe nos acompañan na tribuna— estanlle doendo os oídos despois de escoitala a vostede porque non dixo nin unha soa cifra do que eles queren escoitar.

E eu centrábao no tema da propiedade porque é sanguento, *(Murmurios.)* e nós o que demandamos é que se se dea unha compensación xusta.

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): ¡Silencio!

JOSÉ MANUEL GOLPE ACUÑA: E centrámonos na Lei de parques naturais de Galiza que di que, cando as limitacións de uso supoñan unha diminución da rendibilidade, a Xunta pagará compensacións económicas ou comprará os terreos a prezo xusto. Isto está posto na súa lei; vostedes escribiron a lei e vostedes incúmpren. Xa llo dixen antes.

Pero non só se centra na propiedade. O desleixo da Consellería de Medio Ambiente co Parque Natural das Fragas do Eume podémolo medir noutros temas, por exemplo, no patrimonio cultural. O mosteiro de Santa María de Monfero, que está enclavado no medio deste parque natural, está en completa ruína; un ben declarado de interese cultural, un BIC, está parcialmente destruído. Pero non só iso. Temos capelas do século XII, temos hórreos, temos corripas, que forman o patrimonio inmaterial, que tamén lle dan sentido ao inmaterial destas



fragas. A propia historia de xestión sostible que estabamos defendendo está desaparecendo. Iso si, non faltan subvencións a particulares, é dicir, o voto clientelar sempre por diante da protección do patrimonio. Se falamos da conservación da biodiversidade, señora conselleira, suspende cun cero vergoñento. Na actualidade, o eucalipto ocupa aproximadamente 1.340 hectáreas dentro do parque natural, o cal representa ao redor do 13,5 por cento da superficie total.

Señora conselleira, pídolle, antes de nada, que reciba as asociacións de propietarios das Fragas do Eume, que, por certo, vostede se comprometeu a recibilas no pasado día 10 de xullo, cando estivo na notaría asinando contratos de compravenda, e, dende aquela, leva incumprindo a súa palabra día tras día. Recíbaos, escóiteos e, por favor...,

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

JOSÉ MANUEL GOLPE ACUÑA: ...actúe en consecuencia.

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

JOSÉ MANUEL GOLPE ACUÑA: Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Réplica da señora conselleira.

A CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO (Ángeles Vázquez Mejuto): Moitas grazas, señora presidenta.

Señor Golpe, se algo nos diferencia é que os desta bancada somos sinceros e sensatos. Claro que me gustaría ter máis orzamento, pero vostedes, como non xestionan un euro, como levan moitísimo tempo sen xestionalo, *(Murmurios.)* dálles igual ir polo territorio a dicir que van pagar non sei canto para, despois, non poder facer absolutamente nada. *(Murmurios.)* Por iso son os socios de quen son, neste momento, en Madrid; esa é a auténtica realidade. *(Aplausos.)*

Vostedes o que din aquí é que a solución sempre son as expropiacións. Pero, á parte das expropiacións, a solución é mandar toda a xente dicir «esta é unha especie fantástica e esta especie non se pode plantar». ¡Lembren!, a ver quen son os que deostan continuamente os eucaliptos. *(Murmurios.)* ¿E sabe o que estamos facendo?; ¿sabe o que estamos facendo? ¡Mercando!, pero mercando a un prezo xusto, a un prezo de mercado; pagando o dobre que as entidades de custodia do territorio; esa é a realidade. O que facemos é, señor Golpe, xestionar —¡xestionar!— fondos públicos.

Polo tanto, a Xunta de Galicia, de repente, non pode dicir que vai pagar por hectárea non sei canto, se non o pode facer. Estamos nun momento en que non expropiamos. Díciñolles á xente, a aquela que queira vender, que estamos abertos a poder mercarlle. E levamos pagados 605.000 euros. Levamos investidos desde o ano 2023, 1,5 millóns de euros. Sacamos liñas de axuda para que poidan facer restauracións, efectivamente. ¿E de que fala vostede? Clientelar, ¿de que? ¿A que se refire vostede? Dea nomes e apelidos. En realidade, van por aí di-



cando o que lles cadre, intentando manipular e, onde poidan arrancar un resquicio de voto, aí estará sempre o BNG.

Mire, que non me sente eu —porque xa me gustaría tamén ter tempo para todo, pero non me dou duplicado— cunha asociación, nun momento determinado, non quere dicir que a dirección xeral correspondente non se sente. Distinto é que non poidamos chegar aos acordos que a eles lles gustaría chegar. Aínda así —xa lles digo—, hai propietarios que procederon á venda; e continuamos —imos continuar— o vindeiro ano, e xa temos en marcha outras sesenta hectáreas.

E aqueles que queren vender libremente, eu dígolle ao resto que deixe que iso se faga así. Pensamos neles, e ao igual que pensamos no resto de Galicia e na súa seguridade estanse arranxando dúas pontes colgantes porque había que facelo; é onde se fixeron investimentos. ¿Como me pode dicir unha?; unha rematouse e coa outra estase traballando agora mesmo.

E ao mesmo tempo, na súa pregunta...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

A CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO (Ángeles Vázquez Mejuto): ...dime que non hai persoal suficiente.

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

A CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO (Ángeles Vázquez Mejuto): Gustárame ter máis, pero hai...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Remate.

A CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO (Ángeles Vázquez Mejuto): ...dezaseis e son grandes profesionais. *(Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Rematou o tempo. Moitas grazas.

Continuamos coa seguinte pregunta.

Pregunta das deputadas Saleta Chao Rivas e María Cristina Fernández Davila, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as demandas da comunidade educativa do CEIP Monte dos Postes, de Santiago de Compostela, relativas á dotación deste centro de profesorado especialista e persoal coidador

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Para formular a pregunta, e por un tempo de tres minutos, ten a palabra a señora Chao.

SALETA CHAO RIVAS: Grazas, presidenta.



Boa tarde, conselleiro, e boa tarde tamén ás persoas que nos acompañan, en representación da comunidade educativa do CEIP Monte dos Postes de Santiago, e á concelleira de Educación do Concello de Santiago de Compostela.

A comunidade educativa do Monte dos Postes leva mobilizándose, desde comezos de curso, para reclamar unha maior dotación de persoal especialista en Pedagogía Terapéutica, en Audición e Linguaxe e de persoal coidador; mobilizacións que empezaron o primeiro día de curso, reunindo, na entrada do centro educativo, o profesorado, as familias e o alumnado, e que tivo a última manifestación pública hai dúas semanas, cunha concentración convocada pola ANPA; mobilizacións en resposta á negativa da Consellería a cubrir esas prazas ante as peticións da Dirección do centro e a negociación do profesorado coa Consellería de Educación, ao longo dos últimos meses.

Voulle detallar, conselleiro, a situación que ten este centro educativo, por se non ten constancia dela. O que vou relatar aquí foi trasladado ao persoal da súa consellaría en reiteradas ocasións, tanto por parte das familias como do profesorado do centro.

Neste curso 2025-2026, teñen 21 alumnos e alumnas cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33 por cento que, xunto co alumnado con necesidade específica de apoio educativo, acadan os 50 casos. Actualmente, contan cunha praza de Pedagogía Terapéutica a tempo completo, con media praza de PT compartida co CEIP das Fontiñas e cunha praza de Audición e Linguaxe; é dicir, dúas especialistas e media para 50 alumnas e alumnos. Cóntame incluso que a propia consellaría recoñeceu que estas profesionais son insuficientes para atender as necesidades do alumnado.

Imaxino que vostede dirá aquí non sei que do catálogo que fixemos nós cando gobernamos, que é un caso puntual e tamén que a atención á diversidade é cousa de todo o profesorado porque xa llo teño escoitado dicir a vostede noutros plenos, a persoal da Consellería de Educación na Comisión 4ª, e mesmo esta mañá a unha deputada do PP nesta sesión plenaria. Mais a realidade con datos é que no curso pasado, con menos alumnado con estas necesidades, o centro contaba con catro especialistas en Pedagogía Terapéutica e cunha praza de Audición e Linguaxe. E penso que nin mudou o catálogo desde o ano pasado nin mudou a opinión da Consellaría que dirixe sobre a atención ao alumnado con necesidades de apoio educativo. ¿Ou si? Non sei. Acláremo na súa resposta. En todo caso, está claro que o CEIP Monte dos Postes precisa que se reforce o persoal especialista en Pedagogía Terapéutica e en Audición e Linguaxe.

Señor conselleiro, escoite o que trasladamos hoxe neste pleno, que non é máis que a xusta demanda dunha comunidade educativa que busca que se garanta o dereito á educación do seu alumnado.

Conselleiro, ¿ten previsto a Consellería atender as demandas de dotación de máis profesorado no CEIP Monte dos Postes de Santiago de Compostela?

Grazas. (Aplausos.)



A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Para darlle resposta, ten a palabra o señor conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, don Román Rodríguez.

O CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Román Rodríguez González): Moitas grazas, señora presidenta.

Eu tamén dou a benvida aos representantes da ANPA e aos representantes do Concello de Santiago, porque —creo— todos coñecemos, e son moi coñecidos, os grandes vínculos que existen, precisamente, entre a ANPA e o Concello de Santiago; o cal non é ningunha crítica, simplemente é a plasmación de algo que é evidente, coñecido e que —creo— non ten que sentar mal a ninguén, señorías. En todo caso, creo que é moi positivo que iso exista e que sexa así —creo que é moi positivo que sexa así—.

E tamén agradezo moito á súa señoría que nos dea todos os datos que, obviamente, son coñecidos pola Inspección Educativa. Creo que vostede fixo aquí un relatorio de información coñecida pola Inspección Educativa, que —como xa dixen— agradezo que o fixese, pero, obviamente, entenderá que as decisións que se adoptan neste caso están supervisadas e están adaptadas a unha serie de criterios que son fixados pola Inspección Educativa e que, obviamente, non son arbitrarios nin teñen nada que ver, en certa medida, co que vostede plan-
texou aquí.

En todo caso, estamos, unha vez máis, ante o manual de estratexia do Bloque Nacionalista Galego neste ámbito. É sempre o mesmo. Eu xa lamento —xa lamento— ter que repetir sempre o mesmo nun pleno e máis noutro. O que é habitual é que vostedes collen un caso concreto, neste caso o do Monte dos Postes, que intenten xerar un discurso absolutamente negacionista da realidade que existe no conxunto de Galicia e que practiquen o que se denomina —o que estamos denominando— como unha especie de propaganda á inversa, é dicir, intentando converter en verdade o que é unha absoluta mentira.

Durante moitos debates, durante moito tempo, tivemos que escoitar dicir nesta Cámara... Un diálogo sobre as series de recortes, de privatización, de falta de atención, de perda de calidade etcétera, etcétera. E, ao final, a realidade é a que é: todas as estatísticas oficiais, tanto ministeriais como doutros organismos, veñen poñer encima da mesa un moi bo resultado co sistema educativo galego.

Vostedes están nunha liña estratéxica de perspectiva política e de fomentar o conflito —páreceme moi ben, aínda que non a compartimos—, pero detrás de todo o que vostedes din, non hai soporte que o defenda porque, neste caso concreto, vostede falaba dun centro que ten unha oferta de 455 prazas, das cales 386 están ocupadas. É dicir, hai 70 prazas vacantes, hai 70 prazas libres. Falaba dun centro onde se cumpren todas as *ratio*, onde se cumpren todos os cálculos de atención á diversidade, onde tamén o profesorado está por encima do catálogo —si, señoría—, dese catálogo que vostedes agora cuestionan, cando o fixeron vostedes, ¿verdade? É unha cousa moi ben curiosa. Están todos por encima. Temos profesores especialistas de PT e a eles por riba do mesmo...



A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas señor conselleiro.

Ten vostede un turno despois.

O CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Román Rodríguez González): ...e onde todos os recursos que se plantexan...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

O CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Román Rodríguez González): ...están orientados —insisto— polos Servizos de Inspección para mellorar a atención... *(O conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, Román Rodríguez González, pronuncia palabras que non se perciben.)* (Aplausos.)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Rematou o seu tempo. Moitas grazas.

Réplica da señora Chao.

SALETA CHAO RIVAS: A verdade, conselleiro, agradézolle a sinceridade. Creo que os únicos negacionistas que hai neste hemiciclo son vostedes. *(Aplausos.)*

Non son casos puntuais —non son casos puntuais—, se todas as semanas, en todos os ple-nos e en todas as comisións, traemos problemas *(Aplausos.)* de falta de profesorado en cen-tros de todo o país. Non son casos puntuais, senón as demandas do profesorado, que estará de novo de folga a semana que vén. Por certo, ¿porque non atende as súas peticións?

E outra cousa, señor conselleiro, non sei se foi moi oportuna, pola súa parte, ese sinalamento que acaba de facer vostede da ANPA. Terá que dar explicacións sobre iso porque imaxino que ás familias do alumnado non lles faría moita graza a afirmación que fixo. *(Aplausos.)*

Hoxe traemos o caso do CEIP Monte dos Postes porque a comunidade educativa leva meses loitando pola situación que se vive nese centro. *(Aplausos.)* Mais podíamos falar de moitos outros centros do meu concello que ven desatendidas as súas demandas de reforzo de per-soal.

E non son casos puntuais, é un problema estrutural, resultado dos seus recortes en pro-fesorado e dunha decisión ideolóxica sobre o seu modelo de atención á diversidade, con-selleiro. E, se non é así, ¿como xustifica vostede que se recortase o profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica respecto do curso pasado? —porque a iso non me respondeu na súa intervención, ¿eh?—; ¿como xustifica que se faga esa redución de per-soal se aumentou o alumnado que precisa ese apoio educativo? Ten a oportunidade de rectificar sobre unha decisión de recorte de profesorado no CEIP Monte dos Postes e de escoitar a comunidade educativa.

E eu dígolle que, se tan convencido está, conselleiro, da súa postura, non ma explique a min, convídoos a que, ao rematar este debate, me acompañe e llelo explique ás familias, que llelo



explique aos representantes da comunidade educativa que nos acompañan e que defenda a decisión política de recortar o profesorado especialista de apoio no CEIP Monte dos Postes.

Grazas. *(Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Réplica do señor conselleiro.

O CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Román Rodríguez González): Señoría, non hai nada de malo, nada de malo —nada de malo—, pero vostede parece pensar que si existe algo de malo en que a presidenta dunha ANPA sexa concelleira do Partido Socialista. Non hai nada de malo. ¡Como se fose o do Partido Popular!, ¡como se fose do Bloque Nacionalista Galego!, do cal hai vogais nesa ANPA.

Non hai nada de malo, pero que non se negue, non o escondamos, non o cuestionemos, non pensemos —non pensemos— *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* que é malo ser presidente dunha ANPA...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): ¡Silencio!

O CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Román Rodríguez González): ...e ser concelleiro nun concello. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): ¡Silencio, por favor!

O CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Román Rodríguez González): Non ten nada de malo. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.)*

Vostede dio aquí coma se fose algo negativo, ¡para nada!; non é nada negativo. Como se un vogal é do Partido Socialista, do PP ou do Bloque. Iso non lles dá nin lles quita.

Supoño que esa persoa estará concienciada, quererá potenciar a educación do seu fillo, pero unha cousa non ten nada que ver coa outra. E vostede pode ou eu podo, ou calquera pode, ser presidente dunha ANPA ou de calquera colectivo social, e ser concelleiro, deputado ou presidente dunha deputación. E non pasa absolutamente nada, señoría. Vostede o ve como se fose algo negativo. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Non, eu non o vexo como algo negativo! Vostede mo di, mo reprocha, como se tivésemos algo que esconder ou como se esa persoa tivese algo que esconder. *(Murmurios.)* Eu —supoño— estou seguro de que non ten nada que esconder; só faltaría que tivese algo que esconder ou estivese usando, *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* dun xeito *torticero*, ambas as responsabilidades. Estou seguro de que non; estou seguro de que actúa con total responsabilidade en ambos os casos, como o faría eu, sen dúbida ningunha.

E tamén lle vou dicir unha cousa: vostede faloume aquí dunha folga e faloume aquí dunha constante reivindicación. Señoría, ¿de que estamos falando? Vostede díxome, efectivamente,



que hai unha convocatoria da CIG-Bloque- Bloque-CIG, e todo dentro do paraugas da UPG, dicindo que vai haber unha nova folga xeral, e incluso fan... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*O conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, Román Rodríguez González, mostra un documento.*) —a verdade é que ben curioso—... facendo un pouco..., algo de mofa, de algo tan importante coma un enterro para moitas persoas, ¿verdade? Case se burlan aquí do que é un enterro e do que significa, dicindo que o ensino público galego está como un defunto e para enterrar. Afortunadamente, o ensino público galego, ao igual que o ensino de Galicia, está moi vivo —¡moi vivo!—, (*Aplausos.*) je aí están os resultados! —aí están os resultados—.

E mire, mire vostede a redución do fracaso escolar; mire vostede como evoluciona todo o que ten que ver coa FP; mire vostede como están os recursos e como está todo o que ten que ver cos indicadores do PISA; mire vostede a equidade, a igualdade de oportunidades e a inclusión; mire vostede tamén a opinión das familias. Hai un dato; (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) voulle poñer un dato: o 86 por cento das familias de Galicia, na macroenquisa de convivencia, dixo que está moi a favor do centro educativo onde está o seu fillo. Mire vostede tamén a...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Rematou o seu tempo.

O CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Román Rodríguez González): ...relación das *ratio* educativas entre profesor e alumno... (*O conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, Román Rodríguez González, pronuncia palabras que non se perciben.*) (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas, moitas grazas.

De maneira recorrente, quen ostenta a Presidencia intenta pedirilles a todos os deputados que garden silencio. Se cadra esta advertencia teña moitísima máis importancia na quenda de preguntas porque —como saben vostedes— os tempos son moito máis limitados.

Entón, se realmente interesan as preguntas e as respostas, eu prégoles, se é posible, pois, sei que é un reto difícil de acadar, pero aínda así, non por iso vou deixar de seguilo intentando.

Pregunta da deputada Raquel Arias Rodríguez e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a información facilitada polo Goberno central á Xunta de Galicia verbo do alcance dos fallos detectados en Galicia nas pulseiras antimaltrato de prevención da violencia de xénero

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Para facer a pregunta, ten a palabra a señora Arias.

RAQUEL ARIAS RODRÍGUEZ: Grazas, presidenta.



Boa tarde, conselleira e benvida.

Señora García, pasou o 25 de novembro, o Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller, pero a lembranza das vítimas e o traballo para erradicar esta lacra teñen que acompañarnos, cada día, ao longo de todo o ano.

Se queremos ter éxito, temos que facelo, ademais, dende a unidade de toda a sociedade e alonxados da disputa partidista. Por iso, conselleira, mírese por onde se mire, é moi grave o feminismo sectario do Bloque Nacionalista Galego ao cal nos ten acostumados ultimamente, amparándose, case sempre, no seu sindicato, a CIG.

A última mostra desta actitude foi, precisamente, durante a celebración do 25N, cando aproveitaron a manifestación convocada para reivindicar a loita contra a violencia de xénero para atacar traballadoras da sede do Partido Popular de Santiago e xornalistas, atentando contra o artigo 14 da Constitución e deixando en evidencia que, para eles, para o Bloque Nacionalista Galego, por enriba da defensa da muller está a supremacía das súas ideas. E unha semana despois o BNG segue sen condenar estes feitos, e a alcaldesa de Santiago, Goretti Sanmartín, mesmo os xustificou. O mesmo BNG, conselleira, que non condenou o pasquín machista contra vostede; ou que non condenou as palabras ameazantes e machistas do seu candidato ás eleccións europeas, Santos Queiruga, contra a secretaria xeral do Partido Popular, Paula Prado; o mesmo BNG, conselleira, que agora mesmo se está rindo destas palabras e desta intervención sobre feminismo e contra a violencia de xénero, (*Aplausos.*) poñendo en evidencia deste Bloque o perigoso axioma de que as mulleres merecen máis ou menos defensa, segundo como pensen.

Sectarismo e negacionismo, ¡vaia cóctel máis perigoso o do BNG, conselleira! O mesmo BNG que aprobou a lei do só si é si, (*Murmurios.*) a máis daniña da historia para as mulleres, (*Murmurios.*) que revitimiza as vítimas e que reduciu penas a 1.233 violadores ou agresores sexuais (*Murmurios.*) e deixou en liberdade a 126. Isto, ata novembro do ano 2023, porque, dende aquela, non hai datos. O mesmo BNG, conselleira, que camiña de puntas ante o escándalo dos fallos do sistema Cometa e das pulseiras antimaltrato, e polo cal, por suposto, se negou a pedir a dimisión da ministra —non vaia ser que Sánchez se moleste—; pulseiras que lles facilitan ás vítimas para protexerse do agresor e cuxos fallos puxeron a súa vida en perigo e tamén a súa defensa nos tribunais.

Conselleira, ¿Sabe vostede ou díxolle o Goberno como afectaron estes fallos?...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

RAQUEL ARIAS RODRÍGUEZ: ...¿como afectaron os fallos...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas, señora Arias.

RAQUEL ARIAS RODRÍGUEZ: ...a Galicia?

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Para darlle resposta, ten a palabra a señora conselleira de Política Social e Igualdade, dona Fabiola García.



A CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE (Fabiola García Martínez): Grazas, presidenta.

Deputados e deputadas, moi boas tardes.

Señora Arias, a resposta curta á súa pregunta é «non». Non fomos informados, en ningún momento, polo Goberno central sobre o número de mulleres galegas que se viron afectadas polos fallos deste sistema Cometa. E non foi, en ningún caso, porque non llos pedísemos. Eu mesma lle enviei unha carta á ministra de Igualdade, solicitando esta información, pero, como sempre, tiven a calada por resposta. Non sabemos absolutamente nada, non sabemos se os dispositivos desa baixa calidade fallaron; sabemos que fallaron, polo menos, dúas veces, e sabemos que as vítimas foron desprotexidas durante moitísimas horas.

Milleiros, señores deputados e deputadas, milleiros de mulleres de España, en lugar de sentirse protexidas, viron nas pantallas dos seus dispositivos a mensaxe de «comunicación non dispoñible». E non, señorías, non son casos illados, como sostén a ministra e como nos quere vender o Goberno do señor Pedro Sánchez. Estamos falando de feitos gravísimos —gravísimos—, que merecen que se depuren responsabilidades e que a ministra de Igualdade dimita, pero, desgraciadamente, ninguén asume responsabilidades no Goberno de España. O que fan é soamente botar, cada día, balóns fóra. O triste é que estamos ante un Goberno, o Goberno central, que tamén pasará á historia polos múltiples fallos das pulseiras antimaltrato e que pasará á historia por ser o Goberno que máis dano fixo a todas as mulleres de España.

Mentres en Galicia damos pasos adiante na protección das vítimas, o Executivo central desoe as advertencias e pon en perigo a todas as mulleres e a todo o sistema; advertencias, señorías, que chegan de policía, de xuíces, da Fiscalía, de vítimas, de traballadores —traballadores— do propio sistema Cometa.

Pero, mentres tanto, a ministra o único que responde é que non pode asegurar que os dispositivos non volvan fallar de novo. ¡Que vergoña, señores deputados!

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Réplica da señora Arias.

RAQUEL ARIAS RODRÍGUEZ: Efectivamente, conselleira, é unha vergoña; é unha vergoña o desleixo do Goberno de Sánchez en temas de igualdade e de protección real da muller. É absolutamente decepcionante, indignante e lamentable. Son os mesmos adxectivos que se poden aplicar ao Bloque Nacionalista Galego, que sempre —sempre— o apoia nestes e noutros temas, pero nos temas de igualdade, sempre.

Estou segura de que este mesmo sentimento o teñen moitísimas mulleres que se senten socialistas ou nacionalistas, que votaron o socialismo e o nacionalismo, e tamén todos aqueles que teñen un compromiso real coa igualdade.



Esta mesma semana soubemos que o Ministerio de Igualdade nin sequera abría un expediente sancionador ás empresas polos fallos das pulseiras. Pero é que as pulseiras son só o último capítulo dun Goberno que se dicía o máis feminista da historia e que cada paso que dá é para prexudicar as mulleres.

Falabamos da lei do só si é si —sen dúbida, a máis daniña—, pero podemos falar tamén da lei trans, dos recortes nas institucións, das baixas por maternidade ou da lei de trata, que non son capaces de facer; ou podemos falar dos cargos máis próximos a Sánchez, elixidos por el, aínda que onte dixo que non os coñecía —olvidouse—: Ábalos e Koldo, agora na cadea, con conversas que arrepían, falando de comprar compañía feminina con cartos públicos; ou Salazar, outro íntimo de Sánchez, denunciado polas súas actitudes machistas e asquerosas coas subordinadas —denuncias por acoso que o PSOE se atreveu a borrar e que na Televisión Española directamente non existen—. (*Aplausos.*) ¡E o BNG calado, calado unha vez máis!; ¡menudas tragadeiras!

Pois ben señorías, dende o Partido Popular, dende a Xunta de Galicia, non imos estar calados e tampouco parados. Conselleira...,

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

RAQUEL ARIAS RODRÍGUEZ: ...¿que está facendo a Xunta? (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Réplica da señora conselleira.

A CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE (Fabiola García Martínez): Grazas, presidenta.

Señora Arias, estamos de acordo con que é absolutamente lamentable que o Goberno central poña en risco, unha vez máis, a todas as vítimas de violencia de xénero, pero aínda o é máis que minimice continuamente os erros do sistema Cometa, que intente tapalos e que mire para o outro lado.

Mire, dende Galicia estamos moi preocupados pola pasividade do Goberno do señor Pedro Sánchez coa protección de todas as vítimas e exiximos —exiximos—, dende Galicia, que se nos informe o antes posible da existencia destes fallos, de canta é a incidencia na nosa comunidade e de cantas mulleres galegas se viron desprotexidas.

Queremos saber..., miren, ¿onde están os informes técnicos do sistema Cometa?; ¿quen asume as responsabilidades dos fallos?; ¿que medidas concretas vai tomar o Goberno do señor Pedro Sánchez para que isto non se volva repetir?

Pero miren, ademais, dende Galicia tamén lle pedimos que se mellore a atención a todas as vítimas de violencia de xénero; pedimos, unha vez máis, a reforma urxente do sistema Vio-Xen, especialmente no relativo á valoración de riscos de todas estas mulleres; pedimos unha lei estatal contra a trata, comprometida, dende hai anos, nese Pacto de Estado; pedimos o reforzo dos xulgados específicos de violencia de xénero, sen que sexa á custa dos xulgados



de instrución; pedimos, por suposto, máis presenza policial para disuadir os potenciais agresores e para ofrecerlles unha maior seguridade a todas as vítimas. En definitiva, pedimos máis medios e máis recursos, algo que considero que é imprescindible nun momento no cal, por desgraza, está en cuestión, máis que nunca, a protección que reciben as vítimas de violencia de xénero.

Señora Arias, como vostede ben sabe, necesitamos un goberno que protexa de verdade todas as mulleres e non que as desprotexa; un goberno que estea, en definitiva, á altura das circunstancias.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Continuamos coas preguntas ao Goberno.

Pregunta da deputada Lara Méndez López e dous deputados/as máis, do G. P. Socialista de Galicia, sobre a posibilidade de impulsar un convenio entre o Concello de Foz e o IGVS para construír vivenda de alugueiro social nunha parcela previamente adquirida pola Administración local desa vila

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Para formular a pregunta, ten a palabra a señora Méndez.

LARA MÉNDEZ LÓPEZ: Grazas, presidenta.

Moi boa tarde, conselleira.

¿De que falamos? Falamos de vivenda, que é un dereito constitucional que, ademais, recolle o Estatuto de autonomía no seu artigo 27 como competencia exclusiva na materia de vivenda. E, ¿por que é un problema? Porque a Xunta de Galicia, durante dezaseis anos, nula ou pouca vivenda pública fixo.

E ¿os concellos que teñen que facer? Pois saír ao rescate, como o Concello de Foz —agradézolles ao seu alcalde e aos seus concelleiros que hoxe estean aquí—; e saen ao rescate pola preocupación ante un problema social para mozos e mozas, por exemplo, que teñen que marchar do seu concello, ao mellor, aos concellos limítrofes, para poder alugar ou mercar unha vivenda. Os alcaldes estanse a poñer á fronte —como é habitual—, ante a inacción da Xunta —como están a facer o alcalde de Vigo, a alcaldesa da Coruña ou o alcalde de Lugo—; alcaldes socialistas que saen ao rescate das políticas da Xunta de Galicia.

Isto non só afecta as grandes cidades, afecta tamén a comarcas, como a comarca da Mariña, con máis de setenta mil habitantes, onde, nos últimos anos, foron cero as vivendas públicas feitas e onde agora quedan fóra da planificación dos fondos europeos —que tampouco podemos esquecer que se está a facer con fondos europeos—.



Por iso o alcalde de Foz —un alcalde dun concello de máis de dez mil habitantes, un concello tensionado, un concello cunha poboación flotante, e non só cos veraneantes, senón tamén cos profesores, cos sanitarios e co persoal do sector servizos, que están en situación de vulnerabilidade ante a falla de vivenda. A demanda cuadriplica a oferta porque hai incremento de prezos. Só en Galicia, no último ano, se incrementou un 11,4 por cento. En Foz, nos últimos tres anos, o incremento foi superior ao 50 por cento; un lugar onde hai baixa oferta ou onde, a maiores, hai que ter en conta o problema das VUT, outro problema que non se está xestionando, pois, o Partido Popular está mirando para outro lado—, o señor Fran Cajoto, se está poñendo tamén á fronte para darlles solución aos seus veciños e veciñas e está negociando a consecución dun solo para dedicalo á construción de vivenda pública e para dedicalo a alugueiro social.

Por iso a pregunta que lle facemos, señora conselleira, é sinxela: ¿está disposta a Xunta de Galicia a asinar un convenio de colaboración para este fin co Concello de Foz? (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Para darlle resposta, ten a palabra a señora conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, dona María Martínez.

A CONSELLEIRA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS (María Martínez Allegue): Grazas, presidenta.

Señora Méndez, é unha mágoa que non estivese onte na comparecencia que fixemos para dar conta do balance na materia de vivenda e das actuacións que teremos para os vindeiros meses, e na cal falamos, precisamente, da colaboración necesaria e imprescindible que necesitamos dos concellos e da colaboración excepcional que estamos a ter cos concellos, cousa que tamén tiven ocasión de trasladar ao alcalde —a quen saúdo, se está na tribuna— na reunión que mantivemos, precisamente, este mes de maio de 2025, na cal xa lle puxen encima da mesa exactamente o mesmo que comentei onte na comparecencia.

Temos moitas liñas de axudas; temos o Fondo de Cooperación, polo cal financiamos a interese cero, para devolver en oito anos, os cartos que os concellos necesiten para adquirir solo, para construír vivenda, para urbanizar solo —como, por exemplo, están facendo o Concello de Mos ou o Concello de Cerdedo-Cotobade—; temos a plataforma de solo, onde os concellos están conveniando co Instituto Galego da Vivenda e Solo para eses solos de titularidade municipal para que sexan ofertados conxuntamente pola Xunta de Galicia, o vindeiro ano 2026, de modo que todos os cooperativistas e os promotores saiban que solos teñen e onde poden construír vivenda protexida —como, por exemplo, xa formalizaron o convenio o Concello das Pontes, de Friol, de Valdoviño ou, onte mesmo, o da Peroxa—; temos tamén a posibilidade agora —que entrará en vigor o 1 de xaneiro— para que estes concellos desenvolvan eses proxectos de interese autonómico —como estamos facendo nós—, de modo que os solos urbanizables sexan desenvolvidos, sempre e cando o 80 por cento dese solo sexa para vivenda protexida; ou temos tamén as axudas para vivenda de titularidade municipal, para que eses inmobles de titularidade municipal sexan rehabilitados —esta mesma mañá o presidente anunciou que incrementabamos a axuda nun



30 por cento—. Esta axuda alcanza os 68.000 euros por cada vivenda resultante, ata un tope dun 95 por cento que subvencionamos desa axuda; temos ou a posibilidade da cesión das parcelas que teñan —como estamos facendo con outros concellos que xa están conveniando, como, por exemplo, o Concello de Lugo, precisamente, o Concello da Coruña, o Concello de Pontevedra, o Concello de Vilagarcía, o Concello de Teo, o Concello de Lalín ou o Concello da Estrada—. Na xuntanza que mantiven, precisamente, co alcalde, así llo trasladei. Entón, no momento en que o Concello de Foz teña solo dispoñible, veremos e estudaremos esa viabilidade.

Polo tanto, señora Méndez, respóndolle exactamente o mesmo que lle respondín ao alcalde; por iso non entendo esta pregunta. ¡Por suposto, colaboración ao cen por cento!

Dei a coñecer todas as liñas de axuda que temos; dei a coñecer que cando teña unha parcela de titularidade municipal, estudaremos a viabilidade para a construción de vivenda protexida.

Nada máis, señora Méndez. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Réplica da señora Méndez.

LARA MÉNDEZ LÓPEZ: Mire, señora conselleira, o feito de que vostede leve pouco máis dun ano á fronte da Consellaría non significa que non teñan un pasado; díxeno hai pouco nunha intervención.

Levan dezasete anos gobernando e a política en vivenda durante dezasete anos foi nula. (*Aplausos.*) Agora están a desenvolver políticas en vivenda porque o Goberno de España puxo o foco nesta problemática e, o máis importante, puxo fondos (*Aplausos.*) porque, se non houberese eses fondos, posiblemente non estarían nin facendo toda esta política de vivendas que están a realizar.

A pregunta foi sinxela: ¿vai vostede asinar o convenio no momento en que o alcalde teña eses terreos á disposición? Porque, ao final, se non, pódese ver o alcalde de Foz cuns terreos —cun terreo solar— para facer vivendas que a Xunta non lle vai comprometer —porque isto de estudar lévano bastante mal, porque son alumnos mal aplicados, de estudar os cinco minutos antes do exame—, e iso non soluciona a problemática que ten o concello de Foz ante a falla de vivenda e ante os prezos elevados polos factores que xa lle citei, entre outros, pola zona tensionada ao ser un concello costeiro turístico —outra política que non está facendo ou está facendo mal a Xunta de Galicia—.

Díxenlle que a política de vivenda da Xunta de Galicia na Mariña nos últimos anos foi de cero vivendas, señora conselleira. Dezasete anos levan gobernando ininterrompidamente; dezasete anos e cero vivendas, e quedan fóra da planificación dos fondos europeos, que é a realidade que ten o Concello de Foz.



Polo tanto, reitérolle a pregunta: no momento en que o alcalde de Foz teña ese terreo á disposición —porque, se non, ao mellor, ten que pensar se o adquire ou non o adquire—, ¿vai asinar o convenio de colaboración...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas, señora Méndez.

LARA MÉNDEZ LÓPEZ: ...co Concello de Foz... *(A deputada Lara Méndez López pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Rematou o seu tempo. Moitas grazas.

Réplica do Goberno.

A CONSELLEIRA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS (María Martínez Allegue): Grazas, presidenta.

Señora Méndez, só dúas cousiñas: unha, os fondos non son do Estado, son de Europa; son fondos MRR que non alcanzan nin o vinte por cento de cada promoción, polo que, das 3.000 vivendas que temos en marcha, a axuda nin sequera alcanza para 700 delas; polo tanto, o esforzo que está facendo a Xunta de Galicia é inmenso. *(Aplausos.)*

A mostra é que no vindeiro orzamento do ano 2026 non chegan nin ao dezasete por cento os fondos estatais para a materia de vivenda. Por outra banda —xa lle digo—, cando estiven reunida co alcalde —e, se está arriba, poderao corroborar— comentoume que tiña a posibilidade de adquirir solo da Sareb. E ¿eu o que lle dixen naquel momento?: «alcalde, o que tes que facer é pedir a cesión gratuíta desa parcela da Sareb» porque, se o alcalde de Foz vai comprar solo da Sareb, vai investir diñeiro que podería estar destinado para os veciños e as veciñas, non tería sentido. Faga o que estamos facendo nesta Cámara ou o que están facendo noutros concellos, que están a solicitar a cesión gratuíta, tanto das vivendas como dos solos que están na Sareb en Galicia, ao Concello ou á Xunta de Galicia, como el prefira.

Dende logo, o que non é de recibo é que a Sareb ceda gratuitamente a SEPES eses solos ou eses inmobles para que SEPES licite un contrato de xestión de servizo público por 55 millóns de euros para que inmobiliarias ou portais inmobiliarios realicen eses alugueiros con vivendas que nin van ser cualificadas como públicas nin van ter un prezo máximo de renda.

Polo tanto, señora Méndez, ¡saiba de que está a falar! Por suposto, no momento en que o Concello de Foz teña unha parcela dispoñible que sexa de titularidade municipal, dende a Xunta de Galicia analizaremos a viabilidade da construción de vivenda protexida e, se é factible, ¡por suposto! que conveniaremos co Concello de Foz ou co Concello de Viveiro, ou co Concello de Ribadeo porque sabemos que a Mariña lucense é moi importante. Lamentablemente non temos solo de titularidade da Xunta de Galicia porque, se tivéssemos solo de titularidade da Xunta de Galicia ou se tivéssemos concellos que cedesen solo para a construción desa vivenda, ¡por suposto! que construíramos vivenda protexida.

Nada máis e grazas. *(Aplausos.)*



A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Continuamos coa seguinte pregunta ao Goberno.

Pregunta da deputada Iria Carreira Pazos, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións da Xunta de Galicia ante os problemas da sanidade galega no ámbito da atención primaria

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Para formular a pregunta, ten a palabra a señora Prado.

MARÍA MONTSERRAT PRADO CORES: Grazas, presidenta.

Boa tarde, conselleiro.

Antes de máis, quero saudar os profesionais que nos acompañan na tribuna, algúns representantes da CIG —sindicato maioritario na sanidade pública do noso país—, que apoia maioritariamente o persoal sanitario do noso país e que convocou a pasada semana unha folga para pedir solucións á atención primaria, señor conselleiro; contra a intención de cambiar o modelo de atención primaria pola porta de atrás —que están vostedes poñendo en marcha— e que quedou moi palpable coa creación desa nova figura do facultativo especialista de atención primaria, o FEAP, sobre o cal no BNG xa lle dixemos que isto non ía solucionar absolutamente nada.

Afortunadamente, agora xa lle dixeron os profesionais que esa lei non solucionou ningún problema; (*Aplausos.*) o único que fixo foi deteriorar as condicións laborais e de atención sanitaria. (*Aplausos.*) E a primeira pregunta, señor conselleiro, é: ¿como vai cumprir eses acordos paupérrimos que vostede acadou con incluso organizacións sindicais que nin sequera teñen representación sindical? Porque, nos orzamentos da Xunta, vostede non contemplou absolutamente ningunha medida para cambiar absolutamente nada. Salvo que acepte as emendas do BNG, que si van na dirección de atender as demandas dos profesionais, explíquenos como vai atender eses compromisos.

Mire, convocaron a folga porque están fartas de que a única solución que lles pon encima da mesa o Partido Popular sexa menos profesionais, traballar máis, máis horas e en peores condicións: intersubstitucións, prolongacións de xornada, facer quendas nos PAC, axendas imposibles de cincuenta ou sesenta doentes; están fartas das mentiras do Partido Popular, que no ano 2019, diante dunha convocatoria de folga, tamén prometeu un novo modelo de atención primaria. Traballaron máis de douscentos profesionais en elaborar ese novo modelo de atención primaria, e vostedes téñeno metido nunha gabeta. E desta vez, evidentemente e afortunadamente, á CIG e a moitos profesionais xa non lles coaron as mentiras do Partido Popular, sobre promesas que nunca cumpren. Están fartas desas mentiras e de incumprimentos. Hai unha evidencia, señor Caamaño, e é que a política sanitaria do PP está pensada non para aportar solucións e só para vender fume.



Vostedes teñen competencias na materia de sanidade, e fíano todo a que non hai profesionais, a que queren formar máis profesionais. E voulle dar un dato: dos 11 profesionais que remataron o MIR, só na Área de Compostela, no ano 2023, só quedou 1 en atención primaria; no ano 2024, de 24, só quedaron 7; e no ano 2025, de 30, só quedaron 9. É dicir, ¡Corenta e oito médicos de familia, en tres anos, (*Aplausos.*) saíron despavoridos polas condicións laborais e non quedaron a traballar en atención primaria! ¡Só na área de Santiago! (*Aplausos.*)

Señor Caamaño...,

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

MARÍA MONTSERRAT PRADO CORES: ...¿cando vai deixar de tomar o pelo aos profesionais...

(*A deputada María Montserrat Prado Cores pronuncia palabras que non se perciben.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Rematou o seu tempo, moitas grazas.

(*A deputada María Montserrat Prado Cores pronuncia palabras que non se perciben.*)

Moitas grazas.

(*A deputada María Montserrat Prado Cores pronuncia palabras que non se perciben.*) (*Aplausos.*)

Para dar resposta, ten a palabra o señor conselleiro de Sanidade, don Antonio Gómez Caamaño.

O CONSELLEIRO DE SANIDADE (Antonio Gómez Caamaño): Grazas, presidenta.

Saúdos tamén aos profesionais sanitarios e aos representantes da CIG, que están na grada.

Imos ver, señora Prado, empezamos ben; coincidimos co diagnóstico. Hai un problema na atención primaria, pero diferimos na visión das cousas, porque sempre que se aborda este tema, vostedes esquecen tres cousas que son moi importantes: a primeira, o problema na atención primaria está directamente relacionado co déficit de profesionais de Medicina de Familia e Comunitaria; a segunda, este déficit non é exclusivo de Galicia, é un déficit que transcende ao que é España e incluso Europa; e, en terceiro lugar, a principal responsable deste déficit de profesionais de Medicina de Familia e Comunitaria é o Goberno de Pedro Sánchez, que vostedes apoian en Madrid —así de claro—. De maneira que coincidimos no diagnóstico, pero non na visión do tema. O problema da atención primaria é un problema que leva anos agravándose por culpa da inacción e da falta de vontade política do Goberno central —insisto—, que vostedes apoian.

En Galicia levamos sendo conscientes deste problema desde hai moito tempo, pero o Goberno presidido polo señor Sánchez non tomou nos últimos anos nin unha soa medida de calado con que buscase solucionar este déficit de especialistas. Vostedes negan esta evidencia porque viven nunha realidade paralela, pero as cousas son como son.



¿Que facemos nós? Actuamos ofrecendo prazas de difícil cobertura —prazas que vostedes se negan a votar neste Parlamento—, ofrecendo contratos de tres anos de duración a todo o persoal MIR —por certo, os residentes de Medicina de Familia teñen dúas vías de saída: unha, é as Urgencias e a outra é os centros de saúde; de maneira que hai moitos profesionais que quedaron aquí, polo tanto, non diga o que din—; mellorando tamén as condicións de traballo e as condicións retributivas e ofertando tamén máis prazas de MIR de Familia ca nunca. Levamos anos, por tanto, implementando recursos, controlando máis persoal e creando novas categorías —isto non é inacción—. O escenario é o que é, xa falamos disto na anterior sesión plenaria. As estimacións que realizamos arrojan un déficit de 244 médicos de familia no ano 2029.

Nós propuxemos ante a Mesa Sectorial iniciar unha negociación de medidas para mellorar a atención primaria e garantir a cobertura sanitaria. A intención da Consellería de Sanidade é negociar sempre cos representantes de persoal, co obxectivo último de chegar a acordos e evitar o paro convocado; e así o fixemos. O resultado desta actitude de diálogo, unida á vontade da maioría das forzas sindicais de chegar a acordos —salvo, por suposto, da CIG; xa non contabamos co seu apoio—, fixeron posible evitar unha folga que podería causar un enorme prexuízo para os galegos e as galegas.

Tres das catro forzas sindicais que conforman a Mesa Sectorial de Sanidade botáronse para atrás, e por iso este mesmo venres imos seguir negociando con elas na Mesa Sectorial para intentar garantir o que é a cobertura sanitaria nos centros saúde, ao tempo que melloramos o que son as condicións dos profesionais sanitarios.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Réplica da Señora Prado.

MARÍA MONTSERRAT PRADO CORES: Grazas, presidenta.

Señor Caamaño, as forzas sindicais que desconvocaron a folga son unhas auténticas *cracks*. Na Lei de acompañamento do ano 2022 estaba previsto que esta nova categoría FEAP só fose ata o ano 2027, e son tan cracks que negociaron unha prórroga ata o 2029; ou sexa que, en vez de mellorar, resulta que aceptaron que aínda se prolongue dous anos máis. Eu aí si que lle recoñezo a vostede unha gran capacidade negociadora, pois empeoran as condicións e, ademais, parece que é un éxito. Pero bueno, afortunadamente os traballadores da sanidade pública do noso país teñen a CIG, que non traga con estas milongas. (*Aplausos.*)

E mire, toda a culpa é de que non haxa médicos. Eu volvo dicirlle, a culpa é de que saian despavoridos. Eu lémbrolle que os especialistas se forman en especialidade de Familia e Comunitaria. ¿A vostede parécelle normal que alguén que se forma nunha especialidade logo non queira traballar desa especialidade? ¿Por que cre vostede que será?; ¿será polas condicións laborais inaceptables; por esas axendas de cincuenta e sesenta doentes; por ter que traballar mañá e tarde; por ter que atender o seu cupo ordinario e, logo, ter que facer quendas



nos PAC? Están fartos da precariedade, fartos de que lles ofrezan contratos, aínda no día de hoxe, por semanas e por días. ¡Deixe de mentir, señor conselleiro! ¡Deixe de mentir!.

E vostede ten competencias; ten competencias no orzamento. Os recortes en atención primaria, no día de hoxe, son de case mil seiscientos millóns de euros con respecto ao ano 2009. Galiza é das que menos inviste en atención primaria, só por detrás de Madrid; é a que menos inviste en pagarlles aos seus profesionais. ¿Quere que lle siga? E esa responsabilidade é exclusivamente do Partido Popular e, polo tanto, de vostede.

E polo tanto, hoxe, aquí, emprázoo, señor conselleiro, a que deixe de mentir, a que se remangue, a que se poña a traballar e a que lles dea solucións, tanto aos profesionais como aos galegos e ás galegas...,

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

MARÍA MONTSERRAT PRADO CORES: ... porque a sanidade pública é un ben...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Rematou o seu tempo.

(A deputada María Montserrat Prado Cores pronuncia palabras que non se perciben.)

Continuamos.

(A deputada María Montserrat Prado Cores pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)

Moitas grazas.

Réplica do Goberno, señor conselleiro.

O CONSELLEIRO DE SANIDADE (Antonio Gómez Caamaño): Grazas, presidenta.

Señora Prado, levan tantos anos apoiando o Goberno central, mentireiro, de Pedro Sánchez, que xa se contaxiaron —nunca mellor dito nesta época de epidemias e infeccións [...]— da querenza cara á mentira.

Vostede falaba de que os profesionais da Medicina de Familia e Comunitaria de Galicia son dos peores pagados. ¿De verdade está dicindo iso? ¿Cre vostede realmente iso? Iso é falso; iso é realmente mentira; ¡mentira!

Mire, cada semana que pasamos discutindo do mesmo sen que o Goberno central tome medidas, pois é unha semana perdida. Debera ser vostede consciente disto. Pero tamén debería ser consciente de que a folga contra o Estatuto marco do Goberno central —que vostedes apoian— que se aveciña representa un grave problema na atención sanitaria da próxima semana.



Mire, os acordos acadados para a suspensión da folga cos sindicatos CSIF, Comisións Obreiras, UXT e SIMEGA supoñen unha oportunidade que nos permitirá reforzar o que é a atención primaria e mellorar as condicións dos nosos profesionais. Por certo, SATSE —a representante tamén das enfermeiras, dos fisioterapeutas e das matronas— tamén foi convocada á folga, que estaba prevista para mañá. Iso é vontade de diálogo, iso é ganas de querer falar das cousas para solucionarlas. E neste venres imos falar da concreción dunha serie de medidas na Mesa Sectorial, que pasarán por incentivar a voluntariedade para a realización das gardas da atención primaria e para a cobertura tamén dos sábados; e tamén de medidas para fortalecer o que é a figura do médico de familia. Xa sei que non lle gusta o pactado; será porque vostedes quedaron fóra do acordo, pero isto é o que hai.

Mire, eu quero agradecer publicamente eses sindicatos que vostede despreza —o CSIF, Comisións, UXT e SIMEGA— o seu espírito de colaboración e a súa vontade de chegar a acordos. Nós faremos todo o que as nosas competencias nos permitan, tamén exixíndolle ao Ministerio de Sanidade que deixe de lado a súa inacción. Sen ir máis lonxe, a vindeira semana o Sistema Nacional de Saúde afronta catro xornadas de folga de médicos; un paro, señoría, que ten como orixe a falta de vontade política da ministra de Sanidade. Este paro é extremadamente preocupante porque ameaza a asistencia durante unha semana enteira do mes de decembro. Ese paro convocado para catro días seguidos suporá a paralización de 1.344 cirurxías, 40.000 consultas e 2.400 probas diagnósticas; máis de 43.000 procesos asistenciais cancelados, que afectará outros tantos galegos, nun mes, ademais, condicionado polas vacacións de Nadal e cando estamos a vivir un incremento da gripe e das afeccións respiratorias. ¿Non é vostede consciente diso?

Señoría, a Xunta foi quen de lograr a desconvocatoria da folga en atención primaria por parte de catro forzas representantes dos traballadores; por iso exiximos á ministra de Sanidade que negocie para evitar un paro de catro días contra o Estatuto marco, que só en Galicia suporía a cancelación de máis de corenta e tres mil procesos asistenciais, que afectan outros tantos galegos e galegas.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Continuamos coas preguntas ao Goberno.

Pregunta de Miguel Ángel Viso Diéguez e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre o plan que o Goberno galego prevé implantar nesta nova lexislatura para o fomento da remuda xeracional no medio rural

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Para formular a pregunta, ten a palabra a señora Grueira.

NICOLE GRUEIRA FERNÁNDEZ: Grazas, presidenta.



Señora conselleira, nada florece sen relevo, é algo evidente. Se queremos que algo continúe no futuro, necesitamos que haxa quen o sosteña, e para iso está traballando así de ben a súa consellería. Por iso, traio hoxe aquí esta cuestión: o relevo xeracional no medio rural; un dos desafíos máis importantes que ten Galicia porque é clave para garantir o mantemento e o desenvolvemento do noso sector agrícola e gandeiro, fundamentais na nosa comunidade.

Neste desafío, a mocidade xoga un papel fundamental porque somos nós o motor que asegura que as explotacións continúen activas. A incorporación das novas xeracións non só garante a continuidade, senón que tamén impulsa a innovación, a modernización e as novas prácticas adaptadas ás novas necesidades, ás actuais.

Vemos que hai mocidade con ganas de quedar, de incorporarse, hai vontade, hai capacidade e ten talento. E tamén vemos o que está a facer a Xunta de Galicia, que está a traballar para manter abertas as portas, para acompañar a maioría da mocidade, impulsando políticas serias e axudas deseñadas para garantir o relevo xeracional, con medidas que facilitan a formación, a incorporación, o acceso a recursos e a servizos necesarios para que poida desenvolver a súa actividade gandeira sen ningún obstáculo.

Mentres a Xunta de Galicia traballa, tamén vemos o que está a facer o Partido Socialista e os seus socios, os do Bloque Nacionalista Galego, que non fan nada polo rural. Ao contrario, pretendían suprimir paradas de autobuses na maioría dos concellos galegos; pretendían pechar cuarteis da garda civil, porque, claro, eles teñen outras prioridades. Non lles preocupa tanto quen toma o relevo no rural, pero si que están moi entretidos noutro tipo de relevos, eses que dormen por Soto del Real. *(Aplausos.)*

Vostedes sigan defendendo un Goberno corrupto, como é o Goberno de Pedro Sánchez, que nosoutros, dende o Partido Popular, seguiremos defendendo as persoas que traballan, o noso rural, as familias que manteñen as explotacións e a xente nova que se queira incorporar; nosoutros seguiremos facendo política útil, esa política que lle permita a un mozo ir onda a súa avoa e dicirlle: «Si, sigo eu coa explotación».

Por iso, señora conselleira, traémoslle hoxe esta pregunta, pola importancia que nosoutros lle damos á xuventude e ao noso rural. Queremos preguntarlle: ¿que está a facer a súa consellería para garantir a remuda xeracional no sector agrogandeiro galego?

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Para darlle resposta, ten a palabra a señora conselleira do Medio Rural, dona María José Gómez.

A CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (María José Gómez Rodríguez): Grazas, presidenta.

Señorías, en conxunto, todas as medidas que se toman desde a Consellería do Medio Rural están dirixidas directa ou indirectamente a fomentar ese relevo xeracional. Esa é a prioridade



estratéxica que guía as nosas actuacións. Sabemos que sen novas xeracións non hai futuro para o sector primario. Por iso traballamos con decisión e rigor, establecendo piares sólidos que garantan que a xuventude teña oportunidades reais de desenvolverse profesionalmente no rural galego.

Como calquera proxecto que aspire a ser duradeiro, o primeiro é construír uns cimentos firmes. Para nós, eses cimentos chámanse «formación». É imprescindible contar con profesionais ben preparados, ao tanto das demandas da sociedade actual, formados en novas tecnoloxías e en sustentabilidade e con criterios empresariais que garantan explotacións rendibles, modernas e competitivas. A formación regrada a través dos CFEA é hoxe un auténtico motor: este ano temos 566 alumnos cursando estudos agrarios; cubríronse o 75 por cento das prazas de novo ingreso; e en 7 ciclos mesmo se completou o 100 por cento da oferta. O dato máis relevante é o índice de inserción laboral, próximo ao 100 por cento. Isto quere dicir que quen se forma, traballa, e que o rural ofrece futuro se se acompaña de capacitación.

En paralelo, impulsamos a formación para profesionais a través da Axencia Galega da Calidade Alimentaria. En 2025 programáronse 169 accións formativas, máis de 3.500 horas e 4.000 prazas cun investimento que supera os 540.000 euros. Puxemos en marcha a rede de espazos de especialización e innovación agraria, que apoia a transformación, a comercialización e a mellora do valor engadido das producións daqueles que xa están.

Unha vez que temos uns bos cimentos, hai que seguir construíndo a base, empezando por esas axudas ao relevo xeracional. A convocatoria de 2025, exclusiva para os mozos, está dotada con 36 millóns de euros, con achegas que poden chegar ata os 320.000 euros por beneficiario. E os resultados están aí: desde o 2009 levamos incorporados ao agro máis de cinco mil mozos e mozas. Isto non son promesas; son feitos, son proxectos en marcha e explotacións vivas no noso territorio.

Completamos isto cun programa clave, que é o da titorización, implantado en 2024, do que se beneficiaron 544 mozos acompañados de 48 titores, que lles ofrecen ese asesoramento real e personalizado nos proxectos que van implantar.

Grazas. *(Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Para a réplica, a señora Grueira.

NICOLE GRUEIRA FERNÁNDEZ: Grazas, presidenta.

Grazas, conselleira, pola claridade e polo detalle das explicacións.

O relevo xeracional non se garante só con discursos, senón que se garante, como vostede acaba de demostrar, con feitos. En Galicia hoxe hai feitos. Por iso, desde o 2009 —como vostede acaba de dicir— vemos como se incorporaron máis de cinco mil mozos e mozas á



actividade agrogandeira en Galicia. Este dato non cae do ceo; é froito de políticas públicas responsables, continuadas e pensadas a longo prazo. As políticas do Goberno Rueda. As políticas do Goberno do Partido Popular.

Como dixen ao comezo, nada florece sen relevo. En Galicia, o Goberno está sementando ese relevo con instrumentos reais —como vostede acaba de dicir—, con eses 36 millóns de euros para as axudas de remuda xeracional ou esas axudas ás incorporacións, plans de melloras, axudas á formación —vostede tamén acaba de dicir que máis de cincocentas persoas se beneficiaron neste 2024 deses programas de titorización—. Ou tamén con outros instrumentos claves, como o Banco de Explotacións ou o Banco de Terras, sobre o que lle preguntaremos para a seguinte pregunta. Ofrece facilidades tanto para quen sucede unha explotación familiar como para quen decide comezar de cero.

En definitiva, en Galicia hai un proxecto claro e hai un Goberno comprometido co futuro do rural galego. Sobre todo, hai algo imprescindible: orzamentos. Sen orzamentos é moi difícil gobernar, e que llelo digan aos señores do Partido Socialista, que nin executan nin priorizan o rural cando lles toca decidir. ¡E así lles vai! Nós imos seguir o noso rumbo; a nosa aposta polo rural e pola xuventude é firme, porque nós temos claro que sen xente nova non hai rural e sen rural non hai Galicia.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Para a réplica, a señora conselleira.

A CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (María José Gómez Rodríguez): Grazas de novo, presidenta.

Señorías, como lles dicía na miña primeira intervención, para apuntalar este proxecto de futuro contamos con medidas complementarias que reforzan ese relevo xeracional, como pode ser o Banco de Explotacións. Un banco que está operativo desde febreiro de 2025 e permite conectar aquelas persoas interesadas en transmitir as súas explotacións porque pechan a outros que queiran iniciar a actividade. Xa hai explotacións visibles no visor público nas provincias de Lugo, A Coruña, Pontevedra e mesmo en Ourense. Existen solicitudes xa de intermediación con reunións e mesmo principios de acordo. Ademais, este mes publicaremos a orde pola que se establecerán as bases reguladoras para as axudas da sucesión nesas explotacións agrarias, co fin de convocalas en 2026, por un importe de 2,1 millóns de euros.

Traballamos tamén na mellora da transformación e da comercialización, apoiando a calidade diferenciada, as denominacións de orixe, a artesanía alimentaria e o valor engadido, como fixemos onte nesa posta en valor coa cata dos queixos e meles de Galicia. Impulsamos a formación agroforestal, favorecendo a adquisición de competencias prácticas no uso das TIC e das boas prácticas. E reforzamos a I+D+i con proxectos dirixidos a solucionar retos concretos do noso sector. O plan de mellora das infraestruturas rurais continúa en 2026, para apoiar os servizos públicos, as oficinas rurais e a atención á cidadanía máis próxima e eficaz.



Actuaremos tamén —como vimos facendo ata o de agora— na mobilización das terras. Apostamos polo asociacionismo, imprescindible para reducir custos de produción e incrementar ingresos, pero tamén pola modernización dos nosos regadíos, pola conservación da paisaxe vitivinícola e polo incremento da rendibilidade das producións, incluíndo a recuperación das razas autóctonas con esas axudas á recría.

E quero destacar outro aspecto esencial: as políticas dirixidas ás mulleres rurais. Estamos a piques de contar co Estatuto da muller rural, que publicamos a semana pasada no Portal de Transparencia para que se nos fagan as achegas que se consideren oportunas, porque sabemos que sen elas non hai desenvolvemento nin futuro no campo galego. *(Aplausos.)*

Todas estas accións complementáanse co apoio da PAC, coa mellora dos servizos básicos e coa fixación da poboación, porque o relevo xeracional non se constrúe só con formación e axudas, senón cun ecosistema completo.

E remato, señorías. En 2026 continuaremos nesta mesma liña. Cando algo funciona non hai que facer experimentos nin cambialo, senón mellorar o que sexa necesario para seguir traballando duro, escoitando os sectores implicados...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

A CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (María José Gómez Rodríguez): ...como facemos desde a Consellería do Medio Rural.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Continuamos coa que é a última pregunta que figura na orde do día.

Pregunta do deputado Miguel Fidalgo Iglesias e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia respecto da previsión de fondos europeos pesqueiros na proposta do Marco financeiro plurianual 2028–2034

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Para formular a pregunta, ten a palabra o señor Fidalgo.

MIGUEL FIDALGO IGLESIAS: Grazas, señora presidenta.

Señora conselleira do Mar, como todo o mundo sabe, o sector pesqueiro constitúe un pilar esencial para Galicia, tanto desde o punto de vista económico e social como ambiental.

Nos últimos anos, o sector afrontou importantes retos: a necesidade de relevo xeracional, a adaptación a novos estándares ambientais, a transformación tecnolóxica da frota, o encarecemento dos custos operativos, o impacto do Brexit e a competencia internacional, entre outros. Todos estes desafíos requiren do apoio decidido dos instrumentos europeos de fi-



nanciamento, como o Fondo Europeo Marítimo de Pesca e de Acuicultura, o FEMPA, cunha dotación orzamentaria suficiente. Nos últimos meses, coñecemos a proposta da Comisión Europea para o Marco financeiro plurianual 2028-2034, que supón un recorte do 67 por cento dos fondos pesqueiros, pasando de máis de 6.100 millóns de euros a apenas 2.000 millóns de euros que se prevén destinar no novo marco. Hoxe mesmo o *Diario Oficial da Unión Europea* publica unha resolución do Comité Europeo das Rexións sobre este marco financeiro, no que alerta que a proposta é claramente prexudicial porque recentraliza competencias, reduce o papel das rexións e pon en risco a política de cohesión que garante investimentos e igualdade entre territorios.

Para Galicia, a comunidade máis dependente da pesca de toda Europa, este recorte non é un axuste técnico; é un golpe directo á nosa economía, ao noso emprego e ao noso modelo de vida no litoral. A pesca non é un adorno; non son luces de Nadal. Este sector é un motor económico estratéxico para Galicia: 9.000 millóns de euros de facturación, 2.400 millóns en exportacións e 50.000 empregos directos e indirectos e —o que é máis importante— é a alma económica e social de moitas comarcas costeiras que dependen totalmente do mar para vivir.

Por iso sorprende máis, señora conselleira, o silencio cómplice dalgúns, como o Bloque Negacionista Galego, máis preocupado polos peixes que polos pescadores, e o Partido Socialista, máis pendente de non incomodar a Madrid que de defender a nosa xente. Así se explica que no pacto de investidura de Pedro Sánchez non puxesen nin unha palabra sobre pesca nin marisqueo —nin unha soa—. Mentres Galicia traballa e o Consello Galego de Pesca aproba por unanimidade un ditame serio e rigoroso que vostede entregou en Bruxelas, outros agochan a cabeza.

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas, señor Fidalgo.

MIGUEL FIDALGO IGLESIAS: Por iso lle pregunto que valoración fai disto... (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten despois un segundo turno.

Moitas grazas.

Para darlle resposta, ten a palabra a señora conselleira do Mar, dona Marta Villaverde.

A CONSELLEIRA DO MAR (Marta Villaverde Acuña): Boa tarde, señorías.

Señor Fidalgo, a proposta do novo Marco financeiro plurianual é un ataque frontal contra o sector marítimo-pesqueiro galego, nacional e de toda Europa. É unha proposta que é imposible de aceptar. Non o digo só eu; dio o sector galego, o sector nacional, o sector europeo e tamén todas as forzas políticas aquí representadas. Recoilo o sentir do sector expresado —como ben dixo vostede— no Ditame do Consello Galego de Pesca, que foi elaborado e aprobado pola totalidade dos seus membros a comezos do mes de outubro, que foi remitido a todos os grupos parlamentarios desta Cámara e que eu mesma lle entreguei en man ao comisario de Pesca e de Océanos, o señor Costas Kadis, hai dúas semanas en Bruxelas, nunha reunión que tivemos.



Señorías, a proposta da Comisión é imposible de aceptar basicamente por tres motivos que se recollen nese ditame. O primeiro é un motivo de carácter orzamentario. O fondo da pesca sufriría ese recorte do 67 por cento, que se traduciría en que o montante —a contía— que se destinará á pesca en Europa será de 2.000 millóns de euros. Galicia será a rexión máis prexudicada, por ser unha rexión altamente dependente da pesca —xa o dixo vostede, é a rexión pesqueira máis importante de Europa—. O segundo motivo é de carácter político. A Comisión Europea renuncia con esta proposta a contar cunha política específica para a pesca. Un sector ao que se lle está a exixir o cumprimento de importantes obxectivos socioeconómicos e ambientais non vai dispoñer dun orzamento estable e suficiente para poder acadalos. Ademais, se ese fondo de pesca se dilúe nun macrofondo, a pesca perderá independencia e visibilidade. Isto conlevará a desaparición dunha política pública que demostrou ser eficaz desde o ano 1993 en termos de competitividade e de sustentabilidade. Por último, o terceiro dos motivos polo que é imposible de aceptar esta proposta da Comisión é un tema de gobernanza, xa que serán os gobernos centrais os que decidan a prioridade do gasto e os criterios de repartición. Este sistema de xestión limitará a participación das rexións no proceso de decisión, quedando o seu papel relegado a meros executores dos fondos que outros decidan darnos. Deste xeito, o que debería ser unha gran política europea vaise transformar en vinte e sete pequenas políticas nacionais e isto vai comprometer a equidade e a igualdade entre Estados co demandado *level playing field*. (Aplausos.)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas, señora conselleira. Ten un segundo turno despois.

Para a réplica, o señor Fidalgo.

MIGUEL FIDALGO IGLESIAS: Grazas, presidenta.

Concordamos con vostede, señora conselleira. Nun momento no que o sector pesqueiro está seriamente ameazado polo posible recorte do fondo europeo, o mínimo que se podería esperar do Goberno de España é compromiso, rapidez e implicación real, pero, lamentablemente, o que estamos vendo é todo o contrario. Normal; están a outras cousas... O ministro Planas, que debería ser o primeiro interesado en liderar esta defensa, leva meses demostrando que a pesca non figura entre as súas prioridades: nin respostas rápidas, nin coordinación efectiva, nin sequera unha mínima atención aos avisos que Galicia vén facendo desde hai tempo. Galicia solicitou en xullo unha conferencia sectorial para traballar unidos fronte a este risco, pero o Ministerio deixou pasar as semanas sen dar sinais de vida.

Pero a pesca galega non pode esperar. Galicia fixo os deberes e reuniu o Consello Galego de Pesca a primeiros de agosto, creou un grupo de traballo co sector e en outubro aprobou por unanimidade un ditame que rexeitaba a proposta da Comisión Europea sobre o futuro marco financeiro. E, ¿que fixo o Goberno de España? Nada, porque non hai ninguén ao temón: unha reunión en setembro en Madrid para falar de agricultura e moi pouco de pesca. Nada máis, que nós saibamos. Todo apunta, señora conselleira, a que ao ministro Planas pouco lle importa a pesca. Xa sabemos que no Partido Socialista son máis de cava catalán ou de txistorras. Nós somos máis de peixe e, por iso, lle pregunto: ¿cal é neste momento a resposta real que



está recibindo a Xunta por parte do Ministerio para traballar xuntos na defensa dun fondo específico para a pesca a partir de 2028?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Para a réplica do Goberno, a señora conselleira.

A CONSELLEIRA DO MAR (Marta Villaverde Acuña): Grazas, presidenta.

Señor Fidalgo, evidentemente somos conscientes e consideramos que non hai tempo que perder. No mes de xullo as comunidades autónomas con intereses pesqueiros solicitámoslle ao ministro Planas a convocatoria desa Conferencia Sectorial de Pesca para artellar unha resposta e unhas accións comúns. Lamento dicir que non tivemos resposta. Simplemente, dous meses despois, en setembro, conformáronse con convocar ese Consello Consultivo de Política Agrícola e Pesqueira para Asuntos Comunitarios. Nese encontro, o ministro Planas asumiu e anunciou como propia a posición que levabamos tanto tempo defendendo dende Galicia. Congratulámonos por iso, porque demostra que Galicia está facendo o que hai que facer para defender o sector. Debo dicir tamén que o señor Planas dános unha de cal e dúas de área, porque tamén nos anunciou a creación dun grupo de traballo cos gobernos autonómicos pero, lamentablemente, chegado o mes de decembro —no que estamos—, nada sabemos.

Señorías, nós non queremos facer unha crítica; o que queremos é que se apreme o Goberno central para que traballe. Todos estamos no mesmo barco. O obxectivo das administracións galega e estatal ten que ser o mesmo: impedir que se elimine un fondo específico para a pesca. Pero, para conseguilo e para que a nosa voz sexa máis forte en Europa, temos que sentar na mesa a traballar, e temos que facelo xuntos e contando co sector. Precisamos, polo tanto, que o Goberno central siga o exemplo de Galicia e siga o labor realizado polo Consello Galego de Pesca. Galicia ten a man tendida desde o minuto un, pero precisamos que se nos reúna a todas as autonomías canto antes para dar pasos conxuntos e defender o que hoxe máis nos preocupa a todos: que o mar teña un futuro digno.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)


A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Como anunciaba antes de dar paso, esta era a última pregunta. Por conseguinte, rematamos a sesión.

Boa tarde noite a todos e todas.

Remata a sesión ás seis e cincuenta minutos da tarde.





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓN DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

